

**8º Concurso TFG.eduso  
de trabajos de fin de grado de  
Educación Social**

Título: 8º Concurso TFG.eduso de traballos de fin de grao arredor da Educación Social

Edita: Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.



Imprime: Parsan Gráfica, S.L.

Exemplar para distribución gratuíta. Prohibida a súa venda.

ISBN 978-84-09-42746-8

DL: C 1947-2022

Os traballos recollidos nesta publicación foron premiados no 8º Concurso TFG.eduso, convocado polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, que premiou os traballos de fin de grao de Educación Social do curso 2020-2021.

7

OS TEMPOS DE OCIO EN MOZAS  
E MOZOS EN SITUACIÓN DE  
VULNERABILIDADE.

Autora: María Aguión Lamas  
(titoría de Belén Caballo Villar,  
Universidade de Santiago de Compostela)  
Premiada na categoría Educación Social Estendida.

127

SER MULLER EN PRISIÓN: UNHA  
MIRADA DENDE AS PROFESIONAIS

Autora: Uxía Hadaly Romero Bouzas  
(titoría de Laura Cruz López,  
Universidade da Coruña)  
Premiada na categoría Educación Social Escondida.

Integrantes do xurado do 8º Concurso TFG.eduso:

Xosé Manuel Cid Fernández (Universidade de Vigo)

Jesús García Álvarez (Universidade de Santiago de Compostela)

Tania Fátima Gómez Sánchez (Universidade da Coruña)

Raúl González Fernández (Universidade Nacional de Educación a Distancia)

Pilar Ramallal Fernández (Colexio de Educadoras e Educadores

Sociais de Galicia)



## LIMIAR

O paso polos estudos universitarios para a Educación Social é unha aprendizaxe de inicio profesional, inicio que debe vir marcado pola ilusión, polo expectante fervor cara a aplicación práctica dos coñecementos.

O CEESG, a través de accións como o concurso de Traballos de Fin de Grao TFG.eduso, quere ser ponte que vincule esta aprendizaxe iniciática e fundamental coa responsabilidade que require a aplicación práctica deses saberes. Dende esta Xunta de Goberno queremos acompañar este proceso de empoderamento da profesión dende a absoluta conciencia do beneficio que supón plasmar e visibilizar a nosa querida profesión.

Publicar estes traballos é unha das fórmulas de facelo real, presente, científico e de promover a consolidación e contribución ao coñecemento nesta ilusionante profesión que temos a sorte de exercer. Profesión que precisa de formación continua, de cambios, de igual xeito que cambiamos as persoas individualmente e como sociedade. Profesión que precisa de referentes que queiran deixar pegada coas súas aprendizaxes e saberes, de documentación científica que mostre a realidade dunha profesión que promove cambios e favorece a dignidade e o mantemento dos dereitos sociais das persoas, en especial das máis vulnerables.

Estar cerca das persoas, estar cerca do estudantado, é estar cerca da Educación Social. Traballando á beira e a reo alimentaremos

a ilusión por seguir desenvolvendo a carreira profesional que dá comezo cos estudos universitarios de Educación Social.

A Educación Social está presente e ten un futuro moi alentador grazas ao estudantado, profesorado e persoas que nos deixan acompañar os seus procesos de cambio.

A actual Xunta de Goberno quere agradecer ás persoas que adicaron os seus tempos á lectura dos traballos presentados como parte do xurado; tamén ás persoas que adicaron os seus tempos a escribir e presentar os traballos; agradecer ao profesorado que ilusiona cos seus saberes ás profesionais que emerxen das nosas universidades galegas.

E tamén felicitar a Uxía Hadaly Romero e a María Aguión pola calidade dos seus traballos, gañadores en cadansúa categoría do 8º concurso TFG.eduso, recollidos nesta obra publicada en dous volumes. Nos seus traballos analízase o feito de ser muller en prisión desde o punto de vista de diferentes profesionais, e examínanse os tempos de ocio das mozas e mozos en situación de vulnerabilidade.

Sonia González Rodríguez  
Presidenta do Ceesg.  
Educadora Social colexiada núm. 3402.

Os tempos de ocio de mozas e mozos  
en situación de vulnerabilidade.  
Un estudo de caso na vivenda tutelada  
de Santiago de Compostela

María Aguión Lamas

Traballo gañador do 8º Concurso TFG.eduso na modalidade  
EDUCACIÓN SOCIAL ESTENDIDA.  
Universidade de Santiago de Compostela.

Traballo de Fin de Grao de Educación Social.

Curso académico 2020/2021.

Titora do traballo: Belén Caballo Villar.



*A Belén,  
porque logo de ser guía neste anaco de camiño  
non existiría maior orgullo que formar parte dese  
estante de lembranzas.*

*Ás educadoras e educadores  
cos que teño a sorte de compartir profesión  
e que dotan de sentido a escolla da Educación Social.*

*E, por suposto,  
ás mozas e mozos da vivenda de Santiago  
porque este traballo é de, por e para eles e elas.*



## RESUMO

Os tempos de ocio son fundamentais para a mellora da calidade de vida das persoas, independentemente da súa situación, realidade e/ou contexto. Por iso, a Educación Social debe incorporar o lecer como un eixo central nas intervencións desenvoltas, considerándoo no proceso de acompañamento e potenciando os beneficios que reporta. O presente TFG achega unha análise dos tempos de lecer dos mozos e mozas en situación de exclusión a través dun estudo de caso na vivenda tutelada de Santiago de Compostela. Deséñase como un proceso de investigación-acción e desde un enfoque cualitativo, utilizando as seguintes técnicas de recollida de datos: entrevistas a profesionais que conforman o Equipo Educativo, grupo de discusión cos/as adolescentes, historias de vida centradas no ocio das rapazas e rapaces e un diario de campo da investigadora. A triangulación desta información permitiu analizar a interpretación que estes/as adolescentes fan do lecer e como o inclúen na súa vida; tamén reflexionar colectivamente sobre a estruturación e organización do ocio no marco da vivenda tutelada para definir liñas de mellora. Asemade, este TFG contribuíu a reforzar o vínculo e a confianza para cos tempos de lecer entre as rapazas e rapaces e o Equipo Educativo.

**Palabras chave:** Educación Social, ocio, mocidade en situación de exclusión, vivenda tutelada, investigación-acción.



# CONTIDO

INTRODUCCIÓN .....	15
I. MARCO TEÓRICO.....	19
1.1. Os tempos de ocio.....	19
1.1.1. De que se fala cando se fala de ocio .....	20
1.1.2. Potencialidades educativas do ocio: a Pedagoxía do Lecer .....	24
1.1.3. O ocio e a Educación Social: unha estratexia para a intervención .....	27
1.2. Mozos e mozas en situación de vulnerabilidade.....	30
1.2.1. A xuventude en exclusión: principais características e necesidades.....	30
1.2.2. A resposta social ante a problemática de mozas/os en desprotección .....	34
1.2.3. O lecer como recurso educativo clave no traballo con mozas/os en exclusión .....	37
2. MARCO EMPÍRICO-CONTEXTUAL .....	41
2.1. Metodoloxía da investigación .....	41
2.1.1. Obxectivos .....	42
2.1.2. Enfoque metodolóxico .....	42
2.1.3. Técnicas de recollida de información.....	45
2.2. Descrición e funcionamento da vivenda tutelada....	48

2.3.	A realidade do ocio na vivenda tutelada de Santiago de Compostela .....	52
2.3.1.	Concepción dos tempos libres e tempos de ocio.....	52
2.3.2.	Preferencias e actitudes dos/as adolescentes nos tempos de libre disposición e de lecer .....	54
2.3.3.	Os beneficios do ocio a nivel individual e no marco da vivenda tutelada.....	57
2.3.4.	A Programación de Ocio da vivenda tutelada.....	59
2.3.5.	O ocio como factor de inclusión ou exclusión das/os mozas/os .....	64
3.	CONCLUSIÓNS E REFLEXIÓNS FINAIS .....	67
4.	REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS .....	71

## INTRODUCCIÓN

O Traballo Fin de Grao, que se presenta co título *Os tempos de ocio de mozas e mozos en situación de vulnerabilidade. Un estudo de caso na vivenda tutelada de Santiago de Compostela*, inclúese na modalidade de iniciación á investigación de campo co fin de estudar a concepción e estruturación dos tempos de lecer dos/as adolescentes que residen neste recurso. Asemade, dita investigación está estreitamente ligada con varias materias cursadas ao longo do grao de Educación Social como son *Contextos e Ámbitos na Educación Social*, desde a que se presentaron e analizaron os diferentes ámbitos de intervención dos educadores e educadoras sociais; *Animación e Xestión Sociocultural*, onde se abordaron metodoloxías de intervención social orientada á promoción e capacitación para a participación da cidadanía; *Acción Socioeducativa coa Infancia e Xuventude*, na que se realizou unha aproximación histórica a este colectivo e se traballaron estratexias de intervención en diversos ámbitos relacionados con este grupo; *Educación do Ocio e Desenvolvemento Comunitario*, que ofreceu unha panorámica histórica e educativa do ocio, abordando as diferentes metodoloxías de acción-intervención socioeducativa en contextos de lecer; e, finalmente, as materias de *Metodoloxía da Investigación en Ciencias Sociais, Métodos e Técnicas na Investigación Socioeducativa e Educación e Análise e Diagnóstico das realidades socioeducativas* que achegaron coñecementos sobre

os diferentes enfoques e técnicas para investigar no ámbito das ciencias sociais.

Cómpre sinalar que o motivo principal que suscita a escolla desta modalidade de TFG é que se está a exercer como Controladora Técnica Auxiliar de Intervención (TAI) de fins de semana na vivenda tutelada (en adiante VT) de Santiago de Compostela. Isto posibilitou que a análise da realidade obxecto de estudo se fixera partindo dun problema real existente no marco desta vivenda, implicando unha reflexión sistémica da acción desenvolta no ámbito do ocio, tanto por parte do equipo profesional como das mozas e mozos na busca consensuada de melloras e solucións. Implicar a todas as persoas da VT de Compostela na análise dos tempos de lecer facilitou o desenvolvemento do TFG desde un enfoque de investigación-acción, tendo un impacto beneficioso nas relacións e convivencia entre os mozos e mozas e os/as profesionais.

Por outra banda, a escolla temática é froito das inxequanzas que suscita o lecer como estratexia de intervención socioeducativa no marco da Educación Social, e concretamente, co colectivo de menores en situación de exclusión. Os beneficios que os tempos de ocio reportan aos adolescentes en situación de vulnerabilidade é un tema que, a pesares do incremento do seu interese, conta aínda con escasa bibliografía, polo que este TFG aspira contribuír neste eido ofrecendo achegas arredor de como é comprendido e vivido o lecer por este grupo concreto de mozos e mozas; tamén o seu emprego como estratexia de intervención socioeducativa no marco da VT.

Por tanto, o obxectivo que se pretende conseguir é analizar os tempos de ocio das mozas e mozos en situación de vulnerabilidade que se atopan na vivenda tutelada de Santiago de Compostela no marco do Programa Mentor, da entidade social IGAXES. Este obxectivo xeral concréta-se en tres específicos:

- Recoñecer as necesidades referidas ao ocio que amosan as mozas e mozos tutelados e os/as profesionais que traballan con eles e elas.
- Identificar a liña de traballo referida ao ocio e tempo libre das mozas e mozos tutelados que se presenta desde o Equipo Educativo (EE).
- Concretar propostas de mellora para os tempos de lecer desta vivenda.

O presente traballo estrutúrase en tres bloques: o marco teórico, o marco empírico e as conclusións e reflexións finais. No marco teórico, por unha banda, desenvólvese unha aproximación contextual aos tempos de ocio, as súas potencialidades educativas e como recurso para a intervención socioeducativa. Por outra, defínese o colectivo de mozas e mozos en situación de exclusión, a resposta social para con este grupo e como o ocio se considera unha estratexia educativa clave. No referente ao marco empírico xustifícase a elección da metodoloxía de investigación cualitativa para o desenvolvemento do estudo, así como a explicación das técnicas utilizadas para a recollida de información (entrevista aos profesionais, grupo de discusións coas mozas e mozos, diario de campo e historia de vida dos/as adolescentes), a definición da mostra escollida e a triangulación e análise dos datos obtidos. Finalmente, expóñense os apartados de conclusións e reflexións finais, as referencias bibliográficas e os anexos.

Cómpre sinalar que a realización deste TFG permitiu dar resposta a algunhas das competencias xerais do Grao en Educación Social, destacando entre elas:

- Ter capacidade para analizar as realidades socio-políticas, económicas, educativas, culturais e lingüísticas nas que se desempeña o labor profesional dos educadores sociais, tanto en termos diagnósticos como prospectivos.

- Aplicar os coñecementos teóricos e metodolóxicos necesarios para a planificación e avaliación das intervencións educativas.
- Promover e desenvolver accións educativas e/ou socioeducativas en diferentes contextos institucionais e comunitarios.

# I. MARCO TEÓRICO

## I.1. Os tempos de ocio

A pesar de que se trata dunha temática recorrente de análise e estudo, é preciso concretar un marco de referencia que permita comprender a importancia dos tempos de ocio na vida das persoas. Do mesmo xeito, enténdese necesario unha aproximación á Pedagogía do Lecer, disciplina de configuración recente que centra a súa teoría e práctica na dimensión educativa dos tempos libres. A aproximación a esta a través de documentos como a *Carta Internacional para a Educación do Ocio* promovida pola *World Leisure and Recreation Association* (WRLA, 2004) ou os editados polo Instituto de Ocio da Universidade de Deusto dotan de sentido á necesidade dunha aprendizaxe ao longo da vida na área do lecer, referíndose á educación do ocio como un proceso que enriquece as prácticas e hábitos neste campo.

Asentar a importancia dos tempos de ocio e a súa educación permite definir este ámbito como un espazo clave para a intervención socioeducativa dos/as profesionais da Educación Social. Neste senso, achégase unha reflexión sobre os beneficios que o lecer reporta no traballo dos/as educadores/as sociais á hora de

desenvolver a acción profesional con diferentes colectivos e/ou ámbitos.

### **1.1.1. De que se fala cando se fala de ocio**

A día de hoxe é posíbel afirmar que o tempo é un dos bens máis valiosos cos que conta o ser humano en tanto que non se pode concibir a vida humana sen tempo (Caride, 2012). A ordenación e estruturación dos marcos temporais da vida dos suxeitos queda relegado aos ritmos que marque o sistema produtivo, establecendo normas organizativas, definindo relacións, dependencias e xerarquías. O tempo, ademais da súa interpretación como fenómeno natural e cronolóxico, é posíbel enténdelo a partir da representación social que alberga o concepto desde un sentido cultural e histórico (Caride, 2012), sendo indispensable a súa análise no contexto no que se enmarca. Neste sentido, debido á política de mercado e o sistema capitalista actual, pode ser identificado como un produto máis para ser consumido.

Na totalidade de segundos que alberga un día, as persoas intentan dar resposta ás demandas e responsabilidades a nivel persoal, formativo, laboral, familiar, comunitario e social que se presentan no contexto diario. Entre todos estes cometidos e obrigas que deben ser atendidas, xorden os tempos libres, derivado dos movementos sociais e sindicais do século XIX que reivindican o dereito a un tempo de non traballo e asentán as bases para consideralo como un dereito fundamental de todo individuo (Cuenca e Aguilar, 2009). É nas sociedades modernas cando estes tempos libres se sitúan como elementos vertebradores na vida diaria da cidadanía, posibilitando a adopción dunha perspectiva crítica acerca da estruturación e subordinación dos tempos propios ao traballo e a necesidade de mudar cara dinámicas que favorezan

a aparición de novas oportunidades que orienten e melloren o desenvolvemento humano (Cuenca, 2014).

Así pois, falar de tempo de ocio é referirse á realización de actividades que satisfán ás persoas e producen nelas sentimentos de plenitude e felicidade, crecendo e aprendendo cousas novas. Defínirase como unha experiencia individual que vai delimitar todo o proceso, non reducíndose só á actividade a realizar, senón ao significado que a mesma contén. Isto radica na importancia que alberga a Educación para o Ocio posto que, seguindo a Cuenca (2004), poder desfrutar do ocio non só vai depender da existencia e dispoñibilidade de recursos e tempo, senón tamén da actitude e percepción a nivel individual que se teña do mesmo. Actualmente, a perspectiva do ocio como experiencia persoal que posibilita o aumento da calidade de vida e benestar das persoas está a verse condicionado polo uso utilitario que se fai dos tempos, ligados aos ritmos e prácticas laborais como se explicou anteriormente. Esta realidade deriva en que os tempos reservados á práctica de ocio estean cada vez máis orientados á rendibilidade e sometidos ás presas, buscando a maior acumulación de experiencias e dando prioridade á individualidade e emocións fortes, vivencias ocasionais e superfluas que simplemente supoñan unha desconexión acelerada (Cuenca e Aguilar, 2009) e non un encontro e coñecemento da propia persoa e do contexto a partir dos tempos e prácticas de ocio.

Entón, que se pode entender por ocio? O ocio é unha realidade cualitativa, complicada de medir posto que ten que ver coa experiencia e liberdade de escolla de cada persoa, incluíndo valores propios referidos á comprensión dos tempos, onde a importancia reside no significado que ten a actividade para o individuo e non na actividade en si. Con todo, é indispensable facer unha análise máis minuciosa acerca do termo de ocio. O ocio contribúe ao desenvolvemento individual e á calidade de vida tanto do suxeito como da comunidade, fomentando un benestar xeral ao

ofrecer oportunidades que permiten a elección de actividades ou experiencias que se axustan aos intereses de cada unha. Asemade, tamén se articula como un dereito humano básico, recollido en diferentes declaracións e marcos legais que o sitúan nos dereitos de 3º Xeración, conseguíndose a medida que se van satisfacendo os dereitos de 1º e 2º Xeración. Como dereito, o acceso ao ocio debe contar con ferramentas e recursos que aseguren e garantan que ninguén sexa privado do mesmo por cuestións de etnia, xénero, idade, orientación sexual, crenzas, nivel de saúde, diversidade ou condición económica, avogando por unha igualdade de oportunidades no que á súa práctica respecta.

Así pois, o lecer pode ser entendido como todas aquelas experiencias humanas complexas (direccionais e multidimensionais) que se realizan no marco do tempo libre, tras cumprir coas obrigas profesionais, sociais e familiares, de xeito voluntario e satisfactorio e que posúen un fin en si mesmas (Cuenca, 2006).

O Instituto de Estudos de Ocio, da Universidade de Deusto, é unha institución académica que desenvolve o seu labor de investigación, formación e transferencia en temáticas de ocio, reivindicando un lecer que promova o desenvolvemento humano. Propoñen unha análise das diferentes manifestacións do ocio, estruturadas en catro áreas e/ou coordenadas: o ocio nocivo, o ausente, o exotélico e o autotélico, todas elas definidas en función das características e sentimentos que aparecen nos individuos cando están a experimentar os seus tempos de ocio (Cuenca, 2006). A *ausente*, relacionada coa carencia de ocio e onde o tempo sen obrigas é considerado como algo negativo; a *nociva* refírese a aquelas experiencias de lecer que, no inicio, son gratificantes mais acaban por se converter en prexudiciais; a *exotélica*, ve no ocio un medio para conseguir outra meta e non como un fin en si mesmo; e a *autotélica* desde a cal o lecer se identifica con experiencias libres e propias de cada suxeito e que teñen sentido en si mesmas, proporcionando autorrealización e

maiores niveis de calidade de vida. Cómpre facer fincapé nesta última coordenada do ocio e as dimensións nas que se manifesta, ligándose aos diferentes xeitos de vivir e entender o lecer (Cuenca, 2000). Así pois, o ocio autotélico conta con cinco dimensións (Cuenca, 2000): a *lúdica*, relacionada coas experiencias de ocio orientadas á diversión e xogo; a *creativa*, aludindo a un desfrute máis reflexivo, ligado con todo tipo de artes (musicais, artesanais, pictóricas...) e gardando relación co capital cultural dos suxeitos; a dimensión *festiva*, situando a festa como manifestación extraordinaria do ocio e identificándoa cun lecer colectivo e da comunidade; a *ambiental-ecolóxica*, ligado a experiencias que se desenvolven no entorno físico e urbano da comunidade e non só no medio natural; e, por último, a dimensión *solidaria*, desde a cal o ocio se entende como unha experiencia social e altruísta, radicando na satisfacción que supón o feito de axudar de forma desinteresada aos demais. Estes xeitos diversos de vivenciar os tempos de lecer entrelázanse axudando a comprender e planificar o ocio tanto no marco da individualidade como dentro dunha comunidade (Cuenca, 2000).

En definitiva, na sociedade contemporánea o ocio é unha peza determinante á hora de definir os estilos de vida das persoas. Non se trata só de tempos libres que se dotan de sentido e significado, senón que o ocio configurouse como unha realidade económica, social e cultural, a través de múltiples manifestacións como o deporte, turismo, cultura, parques temáticos, televisión... (Trigo, 2001). Neste sentido atópase un amplo abano de interpretacións: pode entenderse como unha necesidade para mellorar a calidade de vida dos e das cidadás até como un produto co que se comercializa no mercado neoliberal, converténdose nun elemento que inflúe nos procesos de pobreza e exclusión social. Desde a Educación Social, reivindicase na súa complexidade como un recurso socioeducativo que permite o desenvolvemento persoal e a integración comunitaria.

### **1.1.2. Potencialidades educativas do ocio: a Pedagogía do Lecer**

Desde a perspectiva do ocio como unha área do desenvolvemento das persoas, debe considerarse a familia como primeiro contexto no cal o individuo socializa, onde inicia e desenvolve as dúas terceiras partes das actividades de ocio (Caride, 2014). A administración dos tempos libres e, por conseguinte, prácticas de lecer estarán intimamente relacionadas co que se observe no seo do fogar, imitando e reproducindo moitos dos hábitos e costumes das persoas de referencia e constituíndose como unha comunidade de ocios, aínda que como sinalou Caride (2014) non todas as condutas familiares van corresponderse a prácticas de ocio e tampouco todo o ocio vai desenvolverse dentro do núcleo familiar. Tampouco todas as familias terán ao seu dispor a mesma cantidade e/ou calidade de tempo libre e a súa organización e utilización defínirase como un reflexo de desigualdade social. A esta realidade lígase o momento presente, caracterizado por unha profunda transformación dos tempos libres e de lecer a través da dixitalización dos mesmos, elemento clave e o eixo vertebrador no entretemento, modos de relación e estilos de vida das novas xeracións. A diferenza e factor de exclusión que este feito supón non radica na presenza e/ou acceso a estas tecnoloxías, senón o tempo de uso destes bens, sendo as familias con menos recursos socio-económicos as que abusan do seu consumo debido ao reducido abano de oportunidades para o desfrute (Gómez-Granell e Juliá, 2015).

En canto á perspectiva do ocio como produto de consumo, prima o enfoque utilitarista do desfrute e entretemento (Csikszentmihalyi, 2001), que dificulta a busca daquelas experiencias e oportunidades a partir das que é posíbel acadar o desenvolvemento e benestar individual. Aparece un descenso e limitación da participación cidadá en propostas de carácter máis cultural e

comunitario, substituíndoas por actividades ligadas ao acto de consumir, centradas no capital e dirixidas a persoas cunha situación socio-económica determinada, aumentando as desigualdades sociais e promovendo a exclusión (Hernández e Álvarez, 2017). Este fito, xunto coa dixitalización dos tempos de lecer, dá lugar a que a esfera do ocio se vincule ao ámbito máis privado e individual, diminuíndo a oferta pública respecto ás instalacións, servizos e/ou equipamentos de carácter lúdico e cultural. A restrición ao acceso á cultura que supón a mercantilización do ocio entra en contradición co carácter inclusivo do mesmo e co seu recoñecemento como dereito.

Tras o exposto, obsérvase que o disfrute e aproveitamento do ocio non é igualitario para toda a cidadanía, definíndose como un factor máis de discriminación e exclusión social en base á realidade de cada persoa e/ou colectivo. Neste sentido, seguindo a Caride (2014), as prácticas de ocio dotaranse de sentido cando sexan coherentes coa xustiza social e os dereitos dunha cidadanía libre, activa, responsable e crítica, afastada do ocio relacionado co consumo de determinadas sustancias ou exposición a prácticas culturais, deportivas, artísticas, lúdicas, etc., que fan fincapé e dan continuidade ás desigualdades.

Referente ao eido educativo, as institucións escolares albergan grandes niveis de responsabilidade en canto á formación do ocio no alumnado. A WLRA (2004) avoga pola necesidade de que a educación do lecer estea incluída de maneira integral dentro do plan de estudos, traballando os valores, actitudes, coñecementos e habilidades do ocio e equiparándoas ás dimensións físicas, cognitivas e afectivas que se cultivan ao longo da traxectoria escolar. Cómpre sinalar que a formación nos tempos de lecer non pode situarse só nestas etapas evolutivas, senón que debe tratarse dunha formación continuada ao longo da vida que posibilite a adquisición de valores, actitudes, coñecementos e habilidades de ocio en función do “aquí e agora” persoal de cada suxeito, conseguindo

a vivencia de experiencias de ocio de calidade e ampliando os contextos de referencia para estas prácticas, debuxando un maior abano de alternativas e intereses (Caballo, 2010).

Ante a realidade que se evidencia no exposto, a Pedagogía do Ocio aparece como unha ferramenta esencial para asentar unhas bases sólidas en materia de lecer que permitan experimentar e probar diversas posibilidades até definir as máis axeitadas para o suxeito e o seu benestar e desenvolvemento. O obxectivo desta disciplina concrétese, seguindo a Cuenca (2009), en contribuír á mellora dos valores e habilidades relacionados co ocio. Deste xeito, a Pedagogía do Ocio entende que a formación debe estar encamiñada en tres direccións complementarias: a educación persoal do ocio, a educación comunitaria do ocio e a educación de profesionais do ocio (Cuenca, 2009). A primeira baséase nunha educación centrada no individuo que busca convertelo nunha persoa libre, autónoma e solidaria, transformando as prácticas de lecer pasivo a experiencias positivas e significativas. A educación comunitaria do ocio sitúa o foco na capacidade para conseguir que a cidadanía mude actitudes e hábitos que permitan instaurar e asumir a concepción do dereito ao lecer e, por conseguinte, o alcance dun maior benestar e calidade de vida da comunidade. Finalmente, a Pedagogía do Ocio enfocada aos profesionais orientase á adquisición de coñecementos e capacitación sobre os medios e as finalidades do ocio, para un mellor desempeño do seu labor.

Así pois, a intención da Pedagogía do Ocio reside, por un lado, na superación de concepcións anteriores, reduccionistas e anticuadas do concepto de lecer que o ligan aos tempos libres, carentes de sentido, en ocasións unidos á ociosidade e a actividades concretas. Na sociedade tecnolóxica e de consumo a comprensión do ocio como área independente, diferenciada e necesaria para o benestar está aceptada pero, o seu enfoque utilitarista e comercial dirixido ás masas, dá lugar a novos intereses e, por conseguinte, novas

interpretacións dos tempos de lecer. Por outra banda, a través da Pedagogía do Ocio preténdese conseguir que os individuos acaden un ocio experiencial. Para isto é preciso que a vivencia de lecer sitúe o foco na persoa, posibilitando actividades encamiñadas ao mundo das emocións e sentimentos, coas que os suxeitos se auto-afirmen e identifiquen (Cuenca, 2009).

Conclúese afirmando que a Educación do Ocio é esencial para asegurar que todas as persoas contan con igualdade de oportunidades e poidan acceder a este dereito, valorando as circunstancias e necesidades de cada realidade, atendendo aos diferentes contextos sociais, culturais e económicos co fin de aplicar aquelas estratexias máis pertinentes que posibiliten a consecución de maiores resultados en canto ao desenvolvemento de actitudes, valores, coñecementos, habilidades e recursos de ocio (WLRA, 2004).

### **1.1.3. O ocio e a Educación Social: unha estratexia para a intervención**

A Asociación Estatal de Educación Social (ASEDES) e o Colexio Xeral de Educadores e Educadoras Sociais (CGCEES) (2007) definen a Educación Social como “dereito da cidadanía que se concreta no recoñecemento dunha profesión de carácter pedagóxico, xeradora de contextos educativos e accións mediadoras e formativas, que son ámbito de competencia profesional do/a educador/a social”. Desde a mesma trabállase coas persoas para o desenvolvemento de capacidades e habilidades sociais, promovendo as dimensións sociais e culturais que amplíen as perspectivas educativas, laborais, de ocio e participación social (ASEDES e CGCEES, 2007). Para levar a cabo este labor defínese a figura do/a educador/a social, axente responsábel de facilitar e acompañar no proceso de cambio social, dinamizando grupos sociais a través de estratexias educativas que permiten e axudan ás persoas na

compresión do seu contexto social, político, económico e cultural logrando a inclusión (Agencia Nacional de Evaluación de Calidad y Acreditación, 2005). O Colexio Profesional de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (2008) achegan un total de dezanove ámbitos de intervención socio-educativa nos que pode desenvolver o seu perfil profesional o/a educador/a social. Estes poden ser o ámbito de mocidade, desenvolvemento comunitario ou educación ambiental, entre outros. Con todo, non existe un ámbito específico desde o que se traballe a educación para ocio e as vantaxes que reporta no desenvolvemento da persoa e da comunidade. O lecer sitúase como unha área transversal para a Educación Social que se aborda como ámbito, pensamento, acción e intervención da persoa profesional.

Na intervención socioeducativa está presente a direccionalidade positiva do ocio co obxectivo de que os suxeitos accedan a graos superiores de humanización, aproveitando o potencial motivador que albergan os tempos de lecer para a xeración de espazos de participación, cohesión e identificación social, que facilitan o desenvolvemento individual e comunitario. Caride (2005) resaltou seis grandes ámbitos de actuación da Educación Social referido ao ocio:

- *A educación permanente ou formación de persoas adultas*, onde o ocio aparece como novo ámbito de aprendizaxe, desde a adquisición de novas prácticas de lecer até as ensinanzas que emerxen a partir dos tempos de ocio.
- *Ocio e formación laboral e ocupacional*, ofrecendo unha visión das oportunidades de inserción laboral que permite o ocio.
- *Ocio e educación en e para o tempo libre*, introducindo a Pedagogía do Ocio para a creación de procesos de aprendizaxe e actitudes, habilidades, coñecementos, condutas e

valores relacionadas co lecer, accedendo a experiencias de lecer de calidade.

- *Ocio, animación socio-cultural e desenvolvemento comunitario*. Tríade onde o ocio se entende como disciplina do coñecemento e a animación socio-cultural como estratexia metodolóxica acadando maiores niveis de desenvolvemento comunitario.
- *Ocio e educación especializada en problemas de inadaptación e marxinação social*, sendo as intervencións educativas ligadas ao lecer as facilitadoras de escenarios que posibiliten igualdade de acceso e oportunidades.
- *Ocio e educación cívico-social* en tanto que a través de novas propostas de ocio dáse resposta ás necesidades que xorden entre a cidadanía, fomentando dinámicas de lecer que alberguen valores de liberdade, igualdade, solidariedade, respecto e diálogo para a supresión de barreiras, sostibilidade e inclusión.

O ocio convértese nun aliado para a Educación Social e para o persoal profesional que leva a cabo as acción socioeducativas en tanto que facilita a creación de espazos e vínculos cos suxeitos e/ou colectivos cos que se vai traballar. Do mesmo xeito, a transversalidade do lecer supón a súa presenza ao longo de todo proceso de actuación, sendo unha ferramenta que achega melloiras en diversas áreas do desenvolvemento persoal e comunitario, recoñecendo un rol activo e protagonista ás persoas e á súa contorna no disfrute, decisión e creación do seu ocio e (auto)realización. Estes mecanismos chegan a ser esenciais á hora de tecer redes comunitarias fortes e sólidas, desenvolvendo o sentimento de pertenza e cohesión a un territorio e/ou realidade. Así mesmo, a capacidade inclusiva que albergan as dimensións solidarias do lecer deben entenderse como as bases que asentem o camiño para construír contextos e accións máis xustas e igualitarias para todas

aquelas persoas e/ou colectivos en situación de vulnerabilidade, recoñecendo no ocio a imaxe máis humana, bondadosa e sincera da sociedade.

## **1.2. Mozos e mozas en situación de vulnerabilidade**

Como se veu anteriormente, a xuventude é un dos grupos cos que se traballa desde a Educación Social en diferentes ámbitos de actuación. Concretamente, a xente nova en situación de exclusión é un colectivo para o que os e as educadoras sociais son profesionais de referencia. A pesar de que a teorización sobre as mozas e mozos en situación de exclusión está consolidada, os tempos de ocio e os beneficios que reporta para estes/as aínda é un campo con escasa traxectoria en termos de investigación. Non obstante, achégase unha breve contextualización da xuventude en situación de vulnerabilidade, as ferramentas e recursos cos que contan e como o ocio se consagra como un elemento fundamental á hora de mellorar o seu desenvolvemento e a inclusión na comunidade.

### **1.2.1. A xuventude en exclusión: principais características e necesidades**

A xuventude é unha construción social que se conforma a partir do século XIX a través da aparición dos diversos movementos xuvenís que xorden nesa época, todos ligados entre si polo sentimento de rebeldía e insurrección co fin de conseguir mudar e transformar as realidades nas que habitaban (Elzo, 2014). Isto permite comprender a xuventude como un período vital no que o suxeito vai encamiñando o seu proxecto individual e laboral, transitando cara a vida adulta.

Previamente, a adolescencia configúrase como a etapa que dá inicio ao período da xuventude, aquela na que se traballa polo descubrimento, construción e asentamento dunha identidade, producíndose gran cantidade de cambios no organismo, tanto a nivel físico como psicolóxico, sendo o grupo de iguais un eixo fundamental no desenvolvemento de actitudes, prácticas, condutas e/ou pensamentos (Kleiber, Lazcano, Madariaga, e Muriel, 2017).

Así pois, adolescencia e xuventude poden ser entendidas como os períodos que transitan e preparan cara a vida independente e que, segundo Tarín e Navarro (2006) reúnen unha serie de características comúns:

- *Calidade de vida*, marcada por elevados niveis de benestar e protección.
- *Madurez evolutiva, fráxil e vulnerábel* en tanto que se caracteriza por unha diminución do esforzo, menor tolerancia á situacións de frustración e aburrimiento e niveis de autoestima dubidosos.
- *Moda, ocio e consumo*, tendo lugar unha universalización, accesibilidade e normalización do consumo e a moda, diminuíndo valores existentes e aumentando a tolerancia tanto nas familias como nas institucións.
- *Afectividade sexual* en tanto que se produce unha desmitificación dos tabús en torno ao ámbito das relacións afectivo-sexuais en base a unha progresiva naturalización desta realidade.
- *Relacións familiares* que oscilan entre a autoridade e amizade, existindo unha tolerancia mutua e compartindo o valor común da “sociedade de consumo de bens materiais”.

Con todo, a xuventude entendida por Conde (2005), máis que unha idade é unha condición social que vai definirse e

caracterizarse de formas diferentes en cada realidade histórica en base a cuestións relativas sobre como acceder á etapa da adultez. Isto leva a afirmar que o termo xuventude debe entenderse desde a pluralidade, non existindo unhas características homoxéneas xa que se configura en función de cada sociedade (Melendro, 2007).

O escenario laboral, que se define como o pilar fundamental para a vida a adulta, actualmente está condicionado pola precariedade, temporalidade e/ou parcialidade dos contratos, dando lugar a novos desafíos aos que as mozas e mozos lle deben facer fronte para a construción do seu proxecto futuro (Ballester et al., 2016). A realidade da Europa do terceiro milenio, sumida nun neoliberalismo feroz e políticas de austeridade que emerxeron con forza tras a crise económica e social do 2007, sitúa aos mozos e mozas en condicións de maior vulnerabilidade, vendo limitadas as súas oportunidades e sendo complexo configurar un proxecto de vida semellante ao de xeracións pasadas (Ballester et al., 2016) debido ás situacións de inestabilidade laboral que só permiten estados dunha independencia condicionada (Artegui, 2014). No contexto español, Lasheras e Pérez Erasmus (2014) identifican tres grupos de mozos e mozas especialmente afectados pola situación estrutural da crise exposta: mozos e mozas sen ocupación fóra do sistema educativo, fogares de mozos e mozas que se acaban de emancipar e mozos e mozas que viven en fogares en situación de exclusión.

A realidade deste colectivo vai estar influenciada por factores que poden ser entendidos de risco e/ou protección como son as características do contexto social, as políticas públicas, a familia, o grupo de iguais ou o entorno formativo-laboral (Ballester et al., 2016). Así mesmo, as circunstancias e situacións expostas, entre outras, van delimitar o colectivo de rapaces e rapazas en vulnerabilidade.

Tras o exposto é posíbel definir aos mozos e mozas en situación de vulnerabilidade e/ou exclusión como aqueles/as que non

contan coa posibilidade de acadar un desenvolvemento integral debido á ausencia de recursos persoais e sociais requiridos pois non tiveron acceso a un contexto óptimo e saudábel no ámbito familiar e social que facilitase espazos de aprendizaxe e permítase a creación vínculos afectivos positivos, oportunidades educativas e de ocio (Toledano, 2005). Dentro deste grupo de mozas e mozos en situación de vulnerabilidade, Melendro (2007) identifica os seguintes perfís:

- Aqueles/as con recursos limitados para o desenvolvemento dunha vida adulta independente e cunha traxectoria laboral caracterizada polo emprego precario e o desemprego.
- Os/as que posúen “problemáticas sociais herdadas” con escasos recursos persoais, afectivos e relacionais.
- Os/as que proceden do sistema de protección á infancia.
- Os/as que proveñen do mundo da marxinação e da rúa.
- Os/as que foron menores estranxeiros/as non acompañados/as.

A pesar da dificultade que estas mozas e mozos amosan de cara ao deseño do seu proxecto de vida futuro, dispoñendo de menos ou escasos recursos persoais e sociais para dar resposta a este proceso, a sociedade esíxelle un ritmo madurativo máis rápido que o resto de adolescentes, asumindo de forma apresurada conflitos e estilos de vida propios da etapa adulta (Melendro, 2011). Asemade, os estereotipos e estigmas sobre este grupo supoñen unha barreira máis á que lle deben facer fronte e coa que deben cargar sen ser eles/as os/as responsábeis da súa situación e realidade.

### 1.2.2. A resposta social ante a problemática de mozas/os en desprotección

Referido ao marco legislativo é importante partir dunha contextualización ampla que inclúa os principais documentos que amparan e protexen os dereitos da infancia e adolescencia. Así, a *Declaración Universal dos Dereitos do Neno* foi o primeiro documento oficial que recolleu os dereitos deste colectivo, avogando polo seu cumprimento para un desenvolvemento integral da infancia e adolescencia. Aprobouse de forma unánime por todos os membros da Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1959, incluíndo dez principios fundamentais como o dereito á igualdade, protección especial, á educación e coidado, a medrar nun ambiente de afecto e seguridade moral e material, entre outros. Con todo, esta Declaración Universal non tiña carácter obrigatorio polo que se fixo necesario a elaboración dun novo documento que garantise os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes (en adiante NNA). Aparece así a *Convención sobre os Dereitos do Neno* en novembro de 1989, de obrigatorio cumprimento para todos aqueles Estados que a acepten e a ratifiquen. A Convención busca promover e protexer os dereitos da infancia e adolescencia, recoñecéndoo como suxeitos con dereito pleno ao desenvolvemento físico, mental e social e expresando de forma libre as súas opinións (UNICEF).

No contexto estatal, a primeira institución que vela e garante o dereito a unha protección integral dos menores é a Constitución Española, no artigo 39.2. e 39.4, avogando por unha protección integral dos NNA en sintonía cos documentos internacionais. Tal e como sinalaron Melendro e Rodríguez (2013), a Constitución dá resposta a todas aquelas situacións de desprotección que afectan á infancia e adolescencia, intervindo desde a prevención até a promoción e seguimento dunha integración familiar e/ou social e preparación para a vida adulta.

Tamén no marco lexislativo estatal, encóntrase a *Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menores, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuízamento Civil*. Coa mesma preténdese asegurar o benestar e calidade de vida axeitada para a infancia e adolescencia, a súa reintegración ou inserción familiar e social de xeito seguro e estable, a consecución da súa autonomía, a protección dos seus dereitos, a participación no contexto familiar, social, económico e cultural a unha atención e asistencia especial en base ás características e necesidades específicas. Outra lei que se debe mencionar é a *Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia*, que defende o interese superior do menor e os deberes destes.

Esta lexislación é a que asenta as bases do sistema de protección á infancia, garantindo e promovendo o seu benestar e calidade de vida, primando o seu interese como principio reitor. Con todo, o número de NNA que se atopan en contextos de vulnerabilidade ou exclusión é elevado. Tal e como indicou Toledano (2005) son crianzas e adolescentes que non viron cubertas as necesidades fisiolóxicas e afectivas de forma correcta, non sendo acompañados no seu proceso evolutivo e crecendo con medos e inseguridades ante a ausencia de espazos e ambientes enriquecedores en termos de educación e lecer.-

A visión que a sociedade ten dos NNA en situación de vulnerabilidade foi explicado por Gaitán (2010) dun xeito acertado e crítico en tanto que os menores en situación de dificultade supoñen unha ameaza á orde social e, á súa vez, destrúe a imaxe ideal da infancia e adolescencia creada polo imaxinario social e adulto, cuestionando o coñecemento destes e incluso enfrontándose a eles. Aparece así o/a menor “difícil”, asociado a diferentes circunstancias e/ou situacións que dan lugar a que sexan foco de exclusión por parte do resto da sociedade, instaurando prexuízos cara este grupo e reforzando unha visión negativa dos rapaces e

rapazas. Isto leva a que se sitúe nos menores a responsabilidade da súa realidade, acusándoos de ser a causa principal dos seus problemas e dos que afectan á contorna familiar á que pertencen (Melendro, 2007).

O artigo 17 da *Lei 1/1996 do 15 de xaneiro de Protección Xurídica do Menor e modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuízamento Civil*, reconece que son os poderes públicos os encargados de dar protección ás realidades familiares dos NNA, promovendo ferramentas e recursos para protexer e mellorar as súas realidades a partir de intervencións locais con programas de tratamento e seguimento familiar. No artigo 18 desta mesma lei apúntase tamén que a entidade competente deberá intervir asumindo a tutela do/a menor cando este se atope en situación de desamparo, adoptando as medidas de protección pertinentes. Estas situacións de desamparo, segundo recolle Añaños (1998) adoitan producirse en contextos de familias con menores recursos socio-económicos e/ou desestruturadas, a partir de situacións de abandono (total, negligencia parcial, etc.), malos tratos, abuso sexual, entre outras circunstancias. Para a infancia e adolescencia que se atopan nestas circunstancias de vulnerabilidade existen programas e recursos de atención social, de acompañamento, de protección ou de axuda á emancipación. Cómpre sinalar que na década dos setenta producíronse unha serie de transformacións que fixeron mudar o enfoque no referido ás actuacións e/ou institucións para a protección deste colectivo, asentándose as bases ideolóxicas que enfocaron a intervención desde unha acción máis inclusiva, centrada na defensa dos dereitos da infancia e na resposta ás súas dificultades e necesidades (Melendro, 2007).

Co fin de responder ás realidades expostas a lexislación achega diferentes medidas: o acollemento familiar, a adopción e o acollemento residencial (con múltiples tipoloxías, desde centros de acollida inmediata até fogares funcionais, para a emancipación, especializados...). Faise fincapé neste último tipo de recurso en

tanto que o estudo de caso a realizar neste TFG está focalizado nunha vivenda tutelada para menores en situación de protección. Enténdese por acollemento residencial aquela medida protectora que consiste no coidado e custodia do ou da menor, ben sexa unha tutela total ou unha garda, que ten lugar cando a persoa menor ingresa nun centro e/ou establecemento de carácter público ou privado -debido á existencia de colaboracións con ONG's ou institucións do Terceiro Sector que acordan coa administración a xestión e dirección destes recursos- (Melendro e Rodríguez, 2013).

A pesar da lexislación e das medidas existentes para con este colectivo, a resposta social continúa a estar marcada por un discurso discriminatorio que pon o dedo acusador no ou na menor, convertido a súa vulnerabilidade nun factor de exclusión que impide o seu crecemento tanto a nivel persoal como no marco da comunidade na que habite.

### **1.2.3. O lecer como recurso educativo clave no traballo con mozas/os en exclusión**

En apartados anteriores avanzábase que o ocio é un dereito fundamental que debe estar garantido para todas as persoas, configurándose como elemento requirido para a configuración e desenvolvemento persoal e social (De-Juanas et al., 2018). Isto implica que as institucións competentes teñen a obriga de poñer en marcha actuacións que posibiliten a igualdade de oportunidades para o acceso a esta área, sobre todo a aqueles colectivos con dificultades. Seguindo a López-Noguero et al. (2016), entre os mozos e mozas en situación de vulnerabilidade existen maiores obstáculos para a ocupación e aproveitamento dos tempos libres, pois están moi orientados a actividades de carácter pasivo nas que dominan opcións de carácter consumista; ademais, sitúan o

centro no seu contexto máis inmediato, no barrio e co seu grupo de amizades, constituíndo un risco de exclusión.

Os datos sobre prácticas de ocio da mocidade que ofrece o Instituto de la Juventud (INJUVE, 2020) permiten comprobar que o emprego da música e os dispositivos audiovisuais son o ocio predominante entre os rapaces e rapazas. Do mesmo xeito, a práctica de deporte, acudir a bares ou a asistencia a actividades culturais sufriron unha diminución e quedaron relegadas a un segundo plano nos seus tempos de ocio. Finalmente, as actividades menos practicadas correspóndense coa práctica do “botellón” e a colaboración con ONG’s ou voluntariado-

García-Castilla et al. (2018) sinalaron que as preferencias dos mozos e mozas en situación de vulnerabilidade para cos seus tempos de ocio sitúanse na práctica de actividade físico-deportiva en grupo ou individual, seguida doutras como escoitar música, compartir tempo coas amizades, o emprego das tecnoloxías de información e comunicación (de agora en diante TIC), as redes sociais ou vídeo-xogos.

Do mesmo xeito, De-Juanas et al. (2018) achegaron unha análise e definición do lecer das mozas e mozos en exclusión en base ás diferentes dimensións do ocio:

- O ocio físico-deportivo defínese como a área na que este grupo ocupa a maior parte do seu tempo libre. Para a mesma fai uso de polideportivos, pistas ao aire libre do espazo urbano ou ximnasios, variando en función da autonomía, a actividade e o nivel socio-económico.
- O ocio familiar, coas amizades e a parella xoga un papel relevante na configuración dos tempos de ocio destes rapaces e rapazas
- A dimensión máis lúdica do ocio está ligada ao grupo de iguais, asociada a festas e celebracións, sobre todo ao ocio nocturno.

- O ocio de consumo dissociado en dúas vertentes: por un lado, o desenvolvemento da vida social no marco dos centros comerciais e, por outro, internet e as redes sociais.
- A dimensión ambiental e ecolóxica do ocio destas mozas e mozos está orientada aos espazos urbanos nos que desenvolven a súa vida cotiá.
- A dimensión máis creativa fica influenciada polo grao de vulnerabilidade e características que amosen, quedando nun segundo plano en tanto que se prima cubrir as necesidades básicas para unha vida estábel.

Facendo comparación, compróbase que as actividades para co tempo de lecer non distan tanto entre a xuventude en dificultade co resto de mozos e mozas. A fenda dixital foi diminuíndo na última década, facendo que teñan ao seu alcance dispositivos que lles posibiliten participar na sociedade e no ocio dixital (INJUVE, 2020). Asemade, nunha análise discursiva sobre o ocio dos mozos e mozas en situación de vulnerabilidade, López-Noguero et al. (2016), amosaron que o emprego que estes realizan das TIC é fundamentalmente social. Fan un uso constante das redes para evitar quedar marxidados/as, reafirmando e construíndo a súa identidade.

A necesidade do emprego do ocio como ferramenta socioeducativa xustifícase, seguindo a De-Juanas et al. (2018) na necesidade de ofrecer un abano de opcións de cara a ocupación dos tempos libres debido á ausencia dun ocio valioso, reducido ao contorno máis próximo con oportunidades limitadas para experimentar novas actividades de carácter máis construtivo e creativo. De aí a necesidade de levar a cabo unha intervención socioeducativa orientándoa á promoción de cuestións propias da condición de xuventude como a dinamización ou participación (Fernández-García et al.,2015), uníndoa á creación de escenarios de auto-realización persoal a través dos que estes rapaces e rapazas poidan

construír e reafirmar a súa identidade e autoestima. Do mesmo xeito, para De-Juanas et al. (2018), propor o ocio como estratexia de acción socio-educativa para con este grupo supón:

- Incluir o ocio como unha área máis do proxecto socio-educativo e vital dos/as mozos e mozas en situación de vulnerabilidade.
- Implicación das administracións e institucións públicas e dos seus organismos para que doten á comunidade de recursos, equipamentos e alternativas a partir das cales desenvolver un ocio valioso, con igualdade de oportunidades.
- Facer protagonista á xuventude vulnerábel no deseño, xestión e execución de propostas de ocio que respondan ás súas necesidades e intereses.
- Formar ás e aos profesionais que desenvolven o seu labor con este colectivo para incorporar a Pedagogía do Ocio na súa praxe, incluíndo o lecer como ferramenta para a inclusión.
- Facilitar espazos para que os mozos e mozas poidan desenvolver unha reflexión crítica respecto ás súas actividades de ocio, a maneira de desenvolvelas e as alternativas para obter máis beneficios a través do lecer.

Isto leva a entender a educación do ocio como un elemento esencial a traballar desde a infancia, apelando á responsabilidade social para con esta área por parte de todos os membros da comunidade de cara a incorporar o ocio como unha estratexia de inclusión e mellora do desenvolvemento persoal daqueles colectivos en risco (Caballo, 2015).

## 2. MARCO EMPÍRICO-CONTEXTUAL

### 2.1. Metodoloxía da investigación

O presente Traballo Fin de Grao fai emprego da estratexia de casos como o método de investigación máis acaído para artellar a análise da realidade seleccionada. O estudo de casos enténdese, segundo Yin (1994) como unha investigación empírica que estuda un fenómeno actual no seu contexto real, utilizando múltiples fontes de evidencia cuantitativas e/ou cualitativas de forma simultánea. O obxectivo do método de casos é a comprensión dunha experiencia, desenvolvendo para iso unha descrición intensiva, holística e analítica dunha entidade, fenómeno ou unidade social (Pérez-Serrano, 1994). Ademais, esta autora tamén achega algunha das potencialidades formativas que o estudo de casos reporta nas persoas encargadas da súa realización e que é importante ter en conta: a adquisición de experiencias no diagnóstico de problemas, comprensión máis completa e realista da realidade, desenvolvemento da capacidade de análise e síntese, a integración de coñecementos e vivencias, entre outras.

### **2.1.1. Obxectivos**

Unha vez definida esta investigación como un estudo de caso, cómpre sinalar que o seu obxectivo principal é analizar os tempos de ocio das mozas e mozos en situación de vulnerabilidade que se atopan na vivenda tutelada de Santiago de Compostela no marco do Programa Mentor, da entidade social IGAXES. Complementábase cos seguintes obxectivos específicos:

- Recoñecer as necesidades referidas ao ocio que amosan as mozas e mozos tutelados e as profesionais que traballan con eles e elas.
- Identificar a liña de traballo referida ao ocio e tempo libre das mozas e mozos tutelados que se presenta desde o Equipo Educativo.
- Concretar propostas de mellora para os tempos de lecer desta vivenda.

Para dar resposta aos obxectivos definidos, óptase por unha metodoloxía de corte cualitativo, o que implica recoller diversidade de información que axude a describir e definir o contexto, as problemáticas, as dinámicas e a perspectiva das propias rapazas e rapaces e das persoas profesionais que están a desenvolver o labor educativo na vivenda, conseguindo unha aproximación á experiencia particular desde o seu significado e visión do ocio e tempos libres.

### **2.1.2. Enfoque metodolóxico**

A metodoloxía cualitativa, seguindo a Flick e Vasilachis (citados en Cotán, 2016) busca teorías empíricas a partir da adopción dunha perspectiva de comprensión, construindo e entendendo a

influencia que determinados acontecementos e/ou accións exercen sobre outros a través dunha rede de relacións causais, locais, contextuais e situacionais. Para Taylor e Bogdan (2010), esta metodoloxía posúe unhas características determinadas que definen a súa natureza:

- Indutiva porque está centrada en descubrir e buscar máis que en comprobar ou verificar.
- Holística xa que a investigación se corresponde cun todo e non se divide en variables.
- Humanista, abarcando o lado privado e o persoal das experiencias e sucesos, dándolle maior importancia ás percepcións e significados das persoas protagonistas.
- Interactiva e reflexiva, sendo as persoas encargadas da investigación conscientes do seu papel e dos efectos que ocasionan nas persoas participantes.
- Naturalista, pretendendo coñecer ás persoas no contexto natural.
- Sen ideas previas e aberta, validando calquera perspectiva que se recolla.

No marco da metodoloxía cualitativa, neste TFG óptase por desenvolver unha investigación con características do método de investigación-acción. A investigación-acción ten como obxectivo a mellora ou transformación da práctica social e/ou educativa a través da comprensión de dita práctica, articulando de forma permanente a investigación, acción e formación e facendo protagonistas ás persoas, colectivos e/ou comunidades obxecto de estudo (Latorre, 2005). Así mesmo e facendo de novo referencia a Latorre (2005), esta tipoloxía de investigación diferénciase doutras en aspectos como o requirimento dunha acción como parte integrante do proceso de investigación, a atención nos valores da persoa profesional máis que nos aspectos metodolóxicos

ou o desenvolvemento de investigacións sobre a propia persoa, é dicir, os profesionais investigan as súas propias accións.

Dentro desta investigación-acción, as mozas e mozos da VT asumiron un papel protagonista que posibilita a concepción deste traballo como unha ferramenta facilitadora para a exposición das súas opinións e pareceres referido a unha realidade que lles atinxe e que é susceptible de cambio. Asemade, a participación neste tipo de dinámicas permite que as mozas e mozos se aproximen a outros contextos de aprendizaxe, onde se adquiren diferentes habilidades e competencias comunicativas a partir das cales constrúen o seu discurso, sentíndose con capacidade de influír en cuestións que lles afectan. Seguindo a clasificación de Kellet (citado en Ballester et al, 2016) referido aos tipos de investigación con nenos e nenas, adaptándoa a adolescentes, existe un primeiro grupo de investigación que orienta a acción a investigar sobre as mozas/os, un segundo que se corresponde a unha investigación con elas/es e o terceiro grupo que sería a investigación delas/es. Neste caso, desenvólvese unha tentativa de investigar coas mozas e mozos, aprendendo desde unha perspectiva diferente novas habilidades e xeitos de investigar. Así mesmo, a súa implicación neste proceso supón beneficios para os/as mesmos/as, recoñecendo o seu dereito a participar, a dar opinión sobre aqueles asuntos e/ou cuestións que repercuten na súa vida cotiá e decidir se queren ou non tomar parte (Save the Children, 2004). A creación de espazos e procesos de empoderamento son necesarios para que os/as adolescentes adquiren conciencia e/ou motivación de cara a transformar realidades futuras, definindo unha forma concreta de realizar a transición cara a vida adulta (Melendro et al. 2014).

### 2.1.3. Técnicas de recollida de información

No que se refire ás técnicas de recollida de datos, e en coherencia coa metodoloxía elixida, neste TFG empréganse as de carácter cualitativo, que poñen no centro ao suxeito, tendo unha interacción directa entre persoa investigadora e investigada, fundamentándose na comunicación e linguaxe a través dunha relación directa entre os/as participantes. Búscase a recollida de datos referidos a crenzas, opinións, valoracións e preferencias aportando unha explicación holística e multidimensional da realidade a estudar (Pérez-Juste et al., 2012). Debe sinalarse que os protocolos das diferentes técnicas empregadas foron validadas a través de xuízo de expertos, contando coa valoración de dúas persoas en cada caso.

A entrevista en profundidade foi unha das técnicas seleccionadas para a recollida de información. Segundo Ruíz (2007) trátase dunha técnica que persegue que o individuo transmita oralmente ao entrevistador a súa percepción e definición persoal da realidade, implicando un proceso de comunicación onde ambos actores poden influírse mutuamente, buscando comprender máis que explicar e esperando respostas subxectivamente sinceras e emocionais. Neste caso, a entrevista en profundidade (Anexo nº1) realizouse a dúas profesionais que conforman o EE da VT de Santiago. Por un lado ao responsable de vivenda e educador de día e, por outro, a unha das educadoras sociais que desenvolve o perfil profesional de controladora TAI de fin de semana. A entrevista estruturouse en catro bloques: o primeiro, definido como *os tempos libres e tempos de ocio das mozas e mozos da vivenda*, busca recoller información da percepción dos profesionais acerca da realidade do lecer e a interpretación que as mozas fan sobre estes tempos; o segundo dos bloques, definido como *Pedagogía do Lecer: programación e estruturación do ocio* orientase a coñecer a organización do ocio no marco da vivenda

tutelada e a importancia destes tempos no quefacer diario tanto da intervención educativa das/os educadoras/es como no día a día das mozas e mozos; o terceiro bloque da entrevista correspóndese coas *experiencias de ocio*, coa intención de conseguir datos relativos ás vivencias de lecer que se desenvolven na VT e a actitude e participación por parte das mozas e mozos; o último dos bloques, *potencialidades, limitacións e propostas de mellora*, está enfocado a que as/os profesionais aporten reflexións referidas ao tratamento dos tempos de lecer no marco da VT e posíbeis aspectos a modificar.

A segunda das técnicas utilizadas foi de carácter biográfico a partir da elaboración dun relato de vida da historia do ocio das/os adolescentes (Anexo nº2). Este método entende que as sociedades, culturas e expresións da experiencia humana poden comprenderse como unha representación simbólica do contexto social no que se atopa o individuo (Bisquerra, 2016), orientados a describir a vida ou experiencias vitais das persoas. Traballouse con catro relatos de ocio que se corresponderon cunha narración persoal acerca da realidade e experiencia que se viviu en relación aos tempos de lecer. Co mesmo obtivéronse datos sobre a realidade do ocio que as mozas e mozos da VT experimentaran ao longo da súa vida a partir dunha historia persoal na cal narran a súa vivencia referida ao lecer, incluíndo diferentes emocións e sentimentos que esta área lles aportou.

Tamén se recorreu á técnica de diario de campo (Anexo nº3), instrumento de rexistro de información procesual, semellante a un caderno de notas, pero con maior grao de estruturación e organización metódica respecto á información que se pretende obter a partir de diversas técnicas de recollida de información co fin de coñecer unha realidade concreta (Valverde, 1993). Este diario de campo foi elaborado pola autora do TFG e nel recolleuse información referida ao emprego dos tempos de ocio e tempos libres das mozas e mozos da VT de Santiago durante as fins de

semana. Os tópicos en torno aos que se anotaron os datos son a *opinión das adolescentes en relación aos tempos liberados*, o *tempo compartido co grupo de iguais/familia/parella*, as *actividades de ocio programadas desde o Equipo Educativo e as de escolla propia* e as *actividades de ocio pasivo ou autotélico*.

Por último, desenvolveuse un grupo de discusión (Anexo nº4). Seguindo a Bisquerra (2016), trátase dunha técnica que fai emprego da entrevista realizada a un grupo de persoas con características ou particularidades compartidas para recoller datos referidos ao problema de investigación, abordando de maneira exhaustiva tópicos moi concretos do estudo a desenvolver. A súa finalidade é conseguir que as persoas participantes se abran e xeren un discurso grupal para definir diferentes tendencias e/ou regularidades nas súas opinións (Bisquerra, 2016). No marco deste TFG, o grupo de discusión levouse a cabo coas mozas e mozos da VT de Santiago para abordar tópicos concretos en referencia aos tempos de lecer. Estes concretáronse na *diferenza entre os tempos libres e de ocio*, a *súa historia de ocio*, as *preferencias de actividades nos seus tempos libres*, a *importancia do ocio no seu día a día*, a *opinión sobre a organización dos tempos de ocio e as actividades programadas desde o EE* e as *propostas de mellora*.

Finalmente, fíxose uso da triangulación para a análise da información obtida a partir das técnicas expostas. Esta estratexia metodolóxica permite conseguir maior control da calidade no proceso de investigación e garantía de validez, credibilidade e rigor nos resultados acadados.<sup>1</sup>

---

1 Co fin de garantir o anonimato das persoas que participan neste traballo, empregárase a letra M para facer referencia ás mozas e mozos da VT de Santiago de Compostela e a letra E corresponderase coas profesionais da Educación Social que desenvolven o seu labor no marco deste recurso.

A continuación inclúese un cronograma que achega a temporalización do deseño e aplicación de todas as técnicas de recollida de datos ao longo do proceso de investigación.

	FEB 08-14	FEB 15-21	FEB 22-28	MAR 01-07	MAR 08-14	MARZ 15-21	MAR 22-28	ABR 29-04	ABR 05-11
Deseño dos instrumentos									
Diario de campo									
Historias ocio									
Entrevista E1									
Entrevista E2									
Grupo de discusión									
Triangulación dos resultados									

## 2.2. Descrición e funcionamento da vivenda tutelada

IGAXES defínese coma unha Organización non Governamental para a defensa dos dereitos dos nenos, nenas, mozos e mozas máis vulnerables ofrecéndolle protección, educación, emprego e apoio. Trabállase polo dereito destes/as para unha vida autónoma, libre e segura, apoiando ás súas familias e defendendo a equidade educativa e a igualdade de oportunidades co fin de que os NNA medren nun clima seguro e protector, recibindo unha educación de calidade e contando con todas as oportunidades para se formar

e desenvolver, incidindo nos poderes públicos co fin de acadar mudanzas na sociedade e levando a cabo unha aprendizaxe e actualización continúa que posibilite o deseño de solucións aos problemas que posúe este colectivo (IGAXES, 2020). -

IGAXES conta con varios programas entre os cales se sitúa o Programa Mentor que procura dotar aos mozos e mozas das ferramentas, habilidades e actitudes necesarias para encarar a vida independente co maior éxito posíbel, incidindo na súa toma de conciencia acerca dos dereitos e deberes como cidadáns.

As persoas destinatarias deste programa son mozos e mozas, con carácter xeral entre os 16 e 21 anos, que se atopan nunha situación de garda, tutela, cumprindo con medidas xudiciais ditadas por un xulgado de menores ou son usuarios doutros programas e, polas súas características, é posíbel a incorporación no programa de inserción socio-laboral.

O Programa Mentor conta cun equipo de profesionais con formación e experiencia específica na orientación e formación para a busca de emprego, proporcionándolle aos mozos e mozas o apoio e acompañamento necesario para a consecución dunha integración sociolaboral. Os perfís profesionais que conforman os recursos humanos son: coordinador do Programa Mentor, coordinador dos equipamentos residenciais, xefa de administración, responsable de comunicación, responsable de área económica – financeira, responsables de Recursos Humanos, técnicos/as de Inserción Laboral, educadores/as e Controladores Técnicos Auxiliar de Intervención / Auxiliares educativos (IGAXES, 2020).

As accións que se desenvolven desde este Programa son tres: axudas para a emancipación, encamiñadas a reforzar o proceso de independencia dos mozos e mozas participantes; técnicos e técnicas de Inserción Laboral que dirixen o seu traballo cara os mozos e mozas, as empresas, os Equipos Técnicos, centros de menores, Equipos de Medio Aberto ou referentes dos mozos e mozas e cara a sociedade; e, finalmente, as vivendas tuteladas e asistidas, que se

presentarán con maior detalle en tanto que o estudo de caso está centrado nunha delas (IGAXES, 2020).

As vivendas tuteladas e asistidas son unha aposta da entidade IGAXES, dentro do Programa Mentor. O traballo que se desenvolve nelas fundaméntase nos proxectos educativos individualizados (PEI) a medio/longo prazo, sendo a base para unha acción comprometida co desenvolvemento integral das persoas e que atende as múltiples áreas que conforman a realidade do individuo. Deste xeito, inténtase abarcar ámbitos e habilidades específicas para mellorar a súa situación formativa e/ou socio-laboral.

Neste contexto atópase a vivenda tutelada de Santiago de Compostela na que actualmente só residen catro mozos e mozas aínda que conta con oito prazas. Está conformada por un EE de dúas educadoras de día, unha controladora TAI de noite e tres controladoras TAI de fin de semana. Actualmente, todas as rapazas e rapaces que forman parte do recurso están inmersos/as nun proceso formativo, ben cursando a Educación Secundaria Obrigatoria, en Formación Básica ou en Ciclo Medio. Esta realidade determina e marca os tempos e ritmos da vivenda, adaptando a dinámica da casa aos horarios lectivos dos/a mozos/as. A rutina semanal que se establece defínese en dúas liñas xerais, por unha banda a resposta ás responsabilidades para coa formación que cada unha das rapazas e rapaces posúe e, por outra, a realización das obrigas correspondentes ao mantemento e coidado dunha casa. Ambas actividades son as que máis tempo ocupan na organización dos tempos tanto individuais como da vivenda, mais non quere dicir que sexan as de maior relevancia. Alén destas, ao longo da semana lévanse a cabo todas aquelas xestións referidas ás áreas específicas das/os mozas/os recollidas no seu PEI como poden ser a saúde, a hixiene e coidado persoal, o ámbito familiar ou a educación afectivo-sexual. Outra variábel a ter en conta actualmente nas dinámicas e tempos da VT de Santiago é a situación de pandemia provocada pola SARS-CoV-2 (COVID-19), que

trouxo consigo unha “nova normalidade”, limitando a mobilidade e contactos sociais en base ao aumento ou diminución dos casos positivos. Esta circunstancia excepcional delimitou un cambio na realidade da casa, tanto nun primeiro momento cando se estivo nunha situación de confinamento domiciliario, mudando os ritmos e rutinas das mozas e mozos e do equipo profesional como no momento presente, cunha convivencia con medidas específicas en canto ao contacto co exterior, repercutindo de forma negativa na vida social e/ou familiar dos rapaces e rapazas.

O ocio xoga un papel importante na VT xa que se parte dunha concepción do mesmo como tempo de valor en si mesmo, favorable para o desenvolvemento integral de todas as mozas e mozos do recurso e para a súa inclusión na comunidade. Desde o EE deséñase, desenvólvese e avalíase unha Programación de Ocio anual que se vai configurando de forma trimestral. Esta adecúase ás necesidades e intereses de cada rapaz/a e ao momento actual da vivenda, ofrecendo aos adolescentes a oportunidade de experimentar, escoller e organizar os seus tempos de ocio, acompañando e orientando o proceso cara unha corrente de lecer positiva e saudábel. A dinámica de ocio que se propón desde o EE enfócase, por un lado, a que os/as mozos/as sexan partícipes de diferentes actividades lúdicas e de lecer existentes na contorna, dirixidas á mocidade e afíns aos seus intereses e inquiredanzas, co fin de que atopen no ocio unha ferramenta para o disfrute e a realización persoal e, ao mesmo tempo, configuren redes e vínculos no contexto comunitario. Por outro, desde o EE tamén se entende o ocio como unha ferramenta para crear vínculos e sentimentos de pertenza á vivenda, propiciando un clima máis positivo entre as persoas que conforman a casa e motivar a acción socioeducativa en contextos distendidos e menos burocratizados.

## 2.3. A realidade do ocio na vivenda tutelada de Santiago de Compostela

A realidade exposta no apartado anterior é onde foron aplicadas as diferentes técnicas de recollida de datos co fin de coñecer en profundidade a realidade do lecer na vivenda tutelada escollida para o estudo de caso. A partir da triangulación de datos, procéde-se a presentar e analizar os resultados en base a cinco eixes: *a concepción das mozas e mozos sobre os tempos libres e tempos de ocio, as preferencias e actitudes no marco destes tempos, os beneficios do lecer a nivel individual e no marco da vivenda, a Programación de Ocio, e o ocio como factor de inclusión e/ou exclusión.*

### 2.3.1. Concepción dos tempos libres e tempos de ocio

A percepción dos tempos libres e tempos de ocio entre as mozas da VT de Santiago de Compostela adecúase á concepción de Cuenca (2011), entendendo o ocio como unha experiencia diferenciada do traballo, caracterizada pola non obrigatoriedade, o desfrute e diversión, con carácter intencional e de natureza autotélica, como ámbito de desenvolvemento e dereito humano. No grupo de discusión, as mozas sinalan que:

*O tempo de ocio está dentro de tempo libre. Para min o tempo libre é cando remato unha tarefa e até “x” hora non teño nada, pero dentro deste tempo libre podo ter ocio porque ao mellor pode ser que nese tempo libre me poña a estudar. É dicir, tempo libre no que ti podes escoller que facer (M2).*

*O tempo de ocio ten que ter sentido (M1).*

Do mesmo xeito, nos relatos de vida sobre o ocio realizado polas/os adolescentes, unha delas definíao do seguinte xeito:

*Para min o ocio non é só pasalo ben, senón tamén aprender.  
Sen ocio ninguén é feliz, o ocio igual a vida (M4).*

Esta perspectiva entra en contraposición coa visión dos/as profesionais da vivenda. Ambos coinciden en que entre os/as mozos/as non existe un coñecemento claro sobre a diferenza existente entre os tempos libres e os de ocio, xa que tal e como sinala unha das educadoras entrevistadas:

*(...) para elas ter ese tempo de libre disposición non o relacionan ou non se preocupan pola utilización, uso e/ou disfrute que fan dese tempo, simplemente fan unha demanda de ter tempo libre que non sexa tempo de tarefas, de responsabilidades formativas..., pero despois tampouco existe unha preocupación delas en que van dedicar este tempo (E2).*

Asemade, os/as profesionais tamén concordan en que priman os tempos de lecer pasivos, enfocados ao emprego das tecnoloxías (redes sociais, visualización de contido en YouTube ou plataformas como Netflix...). As experiencias ligadas a un ocio autotélico e humanista fican relegadas a un segundo plano xa que:

*son rapazas que veñen cunha falta de estímulos e experiencias importante nas súas vidas e iso reflíctese nas actividades de ocio ou na xestión dos tempos de ocio.(...) Creo que as mozas teñen tamén unha falta de mundo interior relativo a esa falta de experiencias entón iso inflúe moito na motivación de atopar outras cousas que lle poidan gustar (E1).*

Os/as profesionais valoran que a autonomía e motivación para co tempo de lecer é variábel en función da rapaza ou rapaz, influíndo cuestións como a traxectoria vital en canto ao ocio, a autoestima e situación de vulnerabilidade como mozas e mozos ligados ao sistema de protección de menores ou a etapa da adolescencia. Así mesmo, recoñecen que moitas veces os/as rapaces/as amosan esa motivación e interese en determinadas actividades mais non chegan a executalas, polo que xorde a dúbida respecto a:

*se non saben canalizar a motivación ou prefiren levar a cabo as outras prácticas de ocio (sobre todo fundamentadas nas tecnoloxías, redes sociais, ver películas, etc.) (E2).*

### **2.3.2. Preferencias e actitudes dos/as adolescentes nos tempos de libre disposición e de lecer**

A información recollida no diario de campo permite constatar que, o emprego das tecnoloxías da información e comunicación, mais concretamente do uso das redes sociais e plataformas para visualización de audiovisuais, como Netflix ou semellantes, están presentes todas as fins de semana, sendo a actividade que prima na ocupación dos seus tempos liberados. Isto concorda cos datos que se proporcionan desde INJUVE (2020): o 92,9% dos mozos e mozas escollen o consumo de televisión ou series online como unha das principais actividades de ocio, sendo transversais e non presentando diferenza en función do xénero nin da idade. A visión de ocio pasivo tamén é compartida polos/as profesionais, facendo fincapé na preferencia dos adolescentes por este tipo de actividades:

*Ao principio pódese dicir que non, que sería un ocio máis pasivo (...) en xeral, a miña experiencia é que se se lles deixa sen pautar algún tipo de actividade adoita primar o emprego do móbil. (E2).*

Pola contra, no grupo de discusión e nas historias de ocio das mozas e mozos, a alusión a este ocio máis pasivo non aparece reflexada como práctica habitual. Sitúan a súa preferencia naqueles tempos compartidos co grupo de iguais ou parellas, reforzando a idea de De Valenzuela et al. (2018) sobre os tempos de ocio de mozos e mozas que estiveron en centros ou recursos de protección para os cales compartir momentos coa súa familia e amizades era de vital importancia, en tanto que a vida nun centro supón dificultades a nivel organizativo e normativo para desfrutar deste tempo coas persoas máis próximas.

Asemade, o ocio pasivo que prima entre as/os mozas/os da VT de Santiago tamén pode vir derivado da ausencia de experiencias de ocio autotélico ao longo da súa traxectoria vital e debido aos contextos familiares e sociais nos que en moitas ocasións, se atopaban.

*(...) moitas veces din que non a prácticas que non puideran practicar e que, quizais isto está relacionado coa súa bagaxe e que tiveron uns hábitos de ocio diferentes, e entón a súa resposta é pensar que a proposta non lles vai gustar ou que vai ser aburrido e queren facer outra cousa (E2).*

García-Castilla et al. (2018), achegaron motivos que xustifican a renuncia dos mozos e mozas en situación de vulnerabilidade a diferentes prácticas de ocio. Este feito relaciónase estreitamente coa situación da pobreza de ocio, derivada da escasa dispoñibilidade de recursos e da pouca información de cara ao aproveitamento das diferentes oportunidades que se poden presentar.

Nesta liña Cuenca (1999) incluíu na definición de ocio humanista a necesidade de facer realidade a igualdade de oportunidades, favorecendo que todo o mundo participe nas actividades recreativas, deportivas ou culturais no marco do contexto no que habite. Desde esta perspectiva, o EE diseña e propón diferentes alternativas e novas experiencias de ocio co fin de ampliar o abano de oportunidades e posibilidades dos/as mozos/as, sendo axentes facilitadores de cara a descuberta de actividades que non probaran e definir as súas preferencias no marco dos tempos de lecer. Contémplase no diario de campo que todas as fins de semana está presente unha actividade organizada desde o EE co fin de que os menores accedan a outras iniciativas. Do mesmo modo, os/as educadores/as sinalan que:

*Aí tamén xoga un papel importante a nosa capacidade para achegar esas cousas que lle poden interesar ou que lle gusten, e cando máis conscientes son é cando coñecen xente nova e se senten parte dun grupo, ou de ter máis amizades que é o máis complicado para elas e que vexo que é bastante difícil fóra da rede de rapazas do propio sistema de protección (E1).*

*(...) temos que incluír actividades que lles gusten, compaxinando con novas actividades que poidan ser de interese e non coñezan previamente (E1).*

Nas historias de ocio, unha das mozas recoñece de forma positiva este feito, incluíndo como parte das súas dinámicas de ocio:

*Agora esta rapaza vive nun Piso Mentor, onde o tempo de ocio a levan a coñecer Santiago, aprender sobre cultura, tomar xeados, pasear, patinar, facer Escape Room, obradoiros de maxia, ao cine... e un montón de sitios máis (M4).*

### 2.3.3. Os beneficios do ocio a nivel individual e no marco da vivenda tutelada

A *Carta Internacional para a Educación do Ocio* (WLRA, 1993) recolle como beneficios propios destes tempos a liberdade de es-colla, a creatividade, a satisfacción para coa práctica a realizar, o desfrute e pracer e, por conseguinte, maiores niveis de benestar e felicidade. Asemade, Cuenca (1999) define o ocio como unha área vital do ser humano á que se ten dereito polo simple feito de existir, reportando saúde, encontro cos outros e desenvolvemento. Esta visión é compartida polos/as adolescentes da vivenda, identificándoo como parte esencial da súa vida diaria:

*O ocio para min sería como unha terceira parte do que son eu. Están os estudos, está o ocio onde o paso ben e ao que tamén lle teño que sacar proveito e logo está a meditación, que identifico con estar tranquilo, pensando nas miñas cousas. É dicir, o ocio forma parte da miña construción persoal (M2).*

*Para min o tempo de ocio é bastante importante porque me costa moito socializar pero en canto consigo ter relacións sociais, é imprescindible. Creo que tamén é importante sinalar que para os seres humanos as relacións sociais son tamén esenciais, e que o ocio implica relacións e contacto con demais persoas. Faime sentir viva (M3).*

Así mesmo, a auto-realización a partir do ocio supón un proceso de mellora en canto a un coñecemento máis profundo dunha mesma, as habilidades e a toma de conciencia individual e coas demais persoas (Cuenca, 2000). A través do ocio aséntanse as bases para incrementar a autoestima e o amor propio en función da satisfacción persoal que as actividades realizadas reportan. Estes

beneficios son recollidos por unha das educadoras para coa realidade das mozas da vivenda:

*(...) no caso destas mozas e mozos é importante porque lles ofrece beneficios a todos os niveis que mencionas e, pola realidade que viviron, todas as oportunidades que lle xeran estas prácticas establécense como pilares de resiliencia, esa capacidade de facerlle fronte ás adversidades e que todos estes aspectos forman parte do seu benestar, axudando a que dentro das dificultades que viviron poidan seguir adiante ou sentirse mellor (E2).*

Os beneficios a nivel grupal que o ocio supón dentro deste recurso correspóndese co que Cuenca (2000) achegou referido a que o lecer, como experiencia grupal compartida, forxa vínculos afectivos entre as persoas que están a compartir a actividade, posibilitando maiores niveis de cohesión grupal. Tanto os/as mozos/as como os/as educadores/as asumen esta realidade, situando o lecer grupal como un elemento requirido de cara mellorar os niveis de convivencia e sentimento de pertenza á vivenda:

*É importante para ter contacto co resto de persoas coas que vives. Porque, por exemplo, eu teño pasado días sen rozarme cunha persoa, polo que facer ocio xuntos é importante porque ao final é o único contacto que temos entre nós. Buscar tempo para relacionarte co resto de mozas e mozos coas que convives (M1).*

*Penso que o ocio na vivenda é importante porque deixas un pouco o “mal rolo” que pode haber para estar xuntas (M4).*

*Para o grupo é clave axuda á cohesión, compartir espazos fóra da rutina/vivenda relacionados co lecer ao final é onde*

*estamos máis cómodos, hai bo clima onde xorden outras cousas e vivencias e se crea confianza, vínculo. (...) Para as profesionais compartir actividades de lecer vai facilitar o fortalecemento de vínculos de confianza que fará máis sinxelo entrar en áreas máis difíciles e menos cómodas (E1).*

*Non só que o tempo libre e o tempo de ocio sexa un tempo que elas xestionan como queren, senón tamén empregar ese tempo para que elas nos sintan máis próximas e non haxa esa distancia entre moza/profesional (E2).*

Existe unha opinión común entre mozos/as e profesionais en canto aos tempos de lecer, entendéndoos como ferramentas a partir das cales é posíbel acadar maiores niveis de benestar tanto desde unha perspectiva individual como para a cohesión e mellora de convivencia entre as rapazas e rapaces e coas profesionais.

#### **2.3.4. A Programación de Ocio da vivenda tutelada**

Navarro et al. (2015) entenden que o ocio, como ferramenta de intervención socio-educativa cos mozos e mozas en situación de vulnerabilidade, debe orientarse a favorecer un lecer positivo, ausente de prácticas nocivas que prexudiquen a súa saúde tanto física como psíquica e favorezan a realización persoal e maiores niveis de socialización. Vólvese indispensable que desde as entidades que dirixen o seu labor a este colectivo sitúen estes tempos no centro da intervención, equiparando a súa importancia a outras áreas como as formativas ou as de inserción laboral, facilitando acceso a experiencias de “ocio valioso” (Cuenca, 2014) e como elemento de inclusión social destes rapaces e rapazas. No marco das actuacións e responsabilidades para co desenvolvemento integral dos mozos e mozas en situación de exclusión, o Programa Mentor

e, por conseguinte, a VT de Santiago, entende o ocio como unha estratexia fundamental da acción socioeducativa. É o EE da vivenda o encargado de deseñar, executar e avaliar a Programación de Ocio. Para os/as educadores/as, a elaboración desta programación é unha tarefa laboriosa que ten como obxectivos:

*Por un lado, tratar de abarcar o ocio individual de cada unha. Por outro, actividades que se realicen de maneira conxunta dentro da vivenda, tratando de que estas actividades estean o máis enmarcadas posibles na realidade e contexto no que vivimos (...)* (E2).

*Existe unha ambición focalizada na liña dun ocio autoxestionado desde as vivendas, con contidos educativos e apostas participativas e, se pode, ser innovadoras. Leváronse a cabo actividades desta índole, con grandes esforzos por parte das equipas educativas das vivendas* (E1).

Cómpre sinalar que a estruturación dos tempos e as rutinas dos centros nos que residen estas mozas e mozos adoitan estar moi pautadas, sendo en ocasións incompatíbeis os tempos de lecer coa resposta ás responsabilidades formativo-laborais e do fogar, dificultando a conciliación (De Valenzuela et al. 2018). Esta circunstancia tamén se dá no contexto da vivenda de Santiago, sendo percibida tanto polos profesionais como polas mozas e mozos, onde en ocasións, a existencia da Programación de Ocio confórtese como unha obriga máis no marco das actividades a realizar:

*Para min na vivenda hai demasiada carga de cousas e tempos que ter en conta que ao final só hai tempo para estudar, para facer cousas da casa e pouco máis. O ocio debería ser outra, porque é saúde mental* (E1).

*(...) pola situación e realidade que teñen hai moitos aspectos de tarefas, responsabilidades, outras preocupacións derivadas da súa situación persoal que fan que moitas veces (...) o valor do ocio vai quedando un pouquiño esquecido. Aínda así, creo que hai esa vontade e esforzo de poñer en valor os tempos de ocio (E2).*

*Ás veces síntome como dentro dunha empresa, está todo moi estruturado, organizado... (M2).*

*Para min sobra organización no referido aos tempos de ocio, sobra moito esquema... eu entendo que nestes "sitios" todo teña que estar rexido por unhas normas e uns esquemas, pero é que sobra organización (M1).*

A través da investigación realizada por Rodríguez et al. (2018), evidénciase que os/as mozos/as que están en situación de dificultade amosan un grao elevado de satisfacción para con aquelas novas prácticas de ocio que se lle presenta. Os/as rapaces e rapazas da vivenda de Compostela recoñecen que, a pesar de que ás veces non se atopan con vontade de realizar as actividades propostas polo o EE, acaban por desfrutar:

*En canto ás actividades que se preparan desde a vivenda, na maioría non teño ganas de participar pero logo levo unha sorpresa e desfruto dela, pasándoo xenial. (M4)*

*(...) si é certo que en ocasións me poño á negativa e logo acabo desfrutando da dinámica. (M3)*

Isto lígase a que, en ocasións, en contra da vontade de facer un ocio de carácter auto-xestionado polos/as mozos/as, exista unha liña máis directiva por parte do EE co fin de adquirir hábitos

de ocio saudábeis, favorecendo a participación en experiencias e actividades pouco ou nada descubertas polas adolescentes. Neste senso, a percepción de estruturación e/ou carácter máis obrigatorio das actividades de lecer no contexto da vivenda vai depender, en parte, da actitude e disposición do/a educador/a e a introdución da Educación do Ocio. Tal e como sinala Cuenca (2000), esta non pode quedar relegada a unha transmisión de coñecementos ou solución de problemas específicos, senón que debe supoñer un acompañamento activo e motivador, adecuado ás súas necesidades e circunstancias:

*Moitas veces fai falta unhas competencias concretas en dinamización e iso está tamén relacionado coa Pedagogía do Ocio, faltando máis formación concreta disto. (...) Tamén é moi importante que as mozas vexan que as educadoras desfrutamos, porque ao final todas necesitamos experiencias porque ao longo da nosa vida tivemos persoas que nos achegaron a experiencias que logo nos gustaron e creamos un hábito de ocio (E1).*

*Inevitablemente, ten que haber momentos máis directivos ou organizativos. (...) inicialmente sempre hai protesta pero está relacionado co tema organizativo (en relación aos tempos de tarefas, de formación, etc.), pero despois sempre participan ben e a motivación é boa (E1).*

*Cando se lles fai unha proposta non teñen interese en participar (...), ou lles ofrecemos que sexan elas que propoñan actividades de ocio o abano de posibilidades non é moi amplo. Debido a isto lévase a cabo un proceso máis directivo para favorecer que practiquen outro tipo de actividades de ocio (E2).*

Para Rodríguez et al. (2018) a partir da investigación feita sobre o ocio dos mozos vulnerábeis acerca da importancia, satisfacción e auto-xestión destes, constatan un baixo interese deste colectivo pola auto-xestión dos tempos de lecer, considerando que o aumento de responsabilidade na organización e xestión para co lecer non supoñería maior beneficio. Datos desta investigación tamén conclúen que estes mozos e mozas amosan maior satisfacción cando se senten protagonistas na organización da actividade na que van participar. Así pois, desde o EE da vivenda de Compostela, intentase elaborar unha programación individualizada, acorde cos intereses, necesidades de cada unha das adolescentes e a situación actual da vivenda:

*(A implicación) depende das rapazas que están na vivenda, porque eu teño vivido momentos nos que había rapazas que eran moito máis activas nesta área de ocio. Nese punto, era máis sinxelo e a programación non tiña que ter máis peso de proposta de actividades (...) ás veces o que nos atopamos é unha falta de propostas pola súa parte moi grande porque non teñen unha bagaxe de ocio inculcada, non teñen experiencias, estímulos..., entón aí o tema da proposta e participación débilitase (E1).*

*O grupo tamén inflúe moito, xa que o grupo tira do resto, é dicir, conseguir a motivación dunha ou dúas persoas do grupo é clave para conseguir tirar e que participen o resto de persoas (E2).*

Con todo, existe un baleiro no que se refire a ter en conta as actividades e historias de ocio anteriores ao seu paso pola vivenda, valorando de forma positiva, e incluso necesaria, recoller dita información cando o/a rapaz/a inicia a súa andaina no recurso:

*(...) moitas veces podería dárselle máis valor a este aspecto no que vén a ser a entrada e o inicio de vida da moza na vivenda. Inicialmente non se teñen en conta estes aspectos e vanse incorporando paulatinamente cando se vai coñecendo máis á moza a través de conversas que poden xurdir de carácter máis informal pero non como unha “historia de vida” do seu ocio (E2).*

*En canto ás actividades que propoñedes desde o EE para nós si penso que están personificadas, mais que outras simplemente son por diversión, para que nós desfrutemos (M4).*

É posíbel comprobar que na VT de Santiago a Programación de Ocio é individualizada e está orientada ao traballo pola consecución dun ocio máis auto-xestionado. Este obxectivo conseguirase en base ao momento actual da vivenda, sendo variábeis fundamentais o perfil das mozas e mozos e a perspectiva do EE para cos tempos de lecer e a súa integración como elemento da vida diaria.

### **2.3.5. O ocio como factor de inclusión ou exclusión das/os mozas/os**

A práctica do ocio crea espazos que favorecen os niveis de integración e inclusión das persoas. O lecer constitúese, así, nunha valiosa ferramenta para a intervención socio-educativa co colectivo de menores en situación de desprotección; constátase como esencial de cara a conseguir maiores niveis de aceptación, pertenza á comunidade, relacións persoais e implicación de todos os axentes que configuran a súa realidade (Cuenca, 2011). Esta interpretación do ocio como axente para a configuración de redes e relacións sociais é asumida polo EE da vivenda de Santiago, tendo

presente que o acceso a diferentes oportunidades de ocio implica unha igualdade de oportunidades para as rapazas e rapaces, facilitando o desenvolvemento de habilidades sociais e comunicativas que, en ocasións, non posúen.

*Buscar que sexan actividades que favorezan as súas relacións sociais e que estean enmarcadas no contexto da vivenda, do entorno no que se atopan e favorecer a súa inclusión social xa que moitas delas veñen doutros lugares e non teñen un círculo nin unha rede social (E2).*

*(As educadoras) non podemos xestionar os grupos externos, como por exemplo os equipos de fútbol, aí os rapaces van sos e non temos esa posibilidade e é máis difícil que enganchen porque, moitas veces, teñen difícil integrarse no grupo porque as súas habilidades están condicionadas polas súas historias de vida, entón tamén é normal que fracasen moitas veces estes intentos (E1).*

*Tamén o medo a intentalo porque iso é unha característica das mozas das vivendas, a baixa autoestima, o estigma que teñen sobre elas por non dispor dunha familia estruturada, isto tamén as condiciona moito, (...) iso queda de manifesto á hora de ter unha motivación, de experimentar cousas novas e, incluso nun contexto de lecer, que tamén vai moi asociado ao tema da socialización, de coñecer a outras persoas, elas aí vense en desvantaxe (E2).*

Do mesmo xeito, os/as mozos/as tamén manifestan a idea de que os tempos de ocio son unha ferramenta de cara a tecer a relación co grupo de iguais, coñecendo e afianzando vínculos coa comunidade. Con todo, transmiten que o feito de pertencer ao sistema de protección de menores e estar suxeitos/as á dinámica

dun centro é foco de diferenciación. Así o expoñen nas historias de vida e no grupo de discusión:

*(cando era pequena) adoraba ir a estas actividades, pois en shuffle coñecía un montón de xente e pasábao xenial (M4).*

*(...) para min o ocio está máis asociado a estar con xente (M1).*

*Sen embargo isto, a programación de ocio e todo o entramado da vivenda en si fainos moi diferente ao resto da sociedade (M2).*

A característica do lecer como estratexia de inclusión é percibida polas mozas e mozos e polos/as profesionais, recoñecendo a importancia de forxar prácticas, hábitos e rutinas de lecer que permitan establecer vínculos co resto da comunidade na que se inscribe a vivenda.

### 3. CONCLUSIÓNS E REFLEXIÓNS FINAIS

Existe unha contradición entre a percepción que as rapazas e rapaces residentes na vivenda de Santiago teñen do seu ocio fronte aos seus hábitos e a percepción do equipo de profesionais. A pesar de primar o ocio pasivo como a práctica máis habitual, ningún dos adolescentes reconece que o emprego dos móbiles e plataformas audiovisuais acaparan a maior parte do tempo que teñen de libre disposición. A isto súmase a sensación de obriga que, en ocasións, supoñen as prácticas de ocio organizadas desde o EE. O que os/as educadores/as devolven neste aspecto é que a Programación de Lecer e as actividades recollidas nesta están fundamentadas nos intereses que van amosando os/as adolescentes, achegándoas a novas propostas que poden ser do seu agrado. O ocio é entendido como unha ferramenta para a inclusión, tanto desde a perspectiva profesional como das mozas e mozos. Con todo, estes últimos/as consideran que a estruturación e carga de xestións á que están sometidas por formar parte dun recurso para a inserción socio-laboral limita as súas posibilidades de desfrute e, por conseguinte, aumenta a predisposición a ser sinaladas e discriminadas. O EE é consciente desta realidade e traballa para artellar estratexias que axuden a combater dito condicionante, como pode ser maior flexibilidade ou o achegamento a experiencias comunitarias.

A nivel xeral, as propostas de mellora que recollen as profesionais da vivenda e que, como integrante do EE, subscribo,

focalízanse no esforzo das/os educadoras/es por liberar tempos de calidade para as rapazas e rapaces e, á vez, reducir os ritmos de traballo acelerado e a sensación de presión e inmediatez nas xestións. Do mesmo xeito, o coñecemento da historia de vida en canto ao ocio das rapazas e rapaces debera ser unha área a ter en conta no momento no que comezan a residir na vivenda, dotándoo da importancia que ten de cara favorecer a inclusión na comunidade. A formación continua das/os educadoras/es e a capacidade dinamizadora a través da proposta de novas actividades e recursos tamén constitúe un aspecto que xa está presente, pero debe reforzarse e articularse no quefacer profesional.

A análise do ocio no marco da vivenda xerou no EE a necesidade dunha reflexión conxunta co fin de re-configurar, coa implicación dos/as adolescentes, a organización e planificación dos tempos de lecer. Tras abordar este tema en dúas reunións mensuais do Equipo Educativo, acordáronse varios puntos estratéxicos que responderon ás demandas expostas polas rapazas e rapaces no grupo de discusión. Concretáronse as liñas de acción (Anexo nº5) que foron trasladadas ás mozas e mozos co fin de pór en valor a súa opinión na estruturación do lecer, tanto individual como colectivo. O tratamento conxunto entre profesionais e mozas e mozos acerca da organización do ocio está obtendo os seus resultados xa que os/as adolescentes se senten con máis liberdade e autonomía para a organización do lecer e os/as educadoras traballan pola liberación de tempos de calidade e acompañamento e/ou asesoramento dos mesmos. Asemade, este proceso está a ter repercusión na relación de confianza entre o EE e rapazas e rapaces, asentando unha dinámica baseada na comunicación dos plans e compañías para cos tempos de lecer.

Tal como se vén expoñendo, o ocio é unha área de desenvolvemento tan importante como a laboral, académica ou residencial. No marco da vivenda obsérvase que equiparar o lecer con outras dinámicas xera nas mozas/os maiores niveis de autonomía e

benestar, influíndo nas relacións de convivencia entre eles e elas e co EE. Así mesmo, conséntase que o lecer esixe unha adaptación ás características de cada persoa, evidenciándose a necesidade de reflexionar de forma constante sobre os hábitos e dinámicas de lecer existentes no marco da vivenda en base ás rapazas e rapaces que a integren, coñecendo as súas historias de ocio, preferencias, rutinas e compañías de cara reforzar e/ou facilitar novas dinámicas nesta área.

Coa elaboración deste TFG foi posíbel acadar unha reflexión colectiva por parte das persoas que configuran a VT de Santiago de Compostela acerca dos tempos de ocio. O feito de estar a desenvolver o labor de controladora TAI de fins de semana posibilitou un maior acceso e comprensión do tema estudado. Ese traballo facilitou pór sobre a mesa a distribución e organización do lecer, contrastando informacións e percepcións facilitadas polos/as educadores/as e polas mozas e mozos; o EE situou o lecer como un aspecto necesario a abordar co obxectivo de responder ás inxuedanzas que os/as adolescentes compartiron, articulando novos paradigmas de actuación para con esta área.

O cuestionamento do ocio no marco da VT de Santiago de Compostela suscitado pola elaboración deste traballo supuxo darlle a importancia que require, non esquecendo que o ocio, ao igual que o traballo e a vivenda, é un dereito dos seres humanos. Como recollía Cuenca (2000), o lecer supón a vivencia dunha vida total, con proxección global e harmoniosa tanto cunha mesma como co contexto. O lecer debe ser educado, valorado e coidado como un dos elementos máis prezados que dota de satisfacción e felicidade a traxectoria de cada persoa.



## 4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (2005). Libro Blanco del Grado en Pedagogía y Educación Social. ANECA. [http://www.aneca.es/var/media/150392/libroblanco\\_pedagogia1\\_0305.pdf](http://www.aneca.es/var/media/150392/libroblanco_pedagogia1_0305.pdf)
- Añaños, F. (1998). Intervención en el menor abandonado y/o desamparado desde el Educador Social. *Pedagogía social. Revista Interuniversitaria*, 5, 209-232
- Artegui, I. (2014). La continuidad biográfica y el manejo de la incertidumbre: análisis de la realidad transicional de los jóvenes adultos. En E. Araújo, E. Duque, M. Franch e J. Durán (Eds.), *Tempos sociais e o mundo contemporâneo – As crises, As Fases e as Ruturas*. (pp. 7-21). Centros de Estudos de Comunicação e Sociedade, Universidade do Minho.
- Asociación Estatal de Educación Social e Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales (2007). Definición de Educación Social. *Documentos profesionalizadores*. ASEDES. <https://www.eduso.net/wp-content/uploads/documentos/143.pdf>

- Ballester, L., De Juanas, A., Melendro, M., Monstserrat C., Rodríguez A.E, De Valenzuela, A.L. e Varela L. (2016). Ser jóvenes en una sociedad de redes. En L. Ballester, J.A. Caride, M. e C. Montserrat, *Jóvenes que construyen futuro. De la exclusión a la inclusión social* (pp.13-50). Universidade de Santiago de Compostela.
- Ballester, L., J.A. Caride, Melendro, M. e Montserrat C. (Eds.) (2016). *Jóvenes que construyen futuros. De la exclusión a la inclusión social*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Bisquerra, R. (Coord) (2016). *Metodología de la investigación educativa*. La Muralla.
- Caballo, M.B (2010). Educación do lecer en J.A Caride e F. Trillo (Dirs.), *Diccionario galego de Pedagogía* (pp. 226-228). Editorial Galaxia-Xunta de Galicia.
- Caballo, M. B. (2015). Jóvenes, ocio y educación en la sociedad red. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 25, 17-24.
- Caride, J.A. (2005). *Las fronteras de la pedagogía social*. Gedisa.
- Caride, J.A. (2012). Lo que el tiempo educa: el ocio como construcción pedagógica y social. *ARBOR. Ciencia, Pensamiento y Cultura*, 188(754), 301-313.
- Caride, J.A. (2014). Del ocio como educación social a la pedagogía del ocio en el desarrollo humano. *Edetania: estudios y propuestas socio-educativas*, 45, 33-53.
- Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (2008). O catálogo de funcións e competencias da educadora e o educador social. *Documentos profesionalizadores*. CEESG. [http://ceesg.gal/ceesg/documentos/documentos-profesionalizadores-31-05-2008-docs\\_profesionalizadores\\_g.pdf](http://ceesg.gal/ceesg/documentos/documentos-profesionalizadores-31-05-2008-docs_profesionalizadores_g.pdf)
- Conde, F. (2005). Los adolescentes ante un futuro laboral que cambió. En FAD. *Libro de Ponencias* (pp.197-202). FAD.
- Cotán, A. (2016). El sentido de la investigación cualitativa. *Escuela Abierta*, 19, 33-48.

- Csikszentmihalyi, M (2001). Ocio y creatividad en el desarrollo humano. En M. Csikszentmihalyi, M. Cuenca Cabeza, C. Buarque, V. Trigo e outros, *Ocio y desarrollo. Potencialidades del ocio para el desarrollo humano* (pp. 17-32). Universidad de Deusto.
- Cuenca, M. (1999). *Ocio y Formación: Hacia la equiparación de oportunidades mediante la Educación de Ocio*. Universidad de Deusto.
- Cuenca, M. (2000). *Ocio humanista. Dimensiones y manifestaciones actuales del ocio*. Universidad de Deusto.
- Cuenca, M (2004). *Pedagogía del Ocio: Modelos y Propuestas*. Universidad de Deusto.
- Cuenca, M. (2006). Introducción. En M. Cuenca (Coord.), *Aproximación Multidisciplinar a los Estudios de Ocio* (pp.11-18). Universidad de Deusto.
- Cuenca, M. (2009). Perspectivas actuales de la pedagogía del ocio y el tiempo libre. En J.C Otero (ed.), *La pedagogía del ocio: nuevos desafíos* (pp. 9-23). Axac.
- Cuenca, M. (2011). El ocio como ámbito de Educación Social. *Educación Social: Revista de intervención socioeducativa*, 47, 25-40.
- Cuenca, M. (2014). *Ocio valioso*. Universidad de Deusto.
- Cuenca, M. e Aguilar E. (2009). Introducción. En M. Cuenca e E. Aguilar (eds.), *El tiempo del Ocio: transformaciones y riesgos en la sociedad apresurada* (pp. 13-22). Universidad de Deusto.
- De Juanas, A., García-Castilla, F.J. e Rodríguez A.E (2018). Prácticas de ocio de los jóvenes vulnerables. Implicaciones educativas. En A. Madariaga, A. Ponce, *Ocio y participación social en entornos comunitarios* (pp. 39-59). UNED.
- De Valenzuela, A., Gradaïlle, R. e Caride, J.A. (2018). Las prácticas de ocio y su educación en los procesos de inclusión social. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 31, 33-47.

- Elzo, J. (Codir.). (2014). *Jóvenes y valores I. Un ensayo de tipología*. Centro Reina Sofía sobre Adolescencia y Juventud y Fundación de Ayuda contra la Drogadicción.
- Fernández-García, A., Poza-Vilches M.F e Fiorucci, M. (2015). Análisis metateórico sobre el ocio de la juventud con problemas sociales. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 25, 191-141.
- Gaitán, L. (2010). Sociedad, infancia y adolescencia, ¿de quién es la dificultad? *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 17, 29-42.
- García-Castilla, F.J., Melendro, M. e Blaya, C. (2018). Preferencias, renuncias y oportunidades en la práctica de ocio de los jóvenes vulnerables. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 31, 21-52.
- Gómez-Granell, C. y Julià, A. (2015). *Tiempo de crecer, tiempo para crecer*. <https://ajuntament.barcelona.cat/tempsicures/sites/default/files/Tiempo%20de%20crecer%20-%20Castell%C3%A0%20web.pdf>
- Hernández, M. A. y Álvarez, J. S. (2017). El ocio punto de inclusión o exclusión. Una mirada crítica. En J. A. Lera (Coord.), *II Congreso Online sobre Desigualdad Social, Económica y Educativa en el Siglo XXI*. (pp. 449-463). Universidad Autónoma de Tamaulipas. <http://www.eumed.net/libros-gratis/actas/2017/desigualdad/33-el-ocio-como-punto-de-inclusion.pdf>
- IGAXES (2020). *Memoria Año 2020*. IGAXES.
- INJUVE (2020). *Informe Juventud en España 2020*. [http://www.injuve.es/sites/default/files/adjuntos/2021/03/informe\\_juventud\\_espana\\_2020.pdf](http://www.injuve.es/sites/default/files/adjuntos/2021/03/informe_juventud_espana_2020.pdf)
- Kleiber, D. A, Lazcano, I., Madariaga, A. e Muriel, D. (2017) Satisfacción de las personas jóvenes con las actividades de ocio entre pares. *OBETS. Revista de Ciencias Sociales*, 12, 103-120.

- Lasheras, R. e Pérez Eransus, B. (2014). *Informe sobre exclusión y desarrollo social en España 2014 Jóvenes, desigualdades y exclusión social. Documento de trabajo 3.2*. FOESSA. [http://www.foessa2014.es/informe/uploaded/documentos\\_trabajo/15102014151419\\_4914.pdf](http://www.foessa2014.es/informe/uploaded/documentos_trabajo/15102014151419_4914.pdf)
- Latorre, A. (2005). *La investigación-acción. Conocer y cambiar la práctica educativa*. Graó.
- Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica de Menores, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuízamento Civil. 16 de febreiro, 1996. Núm. 15.
- Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia. 23 de xullo, 2015. Núm. 175.
- López-Noguero, F., Sarrate, M.L e Lebrero, M.P. (2016). El ocio de los jóvenes en situación de vulnerabilidad. Análisis discursivo. *Revista Española de Pedagogía*, 263, 127-145.
- Melendro, M. (dir.) (2007). *Estrategias educativas con adolescentes y jóvenes en dificultad social. El tránsito a la vida adulta en una sociedad sostenible*. UNED.
- Melendro, M. (2011). El tránsito a la vida adulta de los jóvenes en dificultad social: la incidencia de la intervención socioeducativa y la perspectiva de profesionales y empresarios. *Revista de Educación*, 356, 327-352.
- Melendro, M., Rodríguez A.E. (2013). *Intervenciones con menores y jóvenes en dificultad social*. UNED.
- Melendro, M. (coord.), Cruz, L., Iglesias, A. e Montserrat, C. (2014). *Estrategias eficaces de intervención socioeducativa con adolescentes en riesgo de exclusión*. UNED.
- Navarro, J.J, Pérez, J.V. e Perpiñán, S. (2015). El proceso de socialización de los adolescentes: entre la inclusión y el riesgo. Recomendaciones para una ciudadanía sostenible. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 25, 143-170.

- Pérez-Serrano, G. (1994). *Investigación cualitativa. Retos, interrogantes y métodos*. La Muralla.
- Pérez-Juste, R., Galán, A. e Quintanal, J. (2012). *Métodos y diseños de investigación en educación*. UNED.
- Rodríguez, A.E., López, F. e González, A.L. (2018). El ocio de los jóvenes vulnerables: importancia, satisfacción y autogestión. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 31, 81-92.
- Ruiz, J.I. (2007). *Metodología de la investigación cualitativa*. Universidad de Deusto.
- Save the Children (2004). *¿Así que quiere hacer participar a los niños y niñas en la investigación? Paquete de herramientas para apoyar la participación significativa y ética de los niños y niñas en la investigación relativa a la violencia contra los niños y niñas*. <http://ibdigital.uib.es/greenstone/sites/localsite/collect/cd2/index/assoc/stc0023.dir/stc0023.pdf>
- Tarín, M. e Navarro, J.J. (2006). *Adolescentes en riesgo. Casos prácticos y estrategias de intervención socioeducativa*. CCS.
- Taylor, S.J e Bogdan, R. (2010). *Introducción a los métodos cualitativos*. Paidós.
- Toledano, Ll. (2005). Infancia en riesgo social... ¿De quién hablamos? *RES. Revista de Educación Social*, 4. <https://eduso.net/res/revista/4/infancia-en-situacion-de-riesgo-social/infancia-en-riesgo-social-de-quien-hablamos>
- Trigo, V. (2001). Contextos de ocio y desarrollo humano. En M. Csikszentmihalyi, M. Cuenca Cabeza, C. Buarque, V. Trigo e outros, *Ocio y desarrollo. Potencialidades del ocio para el desarrollo humano* (pp. 207-223). Universidad de Deusto.
- UNICEF (s.f). *Convención sobre los Derechos del Niño*. <https://www.unicef.es/causas/derechos-ninos/convencion-derechos-ninos>
- Valverde, L.A. (1993). El Diario de Campo. *Revista Trabajo Social*, 18(39), 308-319.

- World Leisure and Recreation Association (2004). International Charter for Leisure Education [ed. en español en: Cuenca Cabeza, M. (2004) *Pedagogía del Ocio: Carta de la Educación del Ocio: modelos y propuestas* (pp. 315-324) Universidad de Deusto.
- Yin, R.K. (1994). *Case Study Research: Design and Methods*. Sage Publications, Thousand Oaks, CA.



# ANEXOS

**Anexo nº1.** Protocolo da entrevista a profesionais que traballan na vivenda tutelada de Santiago de Compostela no Programa Mentor en IGAXES.

**Anexo nº2.** Historias de vida referidas ao ocio das mozas e mozos da vivenda tutelada de Santiago de Compostela.

**Anexo nº3.** Guía de observación do diario de campo.

**Anexo nº4.** Protocolo do grupo de discusión coas mozas e mozos da vivenda tutelada de Santiago de Compostela.

**Anexo nº5.** Reflexións do Equipo Educativo da vivenda tutelada de Santiago de Compostela sobre o exposto polas/os mozas/os no grupo de discusión.

**Anexo nº6.** Resumo das entrevistas aos profesionais.

**Anexo nº7.** Resumo do grupo de discusión coas mozas/os da vivenda tutelada.



# **ANEXO Nº I**

Protocolo da entrevista a profesionais que traballan na vivenda tutelada de Santiago de Compostela no Programa Mentor en IGAXES



## **PROTOCOLO DE ENTREVISTA A PROFESIONAIS QUE TRABALLAN NAS VIVENDAS TUTELADAS DO PROGRAMA MENTOR EN IGAXES**

A presente entrevista en profundidade defínese como unha técnica cualitativa de recollida de datos para a elaboración do Traballo de Fin de Grao. Con ela preténdese recoller información de profesionais da Educación Social que están a traballar no marco das Vivendas Tuteladas (VT) do Programa Mentor, dentro da entidade IGAXES3.

O obxectivo da mesma é coñecer a percepción que ten o persoal profesional da VT de Santiago de Compostela en relación aos tempos libres e de ocio das mozas e mozos que se atopan no recurso.

Solicítase ás participantes que respondan con total sinceridade para unha mellor aproximación á realidade que se quere analizar, expresándose con total liberdade. Trátase dunha entrevista na que se garante o anonimato, non sendo publicada en ningún outro sitio a excepción do documento académico citado anteriormente, garantido a total confidencialidade.

### **I. FORMACIÓN, EXERCICIO PROFESIONAL E FUNCIÓNS**

- Titulación universitaria.
- Tempo traballado no ámbito de menores.
- Tempo traballado nas VT do Programa Mentor de IGAXES3.
- Categoría profesional a ocupar.
- Funcións a desenvolver.

## **2. TEMPOS LIBRES E TEMPOS DE OCIO DAS MOZAS E MOZOS**

- Desde a ollada como profesional, cales son as actividades que priman no tempo libre das mozas da vivenda? Están máis enmarcadas en actividades de carácter activo ou pasivo?
- Tempos libres e tempos de ocio, son conscientes as mozas da diferenza? Desde a acción profesional faise fincapé nesta diferenciación?
- Cal é o nivel de autonomía e grao de motivación dos e das mozas nas prácticas de ocio (tanto a nivel individual como colectivo)?
- As rapazas e rapaces son quen de recoñecer os beneficios que estes tempos reportan no seu día a día? Como profesional, en que aspectos da moza ou mozo o percibes?

## **3. PEDAGOXÍA DO LECER: PROGRAMACIÓN E ESTRUTURACIÓN DO OCIO.**

- Que elementos se teñen en conta á hora da elaboración e deseño da programación de ocio da vivenda? Valóranse as realidades e contextos de ocio que experimentaran as mozas antes de acceder a este recurso? De que forma?
- As propostas de ocio, constrúense a partir das motivacións que as mozas e mozos manifestan ou trátase dun proceso máis directivo no cal a motivación é traballada posteriormente?
- Respecto á Pedagogía do Ocio, cal é percepción como profesionais sobre a súa necesidade? Considérase precisa maior formación nesta materia (tanto para as/os educadores como para as mozas e mozos)?

- Cal é o valor/peso que ten o ocio na acción profesional e no día a día da vivenda? Algúns beneficios a nivel persoal/grupal físicos, psicolóxicos, sociais e/ou globais que identifiques.

#### **4. EXPERIENCIAS DE OCIO**

- Ocio como obriga, o que lles gusta facer ou o que deben facer?
- Experiencias de ocio que dan lugar ao desenvolvemento persoal das mozas, cales son as responsabilidades das educadoras para con esta afirmación?
- Como se artella desde a vivenda a perspectiva comunitaria do ocio? É algo que está presente?
- Ocio como unha actividade concreta e como un proceso en si mesmo, como se compaxinan ambas realidades?
- Que modificacións se produciron nos tempos libres e de ocio dos mozos e mozas a raíz da pandemia? Que cambios se experimentaron no que respecta ás intervencións educativas en materia de ocio a partir da situación de confinamento?

#### **5. POTENCIALIDADES, LIMITACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA**

- Cales son os puntos fortes e os débiles do tratamento do ocio que se fai desde a VT de Santiago de Compostela?
- Como educador/a responsable da estruturación dos tempos da vivenda, que modificacións e/ou accións consideras pertinentes para alcanzar melloras nos tempos de ocio das rapazas e rapaces?



## **ANEXO N°2**

Historias de vida referidas ao ocio das mozas e mozos da vivenda tutelada de Santiago de Compostela.



## **MOZO 1**

La vida, esa compleja sintonía de factores no concluyentes. Desde que tengo uso de razón constantemente mi vida ha estado en movimiento, ya sea por circunstancias ajenas a mi persona o por actividades que al fin y al cabo no concluían de una forma completa y acertada con lo que en verdad debería de suponer. No recuerdo ya a que edad fue pero se que era lo suficientemente pequeña como para no poder estar sola en una piscina cuando mi tutor legal me apuntó a piscina, pero no a clases de natación sino que simplemente a piscina, a nadar cual pez sin aletas en un mar profundo y peligroso. Tiempo después decidí que era el momento de sentirme realizada en el sentido atlético de la palabra y me apunté a Voleibol, no fue como se suponía que debería de ser ya que al tiempo me aburrió por falta de interés, salí a correr diariamente para mantenerme en forma pero al tiempo también dejó de interesarme, probé mil veces más la piscina pero eso de estar a remojo cual garbanzo no parecía convencerme. Hasta que un día, un cumpleaños, me regalaron unos patines de línea rojos, en aquel entonces era lo que más quería probar ya que nada parecía gustarme. Tanto me gustó, tanto fue el empeño que deposité en patinar que lo hacía incluso dentro de casa, paseando al perro, sacando la basura e incluso para ir a comprar. Todo en lo que podía utilizarlos cogía los patines y me iba hasta el infinito y más allá con ellos.

## **MOZO 2**

Desde que era un crío no he parado de hacer innumerables actividades en mi tiempo libre y hoy quiero exponerlas.

Para empezar, sobre los siete años mi actividad favorita eran los video-juegos, pues era un fanático de las videoconsolas. A mi parecer creo que tenía cierta obsesión y muchas veces me tenían que decir que parar de jugar. Digamos, también, que solía dedicarle más de dos horas al día, sabiendo a día de hoy que no es del

todo un mal hábito, pero el problema es que no me despegaba de la pantalla.

A medida que iba creciendo, me iba interesando más por el aire libre y, aunque muy crío había ido al parque, a partir de los ocho años empecé a ir más. Tal vez fuera porque conocí a la gente indicada que me animó a adentrarme en el mundo de lo sociable, o tal vez fuera por otro motivo, pero digamos que se había convertido en mi actividad favorita, por no hablar del fútbol, algo a lo que siempre le había tenido aprecio pero que muy pronto olvidé. Siguiendo con el asunto del parque, iba cada día si podía, pues era consciente de que también tenía que estudiar, aunque después no rascara bola. Se puede decir que dicha actividad me dio vida en su momento, pero unos años más tarde descubrí tres cosas que me cambiaron la vida.

Para empezar: el baloncesto. Un deporte de equipo que me enseñó de todo, desde manejar la frustración a ser humilde. A competir empecé con doce años, por lo que entrenaba tres días a la semana y los fines de semana tenía partido, algo que no me dejaba dormir los viernes, por cierto. Siendo sincero, tenía una organización un poco desastrosa, pues yo era muy poco iluminado de aquella y mis padres un tanto de lo mismo. Al final, llegaba a estresarme con tantas cosas: si la academia de Inglés, si el pádel y el bádminton... Un desastre todo.

Luego vinieron la escritura y la lectura, lo que más me apasiona en este mundo, a parte del cine. Leer para mi significa viaje, y da la casualidad de que siempre tengo tiempo para leer, sí lo siento, y para escribir también. Esta última actividad solía y suelo hacerla de poco en poco, aunque la gente me diga que escribo demasiado, siendo una burrada mis textos. Pero en general la lectura y la escritura me dan la vida siempre, y no creo que me llegue a cansar de ello.

Y por último, la restauración y las actividades de la vivienda. Puedo decir que a veces siento que no tengo tiempo para

mi tiempo, aunque suena algo absurdo, a veces es verdade, pero es lo que tiene una vida semiadulta. Sin embargo, los pequeños momentos siempre permanecen, aunque la mayoría del tiempo para mi sean agobios. Esos pequeños momentos, a parte de las innumerables charlas con los educadores, son, y lo vuelvo a repetir de nuevo, lo que me da la vida. Unos breves instantes que te hacen reflexionar sobre la vida adulta y lo que eso conlleva, sin olvidarse del entretenimiento, obviamente. Y aquí está lo bueno de pertenecer a este programa, y es que te das cuenta de que siempre vas a tener tiempo para ti, aunque solo sean unas horas, para reflexionar, divertirse con tus amistades y esas cosas de adolescentes, que más puedo decir. Nos enseñan a apreciar nuestro tiempo libre y eso no incita a una mejor organización.

Ahora mismo, mi ocio es escribir, leer y estar con mis amigos. Sin embargo, mi tempo libre es reflexionar conmigo mismo, dándole vueltas a todas aquellas cosas que me han sucedido a lo largo del día, durante los meses anteriores, o los años transcurridos. Para reflexionar tengo todo el tiempo del mundo.

### **MOZO 3**

Esta é a historia dunha rapaza, unha rapaza nacida no 14 de xullo de 2003. Os seus primeiros anos de vida son tempos que, nos días de hoxe, non recorda ou, se o fai, é con moi pouca claridade. Desde o minuto cero foi unha rapaza moi querida por toda a súa familia, a frase popular da casa “deixa, xa quedo eu ca meniña”, era a rapaciña dos ollos de todo o mundo, a alegría da casa.

Pouco a pouco a pequena neniña foi crescendo, dando os seus primeiros pasos e pronunciando as súas primeiras verbas: “topia, topia, topia”, tiña unha grande devoción por xogar á pelota, mais coñecida neses momentos como a indescifrable “topia”. E os 14 de xullo pasaron, e a rapaciña seguiu medrando e medrando, aprendendo a nadar, indo á praia, canturreando polos ricóns até ser a maior artista da casa, debuxando coma unha boa pintora e,

até chegou a aprender a ganchillar, a xogar ao chinchón coa súa tía. Na actualidade esta rapaza aférrase a todo o bo da súa curta vida para poder afrontar con boa cara e moitas ganas a que agora mesmo está a vivir. Ela pensa que os recordos son os antecesoros dos soños.

#### **MOZO 4**

O 27 de maio de 2004 naceu unha guerreira, unha rapaza loitadora, moi festeira e graciosa. No 2011 anotárona a danza, bailaba, xogaba e ríase, pasándoo moi ben. No 2013 apuntárona a shuffle e voleibol onde aprendeu diferentes tipos de deporte e actividades. Adora ir a estas actividades, pois en shuffle coñecía un montón de xente e pasábao xenial. En canto ao voleibol, ao principio gustábase-me mais a medida que foi crescendo acabou por aburrir. A partir do 2019 deixou de facer deporte e, no seu tempo de ocio, tomou a decisión de quedar coas amigas, pasear e tomar algo, ir ao skate, levar a súa irmá ao parque, xogar a xogos de mesa, ás escondidas. Aquí aprendeu que non hai nada máis bonito que pasar tempo coa xente que queres... Agora esta rapaza vive nun Piso Mentor, onde o tempo de ocio a levan a coñecer Santiago, aprender sobre cultura, tomar xeados, pasear, patinar, facer Escape Room, obra-  
doiros de maxia, ao cine... e un montón de sitios máis.

Para min o ocio non é só pasalo ben, senón tamén aprender. Sen ocio ninguén é feliz. Ocio igual a vida.

## **ANEXO N°3**

Guía de observación do diario de campo.



GUÍA DE OBSERVACIÓN		
FIN DE SEMANA	SÁBADO	DOMINGO
<b>Tempo liberado</b> de responsabilidades formativas, tarefas do fogar, actividades do PEI.		
<b>Tempo compartido</b> co grupo de iguais / familia / parella.		
Actividades de <b>ocio programadas</b> polo EE e actitude.		
Actividades de ocio <b>elección propia</b> e actitude.		
Actividades de <b>ocio pasivo</b> .		
Actividades de <b>ocio autotélico/ valioso</b> .		
<i>Outras observacións</i>		



## **ANEXO N°4**

Protocolo do grupo de discusión coas mozas e mozos da vivenda tutelada de Santiago de Compostela.



## PROTOCOLO GRUPO DE DISCUSIÓN COAS MOZAS E MOZOS DA VT DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O grupo de discusión defínese como unha técnica cualitativa de recollida de datos para a elaboración do Traballo de Fin de Grao. Con ela preténdese recoller información das mozas/os que están a residir nas vivendas tuteladas do Programa Mentor, dentro da entidade IGAXES3.

O obxectivo deste é coñecer a percepción que teñen os/as adolescentes da VT de Santiago de Compostela en relación aos seus tempos libres e de ocio.

Solicítase ás participantes que respondan con total sinceridade para unha mellor aproximación á realidade que se quere analizar, expresándose con total liberdade. Trátase dun grupo de discusión onde que se garante o anonimato, non sendo publicado en ningún outro sitio a excepción do documento académico citado anteriormente, garantido a total confidencialidade.

**DATA:** 28 de marzo de 2021.

**DESENVOLVEMENTO:** aproveitando o espazo do comedor e a hora da cea, propoñeráse ás cinco mozas/os da vivenda de Santiago participar no grupo de discusión (avisadas previamente desta dinámica).

### CUESTIÓNS A ABORDAR:

- **Diferencia** entre tempos libres e tempos de ocio.
- **Historia** das actividades de **ocio**. Exposición da historia feita con anterioridade.
- **Preferencias** actuais para o tempo de ocio. A súa autonomía en relación ás actividades/prácticas de ocio.
- Canto de **importante é o ocio** na vida diaria (a nivel físico, psicolóxico, emocional...).

- **Opini3n** sobre a **organizaci3n** dos tempos de ocio desde a vivenda. Demasiada organizaci3n? Percepci3n de **obriga**? Ganas/gusto por **participar** ou non?
- As **actividades de ocio programadas** e/ou organizadas desde o EE, cal 3 o nivel de **importancia** a t3tulo persoal e no marco da **vivenda**? Valoraci3n persoal.
- **Propostas de mellora** de cara a abordaxe dos tempos de ocio e/ou a programaci3n de ocio no marco da VT de Santiago de Compostela.
- Ocio como factor **de exclusi3n/inclusi3n**.

## **ANEXO N°5**

Reflexións do Equipo Educativo sobre o expo-  
sto polas/os mozas/os no grupo de discusión.



Opini3n mozos/as	Resposta/Proposta do EE
<p><b>Actividades grupais impostas</b>, que as infantiliza e sen autonomía de decisi3n.</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. As actividades que a VT prop3n pretenden, non s3 crear boa convivencia, se non achegalas a novas propostas que descoñecen. Isto 3 unha necesidade m3is, como aprender a facer a compra ou un CV.</li> <li>2. O EE ten que reflexionar e cambiar a tendencia se non se est3 involucrando o suficiente 3s mozas nesta proposta. Para isto, as compa3eiras de fin de semana deberían levar o peso desta dinamizaci3n e as educadoras de semana apoi3lo e dar seguimento.</li> <li>3. As mozas deben dar un paso adiante e facer propostas que lles interesen de verdade.</li> </ol>
<p><b>Tempos de ocio</b> limitados e estruturados. Confusi3n con normas non escritas (ocio d3a si e d3a non, 3h, etc).</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aclarar que non existe a norma sa3r 1 d3a si e 1 d3a non e pedir desculpas por non ter sido claras a este respecto.</li> <li>2. Aclarar que a norma, como en toda casa onde existen adultas responsables, 3 velar polo cumprimento das obrigas formativas, laborais ou residenciais e unha vez superado isto, favorecer os tempos de ocio con amizades. Pedir aqu3, que se te3a en conta con responsabilidade cales son esas obrigas e comprender que hai etapas nas que 3 m3is complicado conciliar.</li> <li>3. Pedirlles que colaboren con n3s na confianza: deben ser transparentes e falarnos do seu c3rculo, dos seus plans. Non queremos fiscalizar, queremos acompa3ar.</li> <li>4. Puntualizar algo moi importante: ao igual que van ga3nando autonom3a noutras 3reas, necesitan ga3ar autonom3a na xesti3n dos seus tempos. Cando unha moza suma autonom3a reduce a presenza da educadora. Se o EE non ten que facer un seguimento do estudo ou das responsabilidades na casa como temos que facer actualmente con elas, ter3n esa autonom3a na s3a organizaci3n. Do contrario, 3 pronto.</li> </ol>
<p><b>Estruturaci3n esaxerada e saturaci3n</b> de xesti3ns/ tarefas. Ausencia de flexibilidade na xesti3n dos seus tempos independentes de ocio.</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. O EE debe ter moi presente a saturaci3n das mozas, 3 totalmente real. Te3nen moita carga de xesti3ns. Moitas van ser directamente imposibles de eliminar e corresponden a parte formativo-laboral e da autonom3a do fogar. As educadoras de semana deben ter m3is presente isto 3 hora de xestionar e saber darlles espazos para elas.</li> <li>2. Flexibilidade nas tarefas: O EE debe favorecelo na medida do posible. Recordar que 3 posible mudar tarefas se se organizan entre elas e hai bo clima (responsabilidade de todas).</li> <li>3. Tempos e desprazamentos: xa se est3 a xestionar isto desde que fixeron a proposta e esa 3 a obriga do EE.</li> </ol>

<p><b>Discriminación</b> condición tuteladas (xestión dos seus tempos de ocio)</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Cómpre diferenciar con elas o que corresponde a ser mozas "tuteladas" e ser mozas que viven nun contexto de control e coidado ao que foron alleas durante toda a súa vida anterior. Reflexionar sobre o concepto de idealización. Exemplos: M1 e M3 saían pola noite con 13-14-15 anos e iso non é o normal. M4 estaba afeita a estar todos os días 6h na rúa sen facer ningunha actividade. Iso non é o normal.</li> <li>2. Ser todas conscientes, EE e mozas, que elas con 17-18 anos teñen que asumir unha realidade que as obriga a madurar antes e ter incorporado na súa organización do día a xestión do fogar, a busca de emprego ou o traballar. Isto pode verse como inxusto e así o é, pero non é unha connotación solo negativa pois tamén as fortalece como mozas independentes e empoderadas que están traballando xa polo seu futuro.</li> <li>3. O EE ten que ser consciente de que esta diferenciación existe e debe traballar para reducir ao mínimo posible este condicionante. As mozas deben sabelo e percibilo. Mellorar a flexibilidade será unha parte importante para isto.</li> </ol>
<p><b>Distanciamento</b>, incompreensión por parte da EE</p>	<p>*Puntualizar que desde o EE non se ten esta impresión e que existe accesibilidade ante propostas no ámbito do ocio.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Trasladar preocupación por esta visión da Vivenda e EE e facilitar canles de comunicación e confianza (máis).</li> <li>2. Recoñecer, sen vergoña, que aínda que se fai todo por e para elas, ás veces pode caerse en dinámicas ou empregar metodoloxías que poden ir quedando obsoletas ou estar erradas. Para iso, o EE debe esforzarse por seguir mellorando.</li> <li>3. Agradecer a súa sinceridade e animalas a participar máis deste xeito no rumbo da casa, diferenciando que estas propostas non poden quedarse na protesta sen máis e hai que acompañala de alternativas.</li> <li>4. As Asembleas son espazos semanais destinados a favorecer esa participación e non se están empregando de tal xeito</li> </ol>

## **ANEXO N°6**

Resumo das entrevistas aos profissionais.



## RESUMO ENTREVISTA EDUCADOR I

### 1. FORMACIÓN, EJERCICIO PROFESIONAL E FUNCIÓNS

- Pedagogía / Educación Social.
- 8 anos en menores / IGAXES.
- Educador de día / Responsable de Vivenda.

### 2. TEMPOS LIBRES E TEMPOS DE OCIO DAS MOZAS E MOZOS

- Tempos de lecer pasivos entre as mozas debido a falta de experiencias que lles permita acceder a novas experiencias de ocio máis alá das “tradicionalis” (quedar con amizades, ver series, móbil e redes sociais...).
- Existe unha confusión entre tempos libres e tempos de ocio, empregándoos como sinónimos e entendendo ambos como aqueles nos que non teñen ningunha obriga.
- Desde a vivenda inténtase facilitar e/ou dirixir actividades de ocio valioso que poidan ser do interese dos/as adolescentes, o que deriva no incumprimento dunha das premisas do ocio, que se corresponde coa voluntariedade e non obrigatoriedade de realizar unha actividade.
- A alta carga de xestións das/os mozas/os (tarefas formativas, coidado da casa, busca de traballo...) pode ser un motivo polo cal ás veces as rapazas e rapaces asocien actividades de ocio como unha carga a maiores.
- O nivel de autonomía e grao de motivación varía en función dos/as rapaces e rapazas. En canto á area do ocio, vese influenciada por:

- Un nivel de autonomía baixo en todas as áreas, incluído a de ocio e tempo libre.
  - A falta de estímulo e mundo interior inflúe no nivel de motivación para a práctica de novas experiencias e, por conseguinte, no de autonomía (acostumadas/os a ocio pasivo, sen máis opcións ou alternativas).
  - A baixa autoestima e exposición ao estigma social derivado da súa situación de mozas e mozos en situación de vulnerabilidade nun centro de protección leva a sentimentos de medo a saír da zona de “confort”.
  - A etapa da adolescencia (apetecen experiencias ou actividades moi específicas e concretas).
- Os beneficios que os tempos de ocio teñen nas mozas e mozos conséguense cando a actividade é desfrutada e interesa. No momento no que se acadan experiencias prazenteiras eles/as son conscientes e capaces de recoñecelas como un aporte positivo na súa vida, influíndo de maneira directa no estado emocional e, por conseguinte, na autoestima, integración, facilitando coñecer outras persoas/alternativas e crear novas redes de amizades... Isto leva a situar como esencial o **traballo de acompañamento e achegamento a novas experiencias** por parte das educadoras/es.

### 3. PEDAGOXÍA DO LECER: PROGRAMACIÓN E ESTRUTURACIÓN DO OCIO.

#### 3.1 PROGRAMACIÓN DE OCIO

- Os **obxectivos** da Programación de Ocio:
  - Conseguir un lecer auto-xestionado polas mozas.

- Transformar o lecer de consumo a un lecer de proposta-facer.
  - Promover a participación comunitaria.
  - Ter en conta as experiencias previas das mozas/os e incorporalas ás programacións.
- As dificultades na elaboración da programación:
    - A falta de propostas por parte dos/as adolescentes (non existe unha bagaxe na área do lecer).
    - Necesidade de involucrar máis ás rapazas e rapaces no aporte de actividades.
  - Ter en conta a súa historia de vida para a programación é fundamental, tanto as actividades que practicaban como o xeito na que as tiñan integradas no seu día a día.
  - No referido á elaboración da programación de ocio cómpre sinalar varias cuestións:
    - Varía en función do perfil de rapaces e rapazas que haxa na vivenda e do desenvolto que teñan a área de ocio e a capacidade participativa/dinamizadora.
    - A motivación das/os mozas/os para coas dinámicas e actividades de ocio é boa en xeral.
    - A motivación pode verse danada pola continuidade/organización que se lle outorgue ás dinámicas de lecer no marco da vivenda. Así pois, débese traballar en incluír o lecer/ocio como un elemento máis que configura a dinámica diaria e os tempos da vivenda, equiparando os tempos de ocio igual aos tempos de ir á compra e/ou facer as tarefas da casa.

- A programación de ocio tamén amosa eivas no que se refire a actividades de carácter máis comunitario, presente noutros momentos mais que tiveron que deterse a raíz da pandemia. Ademais, os/as educadores/as en ocasións non contan coa capacidade de lograr que as mozas/os enganchen en actividades externas á vivenda como poden ser equipos de fútbol, asociacións de teatro, etc., debido a que non é posíbel a xestión deses grupos externos para facilitar a inclusión das mozas.
- É importante contar cun ocio programado, mais tamén debe existir un ocio natural e integrado na vida da casa, é dicir, tempos compartidos aos cales as educadoras/es lle dean a importancia que ten como nexo de unión e reforzo das relacións entre as/os convivintes.
- Do mesmo xeito, o EE tamén debe ser referente e/ou modelos de ocio para os/as mozos/as. Un elemento clave para a motivación das mozas é que as educadoras participen nas dinámicas de ocio programadas e que as disfruten.

### 3.2 PEDAGOXÍA DO LECER

- Os/as profesionais deben contar con formación en materia de ocio que os/as doten de competencias concretas en dinamización e na aplicación da Pedagogía do Ocio. Do mesmo xeito, o perfil e/ou personalidade da persoa educadora tamén vai delimitar a forma de vivir os tempos de ocio.
- Esta formación en Pedagogía do Lecer nas/os mozos/as debe ser adquirida a través de experiencias que lles permitan ir conformando os propios intereses.

### 3.3 O PESO DO OCIO NAVT DE SANTIAGO

- O lecer entendido como estratexia para liberarse de rutinas e preocupacións, que axuda á cohesión a partir de compartir espazos fóra da vivenda onde xorden experiencias diferentes e se crean vínculos de confianza.
- Para os/as profesionais, os tempos de ocio son posibilitan establecer conexións coas mozas/os, creando un vínculo que logo facilitará a intervención noutras áreas máis complexas.
- Actualmente, o ocio que se tiña na vivenda veuse transformado pola situación de pandemia. É dicir, antes primaba pasar tempos fóra en actividades ao aire libre. Actualmente, configurouse un ocio ligado ao fogar, con actividades e dinámicas dentro da propia casa.

### 4. EXPERIENCIAS DE OCIO

- Para conseguir do ocio unha experiencia persoal de desenvolvemento é indispensable que o persoal educativo faga unha tarefa de acompañamento e proposta a partir da creación dun vínculo que posibilite maior coñecemento da moza ou mozo.
- En canto ao lecer comunitario, actualmente é ausente pola situación de pandemia aínda que, xeralmente, é unha liña moi presente na vivenda (xornada de portas abertas, Itinera, actividades en centros socioculturais...). Así pois, agora mesmo a dimensión máis social do lecer non está presente, xa que todas as actividades que se están a facer redúcense ao núcleo de convivencia.
- Para conseguir procesos de desenvolvemento persoal a partir do ocio é preciso compromiso e continuidade con

experiencias que funcionaron, incorporándoas ao hábito e rutina.

- As experiencias de ocio están condicionadas pola carga de traballo e tempos aos que está suxeita a dinámica da vivenda, reducíndoas un segundo plano e non incluíndoas como un aspecto esencial para a saúde e desenvolvemento dos/as adolescentes.
- A pandemia influíu nas experiencias de ocio en tanto que:
  - Baixaron os ritmos e obrigas tanto para as mozas/os como para as/os educadoras/es dando lugar a compartir tempo de calidade.
  - Desenvolvéronse actividades dentro da vivenda, fomentando a autoxestión e organización destas por parte das mozas.

## **5. POTENCIALIDADES, LIMITACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA**

- Puntos fortes:
  - Capacidade dinamizadora das educadora e bagaxe cultural e social traballada e diferente.
  - Habilidade do EE para vincular coas mozas/os.
  - Desde o EE amósase satisfacción e participase coas adolescentes nas diferentes propostas e dinámicas de lecer.
  - Existencia dunha boa relación e vínculo entre as/os profesionais que conforman o EE.
- Puntos febles:

- Necesidade do EE de mellorar a capacidade organizativa, é dicir, ser quen de poñer o foco no importante e non sobrecargar con xestións e/ou propostas.
  - A formación continua debe ser unha constante por parte dos/as profesionais.
  - Descoñecemento e/ou baixa comprensión por parte das/os educadoras/es das dinámicas e intereses en termos de ocio das rapazas e rapaces.
- Propostas mellora:
- Liberar tempos de calidade para as/os adolescentes.
  - Reducir os ritmos de traballo das/os educadoras/es para non transmitir sensación de presión e inmediatez.
  - Promover a formación continua.
  - Traballar na capacidade dinamizadora tanto con elas/es como no contacto con outros recursos e/ou entidades que traballen a área de lecer.

## **RESUMO ENTREVISTA EDUCADOR 2**

### **I. FORMACIÓN, EXERCICIO PROFESIONAL E FUNCIONES**

- Educación Social – Doutora en Educación.
- 6 meses en IGAXES (aprox.).
- Controladora TAI.

## 2. TEMPOS LIBRES E TEMPOS DE OCIO DAS MOZAS E MOZOS

- Prima o tempo libre pasivo, aínda que hai mozas/os practicaban algunha actividade antes da pandemia. Polo xeral o uso do móbil está máis en alza.
- Adóptase unha actitude máis activa a través dun ocio directivo e de proposta.
- Non son conscientes entre a diferenza de tempos libres e tempos de ocio.
- Como profesionais non se fai fincapé nas diferentes implicacións que teñen o uso dos tempos pero si se intenta que os tempos de ocio ocupen os tempos libres.
- No tempo libre de tarefas/responsabilidades as/os adolescentes buscan o seu espazo e tempo individual, é dicir, a práctica de lecer adoita ser individual.
- A raíz da pandemia tamén se confirmou que a pesar de ter moito tempo de libre disposición, os/as rapaces e rapazas non buscan realizar outro tipo de actividades e/ou dinámicas.
- As/os adolescentes son capaces de ver e valorar os beneficios que lle reportan as actividades que se programan e deseñan desde o EE. Así pois, son conscientes do benestar que os tempos de ocio lle producen e pode percibirse no seu estado de ánimo.
- En canto á motivación/autonomía moitas/os delas/es teñen a intención e vontade para con determinadas actividades mais non chegan a executalas (manualidades, ler, facer deporte...). Isto pode vir producido por non saber canalizar a motivación e/ou por preferir outras prácticas de ocio relacionadas con tecnoloxías (redes sociais, visualización de series...).

### 3. PEDAGOXÍA DO LECER: PROGRAMACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DO OCIO.

#### 2.1. PROGRAMACIÓN DE OCIO

- Abarca o ocio individual de cada un/unha dos/as mozos/as e as actividades conxuntas da vivenda.
- Non se trata dunha programación con grandes pretensións, senón actividades que se enmarcan no contexto das/os rapaces e rapazas e no marco da VT.
- Inclúe dinámicas e/ou actividades que promovan as relacións sociais, favorecendo a súa inclusión (mozas/os que veñen doutros lugares, coñecemento dos recursos comunitarios da zona, etc.).
- As actividades previas que realizan as/os adolescentes non se teñen en conta nun inicio e vanse incorporado de forma paulatina a medida que se vai tendo maior coñecemento dos seus gustos, afeccións, historia de ocio.
- A programación posúe un enfoque máis directivo, traballando a motivación posteriormente.
- A actitude das/os mozas/os ante diferentes propostas adoita ser desinterese e cando son elas/es as que fan a proposta o abano de actividades e/ou dinámicas adoita ser escaso.
- Conseguir a motivación das mozas é un desafío para o EE, influíndo moitos factores externos, sendo o grupo un dos máis importantes.

#### 2.2. PEDAGOXÍA DO LECER

- Preocupación por parte do EE de que as prácticas de ocio sexan pedagóxicas, que teñan sentido e significado. Desenvólvese accións orientadas á Pedagogía do Ocio.

### 2.3. O PESO DO OCIO NA VT DE SANTIAGO

- Na vivenda o ocio ten gran peso en tanto que se adoita empregar os tempos e espazos de ocio para abordar aspectos que se queren traballar coas mozas, crear vínculo e diminuír a distancia entre profesional-moza.
- A carga de tarefas e/ou responsabilidades, a situación persoal de cada moza sitúa ao ocio nun segundo plano.
- Os beneficios que lle reporta o ocio ás/ós mozas/os é un desenvolvemento integral como persoas. Este ofrece beneficios a todos os niveis e todas, xerando oportunidades a raíz da práctica de ocio. Así pois, os tempos de lecer establécense como pilares de resiliencia, configurándose como estratexia para facerlle fronte ás adversidades.

### 4. EXPERIENCIAS DE OCIO

- Ante propostas de ocio desde a EE a actitude das mozas adoita ser, nun principio, negativa, vivíndoo con certa obriga porque se trata dunha dinámica enmarcada no contexto da vivenda.
- En canto ás responsabilidades do EE para coas experiencias de ocio este debe ter presente varias cuestións como a Pedagogía do Ocio; falar, organizar, analizar coas mozas/os as súas experiencias e facilitar que o lecer teña un sentido e un significado; crear espazos de reflexión e de conversa coas mozas sobre as prácticas de ocio e ser guías no seu desenvolvemento e nas súas prácticas de ocio para que sexan os/as adolescentes sexan conscientes e reflexionen a cerca do porque unha experiencia de ocio é ou non positiva.
- A perspectiva comunitaria do ocio está presente desde o EE (actualmente moi condicionada pola situación de pandemia).

- Referido ocio como actividade concreta e como proceso en si mesmo é posíbel sinalar que, por un lado, desde o EE organízanse actividades para que teñan un fío condutor e traballar certas destrezas aínda que en ocasións as mozas non chegan a percibir este obxectivo (isto vai depender madurez da moza). Por outro, o ocio na VT de Santiago é un eixo vertebrador, estando presente ao longo da semana e valorado por todo o EE, favorecendo o ocio individual (limitado agora mesmo pola situación de pandemia) e tamén desenvolvendo actividades concretas que se enmarcan nunha rutina de ocio, incluíndose na vida cotiá da casa.
- A raíz da pandemia obsérvanse diferenzas en función dunha vivenda a outra e nos intereses das mozas/os que estean no momento, estando isto influenciado polo espazo no que se convive, tipo de persoas, personalidade..., e repercutindo nos tempos de ocio. Asemade, nalgunhas vivendas este tempo de confinamento foi positivo e unha oportunidade para coñecerse e ter tempos de calidade e, noutras, existiu maior necesidade de buscar tempos individuais e evadirse do contexto da vivenda.

## **5. POTENCIALIDADES, LIMITACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA**

- En canto aos puntos fortes:
  - O tratamento do ocio é un aspecto importante a nivel EE, existindo unha cohesión e un enriquecemento desta área grazas á aportación e implicación de todas as profesionais.
  - Coherencia das propostas de ocio, con significado e contextualizadas, tendo en conta ás mozas, a súa realidade e o seu día a día.

- Propostas realizadas en base aos seus intereses e preferencias. Non se pensa calquera actividade e logo trabálase a motivación, senón que están pensadas e reflexionadas, fundamentadas.
- No referido aos puntos febles:
  - Ter máis en conta os intereses individuais de cada moza aínda que ás veces a posíbel falta de motivación e/ou coñecemento fai que non se teña tanto en conta por posíbeis negativas.
  - O ocio directivo aínda que tamén ten unha razón de ser relacionada con esa falta de motivación e escaso bagaxe de ocio que amosan a falta de oportunidades para ter experiencias de ocio positivas.
- Como posíbel propostas mellora pode definirse o coñecer máis a historia de ocio e as prácticas anteriores a entrar na vivenda dos/as rapaces e rapazas.

## **ANEXO N°7**

Resumo do grupo de discusión coas mozas e mozos da vivenda tutelada.



## 1. Diferenza entre tempos libres e tempo de ocio

- En xeral, as/os mozas/os entenden os tempos libres como aqueles liberados de obrigas e que poden ser ocupados de formas diversas. Só hai unha moza que confunde o tempo libre, equiparándoo ao tempo de ocio.
- En canto ao tempo de ocio enténdeno como como un tempo que se pode xestionar con total liberdade no que se desenvolven actividades para o desfrute individual.

### 2. Historia das actividades de ocio. Exposición da historia feita con anterioridade.

- En xeral, valoran que o ocio que tiñan foi pobre en canto a realización de actividades que lle gustaban e que primaba quedar con amizades.

### 3. Preferencias actuais para o tempo de ocio. A súa autonomía en relación ás actividades/prácticas de ocio.

- O ocio coas amizades e grupo de iguais é ao as/os adolescentes lle dan máis importancia actualmente.

## 4. Canto de importante é o ocio na vida diaria (a nivel físico, psicolóxico, emocional...). Motivos.

- As/os rapazas e rapaces identifican o lecer como unha parte esencial da súa vida diaria, incluíndoa como un elemento fundamental que as constrúe como persoas. Asemade, tamén o entenden como espazo para liberar o estrés, abandonar as preocupacións e dedicar tempo ao actividades de elección persoal.
- En xeral, asocian o ocio á socialización, á creación de relacións co grupo de iguais. Pola contra, sinalan como unha dificultade a súa condición de mozas e mozos en situación de exclusión, sinalando que ás veces prefiren socializar con

persoas que entendan a súa realidade e/ou situación e non a xulguen.

- Do mesmo xeito, os/as adolescentes sinala ao ocio como factor de exclusión porque a práctica realizada por compañeiras e compañeiros desta idade é diferente ao que eles/as experimentaron e experimentan.

**5. Opinión sobre a organización dos tempos de ocio desde a vivenda. Demasiada organización? Percepción de obriga? Ganas/gusto por participar ou non?**

- As rapazas e rapaces valoran que os tempos de lecer que teñen non son suficientes en tanto que para a idade na que están deberían posuír máis tempo para elas e o seu ocio. Do mesmo xeito, sinala que as tarefas e responsabilidades que teñen priman sobre os tempos de libre elección e, por conseguinte, sobre os tempos de ocio.
- Todas/os as/os mozas/os concordan en que a organización e/ou estruturación dos seus tempos lles dificulta manter unha relación de calidade co seu grupo de iguais e que, en ocasións, deixan de facer actividades por ter que responder á normativa e tempos da vivenda.

**6. As actividades de ocio programadas e/ou organizadas desde o EE (Equipo Educativo), cal é o nivel de importancia a título persoal e no marco da vivenda? Valoración persoal.**

- As actividades de ocio programadas desde o EE son valoradas de forma positiva para establecer vínculos entre as/os mozas/os da vivenda, fomentando a cohesión grupal e mellorando a convivencia. Asemade, os/as adolescentes admiten que cando se lles propón unha dinámica a súa primeira reacción é de non querer participar, amolándose

por ter que realizala, cunha actitude negativa. Unha vez que comezan a realizala acaban por desfrutar, descubriendo posibilidades e oportunidades de ocio que descoñecían.

- Referido ás actividades tamén sinalan que ás veces están descontextualizadas e non se adaptan á súa realidade, botando de menos propostas máis enfocadas a adolescentes. Isto contraponse coa idea que teñen acerca de que as actividades de lecer ofertadas polo EE están personificadas, recoñecendo tamén que moitas veces lévanse a cabo propostas concretas por diversión.
- As rapazas e rapaces tamén consideran que desde o EE se lle dá máis valor ás actividades grupais porque é o que máis afecta á vivenda, ao clima e ambiente de convivencia positivo.
- En ocasións vense obrigadas/os a participar nestas dinámicas de grupo que se recollen na programación a pesar de non ter ganas ou ter un mal día.
- Valoran que é preciso que se lle dea máis importancia aos seus tempos individuais e tempos para si mesmas/os, avogando a necesidade dun maior traballo para aprender a xestionar os tempos individuais de cara o futuro.

## **7. Propostas de mellora de cara a abordaxe dos tempos de ocio e/ou programación de ocio no marco da VT (Vivenda Tutelada) de Santiago de Compostela.**

- As mozas/os comentan que presentan dificultades á hora de quedar coas amizades debido á situación da vivenda e á estruturación dos tempos (hora de saída e regreso, tarefas, responsabilidades...). Isto atínxeno á existencia dunha organización excesiva en canto aos tempos de ocio desde o EE e desde o propio Programa Mentor.

- As rapazas e rapaces demandan que se valore máis o seu tempo propio e a libre elección para desfrutalo. Así mesmo, tamén reclaman maior autonomía e liberdade para a xestión individual dos tempos libres e dos tempos de ocio.

## **8. Ocio como factor de exclusión e/ou inclusión.**

- Os/as adolescentes recoñecen que residir nun centro de protección cunhas normas e/ou estruturación determinadas fai que a realidade do ocio tamén sexa diferente.
- Así mesmo, no contexto actual de pandemia as rapazas e rapaces identifican maiores restricións debido á súa situación de tuteladas/os, debendo seguir pautas acollidas á normativa da Xunta para centros de mozas e mozos, que impide a realización de plans e/ou actividades determinadas (sobre todo no referido ao contacto social).
- Asemade, non poder realizar certas dinámicas e/ou actividades provoca nas mozas un sentimento de inferioridade e/ou discriminación, comparándose con compañeiros/as da súa idade.
- As mozas/os recoñecen que non sentirse igual ás demais no que se refire aos tempos de ocio dificulta a socialización. Aínda que, pola contar, elas/es recoñecen o ocio como estratexia para unha maior inclusión no contexto.





# Ser muller en prisión: unha mirada dende as profesionais

Uxía Hadaly Romero Bouzas

Traballo gañador do 8º Concurso TFG.eduso na modalidade  
EDUCACIÓN SOCIAL ESCONDIDA.  
Universidade da Coruña.

Traballo de Fin de Grao de Educación Social.

Curso académico 2020/2021.

Titora do traballo: Laura Cruz López



## RESUMO

A teoría feminista serviu, entre outras moitas cousas, para poñer enriba da mesa a invisibilización que as mulleres sufrimos ao longo da nosa historia. Invisibilización que estivo presente ata non fai moito nas mulleres privadas de liberdade, e que se viu máis ou menos solucionada a nivel académico polas crecentes investigacións neste ámbito dende unha perspectiva de xénero. Porén, existe outro grupo de mulleres que, se ben non viven en prisión, pasan alí unha gran parte da súa vida e que seguen a ser ignoradas: as traballadoras, as profesionais, aquelas mulleres que coas súas accións traballan día a día pola inclusión das persoas privadas de liberdade.

Mediante unha análise bibliográfica e cinco entrevistas semi-estruturadas, este traballo pretende ser un pequeno paso que permita arrincar da obscuridade a estas mulleres, recollendo as súas vivencias e experiencias, os seus obstáculos e dificultades aos que tiveron que facer fronte. Estes elementos servirán de eixo que vertebre e organice tódalas discriminacións que as mulleres sofren en prisión, independentemente do lado dos barrotes no que se sitúen. Porque ollar á prisión a través dunha mirada feminista significa, si ou si, darlles voz ás profesionais que nela traballan.

**PALABRAS CHAVE:** mulleres, prisión, discriminación, profesionais.



# CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN .....	133
2. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA.....	135
2.1. Panorama Estatal das Institucións Penitenciarias....	135
2.2. Mulleres Privadas de Liberdade .....	138
2.3. Discriminación por Sexo das Mulleres Privadas de Liberdade no Marco Penitenciario.....	142
2.3.1. Unha dobre transgresión e un dobre castigo: patriarcado e privación de liberdade .....	143
2.3.2. Invisibilización da muller na normativa penitenciaria.....	146
2.3.3. Programas educativos .....	147
2.4. As Traballadoras en Prisión.....	149
3. METODOLOXÍA .....	155
3.1. Revisión e análise bibliográfica-documental.....	156
3.2. As entrevistas .....	156
4. RESULTADOS.....	159

4.1.	O perfil laboral: acceso, funcións e experiencia.....	159
4.2.	Prisión como contexto masculinizado: a concreción do machismo a través de percepción e experiencias .....	162
4.3.	Discriminacións das mulleres privadas de liberdade .....	174
4.4.	Avances e propostas de mellora .....	190
5.	CONCLUSIONES.....	197
6.	REFERENCIAS.....	201
7.	ANEXOS.....	207

## I. INTRODUCCIÓN

O feminismo leva séculos expoñendo, estruturando e analizando a realidade política, económica, cultural e social na que viven as mulleres ao mesmo tempo que propón alternativas igualitarias e non discriminatorias. Así é todo seguen existindo certos contextos que, debido ás súas restricións (tanto físicas como burocráticas), seguen reproducindo de maneira moi intensa comportamentos e actitudes machistas. Entre eles atopamos as institucións penitenciarias, espazos nos que debido ao seu hermetismo e masculinización (non só en canto ás persoas privadas de liberdade senón tamén en canto ás persoas profesionais que alí traballan e incluso á propia estrutura institucional), seguen estando ocultos a certas análises con perspectiva de xénero.

A situación das mulleres privadas de liberdade en prisión e as discriminacións que estas sofren pola súa condición de muller foron tratadas dende diversos ámbitos académicos, cun pulo moi importante nos últimos anos de estudos con perspectiva de xénero e feminista. Así é todo, existe unha gran parte de mulleres tamén en prisión que seguen invisibilizadas e ignoradas: as mulleres funcionarias e traballadoras; xa que foi fai relativamente pouco que elas puideron acceder a este mercado laboral.

Entender as diversas miradas que estas mulleres teñen sobre a prisión (ben sexan como usuarias, ben como traballadoras) é un elemento chave para poder comprender a súa realidade dunha maneira transversal. É polo tanto obxectivo deste traballo poñer

enriba da mesa a necesidade de estudar o panorama estatal penitenciario dende unha perspectiva feminista que de voz ás propias mulleres que traballan en prisión para poder, así:

- Identificar e analizar as maneiras na que o patriarcado e o machismo operan sobre as mulleres en prisión, tanto no seu papel de internas como no seu rol de traballadoras e/ou funcionarias.
- Identificar as similitudes e diferenzas entre as experiencias das internas e das traballadoras.
- Proponer posibles solucións ás desigualdades de xénero nestas institucións

## 2. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA

A análise crítica dos contextos sociais é un elemento chave tanto na profesión de Educación Social como no ámbito da teoría feminista. É por iso que, para poder mudar a realidade, faise preciso coñecela en profundidade: identificar espazos, axentes e suxeitos, actividades, percepcións, condutas, emocións, imaxinarios sociais... é dicir, todos aqueles elementos máis visibles que son reproducidos e reflectidos dende unha estrutura institucional inherentemente patriarcal. Así, comezarase cun breve achegamento ao escenario que conforma o actual sistema penitenciario do estado español, establecéndose como punto de partida para a posterior análise da realidade das mulleres (privadas de liberdade e traballadoras) nestes espazos.

### 2.1. Panorama Estatal das Institucións Penitenciarias

O sistema penitenciario español (sen contar con Cataluña que ten transferidas as competencias) conta na actualidade con 69 centros penitenciarios ordinarios, ademais de outros establecementos específicos que conforman un panorama xeral caracterizado por unha heteroxeneidade na tipoloxía dos centros: 2 centros psiquiátricos penitenciarios, 13 centros de inserción social (CIS) independentes e 20 dependentes, 19 seccións abertas, 3 unidades

de nais, 43 unidades de custodia hospitalaria e 55 servizos de xestión de penas e medidas alternativas (Secretaría General de Instituciones Penitenciarias, 2021b).

Destes 69 centros ordinarios, tan só 3 son exclusivos para mulleres (Ávila, Madrid I e Alcalá de Guadaira en Sevilla), sinalados en negra na táboa 1<sup>1</sup>, e outros 42 contan con módulos de mulleres, sen ben, a maioría, só acolle un único módulo para elas.

Táboa 1. *Distribución dos módulos de mulleres nos centros penitenciarios estatais*

<b>Módulos de mulleres por C.P.</b>	<b>Nº de C.P.</b>	<b>Nome do C.P.</b>
1	21	Albacete, Alicante II, Almería, Arrecife, Badajoz, Cáceres, Ceuta, Córdoba, Cuenca, El Dueso, Huelva, Ibiza, Jaén, Logroño, Lugo-Bonxe, Málaga, Melilla, Pamplona, San Sebastián, Santa Cruz da Palma, Valladolid.
2	9	Algeciras, Castellón, Madrid VI, Mallorca, Ourense, Puerto III, Teixeiro, Tenerife e Zaragoza
3	9	A Lama, Albolote, Alicante Cumprimento, Asturias, Ávila, Las Palmas II, Madrid V, Murcia II e Topas.
4	4	Alcalá de Guadaira, Araba, León e Madrid VII.
6	1	Madrid I
8	1	Valencia

**Fonte:** Secretaría General de Instituciones Penitenciarias (2021c)

Estes 96 módulos expostos na táboa son, na súa maioría, módulos de respecto (42), seguidos de módulos ordinarios (26) e módulos

1 Cómpre destacar que esta información non se atopa dispoñible en ningunha fonte oficial. Son as asociacións que de maneira específica traballan con mulleres en prisión, como é o caso de A las Olvidadas ou ACOPE, quen facilitan estes datos. Habería que engadir como centro específico para mulleres, o de Barcelona, pero no TFG non estamos a contemplar os datos de Cataluña.

pechados (9). Tan só hai unha UTE ou Unidade Terapéutica exclusiva para mulleres e un módulo de nais. Tamén se atopan módulos mixtos entre os 96 indicados: 11 terapéuticos, 4 de respecto e 1 de parellas

Por outra banda, e en canto aos centros de medio aberto, atopámonos que: das 4.626 prazas ofertadas nos CIS independentes, 738 son para mulleres (tan só o 15,95%); os CIS dependentes contan con 327 prazas para mulleres de 2.662 totais (é dicir, o 12,28%); e nas seccións abertas, as mulleres teñen dispoñibles 159 prazas (Secretaría General de Instituciones Penitenciarias, 2019).

Este panorama penitenciario estatal ofrécenos a imaxe dun contexto claramente masculinizado, pensado para albergar e intervir con homes e, como veremos, xestionado tamén por homes. Esta característica será chave á hora de analizar as diferentes discriminacións que as mulleres sofren na súa estancia en prisión, posto que afectará non só aos recursos e espazos físicos dispoñibles, senón tamén ás súas relacións sociais e familiares, á saúde mental, e ás perspectivas futuras de reinserción social.

O feito de que non haxa módulos de mulleres en todos os centros penitenciarios, ten múltiples consecuencias, sendo a principal a maior dispersión xeográfica que sofren, posto que, moitas veces, non poden ingresar nun centro penitenciario próximo ao seu lugar de residencia, o que as afasta do contacto familiar e da participación na vida comunitaria (Área de Cárceles de la Asociación Pro Derechos Humanos de Andalucía [APDHA], 2020).

Para toda persoa privada de liberdade, entrar en prisión supón un proceso negativo caracterizado sobre todo pola perda de contactos familiares e sociais. Porén, esta perda acentúase aínda máis no caso das mulleres, posto que o patriarcado, dende a orixe da súa existencia, as relega ao espazo doméstico e aos coidados. Así, para moitas mulleres a maternidade e a familia e o único mundo que coñecen e desexan coñecer (De Beauvoir, 2005). E, se ben a sociedade avanzou grazas as reivindicacións e

loitas feministas, este rol doméstico, familiar, privado e materno segue a reproducirse na estrutura política, social e económica. Polo tanto, cando unha muller entra en prisión, prodúcese tanto un desmembramento do grupo familiar e do vínculo nai-fillo/a, como o sufrimento dun illamento máis intensificado, posto que non existe a figura da muller-nai-esposa que acode a visitar ao home-fillo-parella xa que ela mesma se atopa ao outro lado dos barrotes. Prodúcese polo tanto unha dobre condena: a privación de liberdade e a privación das relacións familiares (Centro de Estudios Legales y Sociales [CELS] et al., 2011; García-Vita, 2017; Juliano, 2011).

Ademais de ser moito menor o número de centros penitenciarios onde as mulleres teñen cabida, cómpre facer alusión tamén á carencia e limitación no acceso aos espazos dentro dos centros penitenciarios mixtos, o que provoca un detrimento das condicións de vida das mulleres, influíndo no trato penitenciario, nos recursos e nas vivencias persoais (Pareja et.al, 2021). Entre outras cuestións, esta situación vai en contra da propia lexislación, posto que non existe unha separación modular atendendo a criterios de clasificación (viven xuntas mozas e adultas, primarias e reincidentes, preventivas e penadas), o que se traduce tamén nun réxime de seguridade máis estrito do que implica a súa perigosidade (ADPHA, 2020; Igareda, 2006; Maracalza, 2012; Pascual Gil, 2015).

## **2.2. Mulleres Privadas de Liberdade**

En canto á poboación penitenciaria, os datos estatísticos ofrecidos pola Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias recollen que, en xaneiro de 2021, do total de 55.105 persoas reclusas, só 3.977 son mulleres (un 7.2% fronte ao 92.8% da poboación masculina). Sobre a situación procesal-penal, a maioría son penadas, nunha

porcentaxe 3 puntos maior que os homes. O número maior de homes en situación penada con preventiva, pode significar que esperan a resolución de outros delitos (indicando así un maior comportamento delituoso que nas mulleres).

Se falamos de grao de tratamento, a maioría atópanse no segundo grao (62.4%), feito que se dá tamén entre os homes (72.8%). Proporcionalmente, hai máis mulleres que homes en terceiro grao.

Táboa 2. Situación procesal-penal e grao de tratamento segundo o xénero (a xaneiro de 2021)

	Mulleres		Homes		Total
	N	%	N	%	N
Penadas/os	3364	84.59	41849	81.85	45213
Preventivas/os	546	13.73	8065	15.77	8611
Medidas de seguridade	40	1.06	483	0.94	523
Penados/as con preventivas	27	0.68	731	1.43	758
Primeiro grao	38	1.13	639	1.52	677
Segundo grao	2101	62.42	30580	72.85	32681
Terceiro grao	906	26.92	7325	17.45	8231
Sen clasificar	321	9.54	3435	8.18	3756

**Fonte:** Secretaría Xeral Institucións Penitenciarias (2021a). Elaboración propia

En canto á tipoloxía delituosa, existe tamén un nesgo de xénero: se ben o principal delito cometido é o mesmo para mulleres e homes (contra o patrimonio, a propiedade e a orde socioeconómica), elas supéranos nos delitos contra a saúde pública; ademais, o terceiro tipo de delito no caso das mulleres é o de homicidio, mentres que no caso dos homes é relaciónase coa violencia de xénero; nesta liña, tamén son os homes quen cometen moitos máis delitos contra a liberdade e indemnidade sexual. Así é todo, a presenza das mulleres en penas intermedias (entre 3 e 8 anos) é superior aos homes.

**Táboa 3. Tipoloxía delituosa penada da poboación reclusa e proporcionalidade segundo a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro do Código Penal (a Xaneiro de 2021)**

Tipos de delitos	Mulleres		Homes		Total
	N	%	N	%	
Homicidio e as súas formas	289	8.60	3163	7.56	3452
Lesións	126	3.75	1945	4.65	2071
Contra a liberdade	38	1.13	578	1.38	616
Contra a liberdade sexual	60	1.79	3450	8.25	3510
Contra o honor	1	0.03	1	0.002	2
Delitos e faltas de violencia de xénero	0	0	4282	10.24	4282
Contra as relacións familiares	12	0.36	207	0.49	219
Contra o patrimonio e a orde socioeconómica	1394	41.50	16497	39.44	17891
Contra a saúde pública	956	28.46	6841	16.36	7797
Contra a seguridade de tráfico	41	1.22	1194	2.85	1235
Falsidades	78	2.32	497	1.19	575
Contra a administración e facenda pública	24	0.71	291	0.70	315
Contra a administración de xustiza	117	3.48	719	1.72	836
Contra a orde pública	121	3.60	1357	3.24	1478
Resto de delitos	96	2.86	701	1.68	797
Por faltas	1	0.03	14	0.03	15
Non consta delito	5	0.15	87	0.21	92

**Fonte:** Secretaría Xeral Institucións penitenciarias 2019a. Elaboración propia

Na táboa pode observarse tamén como as mulleres sitúanse un pouco por enriba dos homes en relación a delitos como o de falsidades, contra a administración de xustiza ou contra a orde pública. Esta distribución as tipoloxías delituosas ofrécenos unha imaxe xeral do perfil de mulleres asociada a delitos que implican unha estratexia defensiva ante unha situación precaria ou de pobreza: roubos, furto, narcotráfico, estafas... (Jimenez Bautista e Yagüe Olmos, 2017; Juliano, 2011).

En relación á idade, a maioría das mulleres privadas de liberdade sitúanse entre os 41 e 60 anos (44.65 %), seguidas das que

se atopan entre os 31-40 (32.62 %). En proporcións moi similares ás relativas aos homes (43.14 % e 31.15 % respectivamente). O resultado é unha idade media de 41.1 anos para as mulleres e 40.5 para os homes. Tamén existe unha presenza de mulleres estranxeiras (27.28%) similar aos homes (29,05%) (Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, 2021a). Porén, as nacionalidades son diferentes: Colombia, Brasil, Romanía, Marrocos e Nixeria no caso das mulleres e Marrocos, Romanía, Colombia e Arxelia no caso dos homes (APDHA, 2020; Pareja et al., 2021; Ramos Vázquez e Blázquez Vilaplapna, 2011; Secretaría General de Instituciones Penitenciarias, 2021c).

Estas diferencias estatísticas ocultan unha realidade tamén diferenciada segundo o xénero e que se relaciona cunha profunda situación de vulnerabilidade e unha interseccionalidade entre a clase, a raza, o estatus migratorio, a orientación e incluso a identidade de xénero. Existe unha sobrerrepresentación das mulleres migrantes que cometen delitos de tráfico de drogas (servindo como mulas para introducir drogas no país) así como unha gran presenza de mulleres xitanas, pobres e con pouca formación<sup>2</sup> (CELS et al., 2019). A isto únese unha vida de maltrato caracterizada por agresións continuadas ao longo da traxectoria vital, iniciadas na infancia por parte de figuras paternas, continuada na adultez por parte de parellas sentimentais e cunha gran presenza do abuso sexual (Fontanil Gómez et al., 2013; Igareda 2006). Ademais, a infancia e xuventude destas mulleres estivo marcada en moitos casos por un entorno sociofamiliar de exclusión (baixa formación, cualificación e remuneración) definido tamén pola violencia, a escasa relación coas figuras paternas e maternas, a naturalización de condutas delituosas e consumidoras e outros factores de risco (Melendro Estefanía, 2017).

---

2 Este perfil está a mudar nos últimos anos.

Se falamos de saúde mental, atopámonos cunha realidade tamén discriminatoria: unha alta prevalencia de enfermidades mentais nas mulleres, unida á inespecificidade dos tratamentos en relación ao xénero e a preferencia polo tratamento farmacolóxico ao psicoterapéutico ou socioeducativo (Turbi Pinazo e Llopis Llácer, 2017) Ademais, e en canto drogodependencias, as mulleres privadas de liberdade contan na súa maioría con antecedentes e frecuencia de consumo que, se ben é inferior ao dos homes, segue a ser moi alta se se compara coa poboación en xeral (Miguel Calvo, 2015)

O perfil descrito neste apartado ofrécenos unha realidade na que as mulleres entran en prisión cunha situación de exclusión social moito máis intensificada que os homes, derivada non só do machismo, senón tamén do racismo e neoliberalismo; e que non se suaviza unha vez dentro, senón que ascende ata traducirse nunha difícil reinserción ao saír de prisión (Igareda, 2006). Esta situación de exclusión non se relaciona só co perfil penitenciario que mostran, senón que vai moito máis aló, atopando as súas raíces no propio sistema patriarcal, na conceptualización da muller como o outro, como un axente pasivo caracterizado pola maternidade, a bondade e os coidados.

### **2.3. Discriminación por Sexo das Mulleres Privadas de Liberdade no Marco Penitenciario**

Son diversos os estudos que analizan a relación entre o patriarcado e a situación de discriminación social que sofren as mulleres privadas de liberdade no ámbito penitenciario. Partindo de diferentes perspectivas (antropolóxicas, criminólogas, lexislativas, pedagóxicas...) podemos establecer unha serie de elementos, prexuízos, estereotipos, condutas e dinámicas machistas que reproducen o rol que a muller ostenta na sociedade, dentro dos muros dos cárceres. Porque patriarcado, capitalismo e colonialismo exercen

a súa influencia en tódolos ámbitos da nosa vida, dándose a man unha vez máis (e con bastante intensidade) nun marco penitenciario no que o estado español lidera a lista de países con maior taxa de encarceramento feminino de toda Europa, ao mesmo tempo que se produce un incremento da taxa de encarceramento a nivel internacional (APDHA, 2020; CELS et al., 2011; Juliano, 2011; Pascual Gil, 2015).

### **2.3.1. Unha dobre transgresión e un dobre castigo: patriarcado e privación de liberdade**

A entrada dunha muller en prisión non implica só a transgresión da lexislación vixente no país, senón que leva consigo tamén un quebrantamento das regras patriarcais: rachan non só co rol asignado de nais e coidadoras, senón que tamén o fan coa imaxe de muller virtuosa, boa e empática presente nunha aparente “natureza feminina”, caracterizada pola incapacidade de exercer o mal. Non é polo tanto de estrañar que o patriarcado asoballase con tanta forza ás mulleres que infrinxían as súas normas: nun primeiro lugar, o castigo foi exercido polos pais e maridos, para a continuación pasar a ser traballo da Igrexa (mediante a queima de bruxas) e do Estado en último lugar (Federici, 2004). Así foi que durante moitos anos, o concepto de pecado e delito aparece nas mulleres como dous elementos indisolubles; en palabras de Dolores Juliano (2011): “os homes transgresores ou con condutas problemáticas eran considerados delincentes, pero ata moi avanzado o século XX as mulleres foron tratadas como pecadoras, aínda que dentro dos cárceres deseñados para os varóns” (p.27). Así, os primeiros antecedentes das actuais prisións atópanse nos mosteiros e conventos da Idade Media onde as mulleres eran recluídas para ser “purificadas” e nas Casas Galeras do S.XVII. Os homes en cambio non comezarán a ser castigados mediante a privación

de liberdade ata a Época Moderna, cunha motivación principalmente utilitarista (Ramos Vázquez e Blázquez Vilaplana, 2011)

Esta concepción relixiosa do delito nas mulleres segue a ter moita influencia aínda na actualidade, debido en gran parte polos anos vividos de ditadura franquista. Exerce a súa influencia nos motivos que levan a unha muller a delinquir e no espazo do imaxinario social que estas ocupan. Ademais, as mulleres reclusas non son só “pecadoras” senón tamén malas nais, posto que ao entrar en prisión están “decidindo” deixar de lado á familia e fillos/as, afastándose dos seus deberes de coidado; o que se traduce non só nun castigo penal senón tamén social (Mauersberger, 2016). Esta afirmación ignora unha realidade moito máis complexa: a feminización da pobreza que en teoría debería levar ás mulleres a delinquir con maior intensidade que os homes, contradíse co escaso número de mulleres que cometen delitos. Parece, polo tanto, que as mulleres intentan sacar adiante á súa familia utilizando outro tipo de estratexias (ex: prostitución) e só incorren na ilegalidade cando esta supón un mal menor (Juliano, 2011)

A pesar desta decisión tomada nun contexto patriarcal e capitalista, onde as eleccións entre as que poden optar as mulleres se ven moi limitadas, o sistema penitenciario está a sobrecastigar ás mulleres reclusas, ignorando a baixa perigosidade deste colectivo e o contexto e motivos polo que estas delinquen<sup>3</sup> (Aguilar Conde, 2010). Ademais, existe unha contradición enraizada nos propios piares do patriarcado que ten unhas terribles consecuencias emocionais, psicolóxicas, sociais e persoais para as mulleres presas: por unha parte a sociedade asume a maternidade e coidado da familia como unha obriga das mulleres, e por outra, utilízase esta como ferramenta de castigo, deixando ás mulleres desposuídas de todo aquilo ao que aspiraron e sobre o que construíron a súa identidade. Isto é así incluso no caso das Unidades de Nais,

---

3 Ver apartado 2.2 Mulleres privadas de liberdade.

espazos que se ben están pensados para potenciar e fortalecer a relación materno-filial nun entorno seguro e normalizado para as menores, provocan unha perda enormemente dolorosa e psicolxicamente marcadora para as nais, posto que a estancia das menores nestes centros só pode ter lugar ata que estas compren os tres anos (Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, s.d).

Este dobre castigo, que supón ser muller e reclusa, faise patente non só na estancia en prisión, senón que tamén se observa no estigma que as mulleres privadas sofren unha vez saen dela. Así, o estigma é entendido como unha desventaxa, un defecto ou un erro que provoca tal diferenza, que a persoa que o posúe non é considerada totalmente humana, o que reduce as súas posibilidades de vida na sociedade (Goffman, 2008, citado en Miguel Calvo, 2015). Isto tradúcese nunha serie de estereotipos e expectativas acerca da persoa estigmatizada que condicionan a interacción tanto por parte dos demais, como por parte da persoa que é obxecto de marca social, quen soe experimentar sentimentos de vergoña y actitudes de retraimento defensivo ou agresividade (Miguel Calvo, 2015)

Estes prexuízos e consecuencias dadas polo paso por prisión, son sufridas tanto polos homes como polas mulleres. Porén, nelas parece intensificarse, posto que as mulleres sofren valoracións e expectativas sociais diferentes aos homes, construídas sobre unha xerarquía de xénero. Así, ás mulleres non se lles xulga só por ter incumplido a norma, senón que tamén son estigmatizadas a través doutras moitas categorías, que teñen que ver sobre todo coa desviación dun “mandato patriarcal que as define como seres para outros, dependentes e carentes de liberdade” (Lagarde, 2005, citado en Miguel Calvo, 2015). Estigma que ten tamén que ver, como xa vimos, cos roles maternos e de coidado.

### 2.3.2. Invisibilización da muller na normativa penitenciaria

O poder que o patriarcado exerce non ten lugar só nos prexuízos, estereotipos e ideas senón que a súa influencia é moi patente tamén no ámbito lexislativo. Así, as mulleres reclusas permanecen invisibilizadas, só mencionadas en certos artigos, sempre como contraposición aos homes (e separadas deles) e vinculadas unha vez máis á maternidade.

A *Lei Orgánica Xeral Penitenciaria* 1/1979 (en diante LOXP) recolle no seu artigo 3 a non discriminación por sexo na actividade penitenciaria. Esta afirmación contradíse cunha realidade presente no propio documento, xa que só cinco artigos recollen a situación das mulleres privadas de liberdade, dos que ademais tres deles incorren na necesidade de separación de ambos xéneros (art.8, art.9 e art.16). Os restantes están centrados na maternidade e hixiene íntima (art.38), así como nas excepcións de sancións de illamento, medidas que tamén reproducen a idea da muller-nai posto que explicitan que “non se aplicará esta sanción ás mulleres xestantes e ás mulleres ata seis meses despois da terminación do embarazo, ás nais lactantes e ás que tiveran fillos consigo” (art.43).

O *Reglamento Penitenciario de 1996* (en diante RP) amplía minimamente esta visión das mulleres reclusas posto que a súa aprobación pretende dar resposta ao crecente aumento da poboación penitenciaria feminina, pero reproducindo unha vez máis o rol da maternidade da muller. Así, a idea de non discriminación por sexo presente no artigo 4 dá paso a unha serie de artigos sobre o papel de coidadora e o rol materno (art.17, art. 82, art. 132, art. 209 e art. 213) e a súa influencia na decisión sobre que medios coercitivos e sancións emprender contra elas (art. 72 e art. 254.3). Papel que se reproduce de novo no Capítulo V, onde se recolle o Internamento en Unidades de Nais (art. 178 e art.179). Por outra banda, inclúese a existencia de centros mixtos aínda que con carácter de excepcionalidade (art. 99 e art. 168).

Por último, é preciso salientar a completa inexistencia dunha perspectiva de xénero no *Real Decreto 840/2011*, posto que o establecemento de medidas alternativas á privación de liberdade (localización permanente e traballos en beneficio da comunidade, entre outros) é totalmente cego á realidade feminina, xa que o seguimento destas penas dificulta a conciliación familiar.

Este panorama lexislativo reproduce unha vez máis o rol de nai e cuidadora que as mulleres “debemos” exercer, invisibilizando outras realidades, non só mediante a ausencia de artigos que non teñan que ver coa muller-nai, senón tamén mediante a inexistencia dunha linguaxe inclusiva, onde o masculino xenérico é a norma e a muller aparece sempre como ese “outro” ao que hai que referirse en situacións excepcionais e normalmente vinculadas á maternidade e cuidados.

### **2.3.3. Programas educativos**

A discriminación nos programas educativos non ven dada só polo pouco espazo dispoñible para as mulleres, senón tamén pola tipoloxía destes, a participación e uso que se fai deles, así como polo seu deseño. Na actualidade, o Sistema Penitenciario español conta cunha ampla e diversificada oferta de programas de reeducación e reinserción social que teñen lugar nos centros penitenciarios, atendendo á seguinte clasificación: programas de tratamento, programas ocupacionais, culturais e deportivos; programas de educación; actuación con nais e fillos (Unidades de Nais) e programas de intervención das ONGs, asociacións e entidades colaboradoras.

Dentro dos programas de tratamento, cómpre destacar que só dous deles están dirixidos exclusivamente aos homes: os programas de violencia de xénero (PRIA) e os de control da agresión sexual (PCAS). Porén, existen outros tres programas que se ben

non están dirixidos unicamente á poboación reclusa masculina, a súa participación é exclusiva debido á tipoloxía delituosa e perfís que presentan os homes: o Programa de xogo patolóxico (ludopatía), o Programa de pornografía infantil e o Programa DIVERSIDADE. O resto de programas son, polo tanto, mixtos: módulos de respecto, PAIEM, módulos terapéuticos, programa de deshabitación ao alcol, alcolismo, persoas con discapacidade física, sensorial, psíquica ou intelectual, terapia asistida con animais (TACA), réxime pechado, mozos, estranxeiros, preparación de permisos de saída, tabaquismo, resolución dialogada de conflitos, e o programa para o control da conduta violenta (PICOVI). Non obstante, só se oferta un programa dirixido única e exclusivamente ás mulleres: ser mujer.es (Secretaría General de Instituciones Penitenciarias, 2019).

Como trazos xerais, as mulleres son moito máis participativas que os homes (Pareja et al., 2021), destacando sobre todo a súa implicación en programas culturais de reeducación e reinserción social, sendo moito menor que a dos homes nos programas deportivos, sobre todo naqueles que se orientan á competición. Destaca tamén a maior participación de mulleres nos programas de educación, sobre todo nos de ensinanza básica. Estes datos obxectivos complementáanse coas percepcións subxectivas de certas mulleres privadas de liberdade: consideran insuficientes, monótonas e esporádicas as actividades de ocio ofertadas, afirmando ademais que non se dirixen a “tódalas persoas” (Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, 2021c). Igualmente, existen poucos criterios de admisión que estean relacionados con necesidades como as materno-filiais, sociolaborais ou de violencia de xénero e sexual; ao que se une o feito de que a mesma programación non atenda carencias relacionadas coa situación económica, a familia, a inmigración e a dependencia emocional, entre outras (Pantoja Vargas, 2017).

En canto aos programas formativos, as mulleres seguen sendo orientadas a labores de servizos de axuda a domicilio, de cociña (manipulación de alimentos) e de beleza (servizos auxiliares de estética); o seu salario medio é ademais inferior ao dos seus compañeiros homes. Todo isto tradúcese nunha percepción de dificultade á hora de acudir aos cursos de formación, ao que se lle suma unha sensación de que os cursos existentes son insuficientes, repetitivos e excluíntes e uns traballos mal retribuídos (Secretaría General de Insituciones Penitenciarias, 2021c). Ademais, a escasa presenza de profesionais da educación social tradúcese nunha falta de perspectiva educativa, que se ve mermada ante aquelas psicoterapéuticas e de servizos sociais (Pantoja Vargas, 2017).

Por último, se falamos da reinserción laboral das mulleres en prisión, atopámonos con que as súas posibilidades de reinserción no tecido produtivo se ven afectadas non só polo tempo pasado en prisión (feito que tamén ocorre cos homes) senón que a isto se lle une “unha cualificación profesional escasa e unha vida laboral precaria caracterizada polos coidados e sostenibilidade familiar que dificultan o acceso e promoción laboral” (Del Pozo Serrano, 2017, p. 176).

## **2.4. As Traballadoras en Prisión**

Tendo en conta que dende que a Lei 39/1970 sobre reestruturación dos Corpos Penitenciarios, estableceu a creación dun Corpo Técnico de Institucións Penitenciarias (art.1), a incorporación e integración das mulleres traballadoras de prisión foi moi lenta e dificultosa. Nesta mesma normativa e a pesar da fusión dos Corpos Especiais Masculino e Feminino nun único e neutro (art.3) a división por sexos seguía presente nos Corpos Auxiliares. Ademais, a presenza das mulleres en ámbolos dous corpos era moi baixa.

Coa implantación da Lei 36/1977, de ordenación dos Corpos Especiais Penitenciarios e de creación do Corpo de Axudantes de Institucións Penitenciarias, pretendíase modernizar o sistema penitenciario en base á “concepción moderna da pena como medida recuperadora do home delincuente”<sup>4</sup>, introducindo tarefas reeducadoras e de rehabilitación entre outras (art.3) e para o que se estableceu a creación dun Corpo de Axudantes de Institucións Penitenciarias baixo o presuposto de garantir un acceso igualitario entre homes e mulleres (art.1). Porén, a efectividade deste artigo seguía establecendo unha diferenciación entre a Escala Masculina e a Feminina na que esta última contaba ademais con moi poucas prazas. Asíntase, polo tanto, un aumento do número de prazas en ámbolos dous sexos sen impulsar de maneira específica aquelas ocupadas por mulleres<sup>5</sup>. Seguíase mantendo ademais unha diferenciación por sexos nos Corpos Especiais, de maneira que a clasificación dos Corpos Penitenciarios aparecía reflectida da seguinte maneira: Corpo Técnico, Corpo Especial Masculino (coa maioría de prazas), Corpo Especial Feminino, Corpo Facultativo Sanidade, Corpo Profesores E.X.B., Corpo A.T.S., e Corpo de Capeláns (se ben este último contaba no mesmo ano con maior número de prazas que o Corpo Especial Feminino, a propia lei adiantaba a necesidade de reducir as primeiras e aumentar estas últimas).

Non será polo tanto ata o 2008, coa aplicación do Real Decreto de 1836, cando se integren as escalas masculina e feminina do Corpo de Axudantes de Institucións Penitenciarias. Fito histórico (pero tamén tardío) no panorama laboral feminino dentro do ámbito penitenciario.

Este panorama legislativo ofrécenos ademais unha serie de puntos en común que une á muller reclusa e á muller funcionaria,

---

4 Obsérvase unha vez máis a invisibilización da muller privada de liberdade.

5 Das 1.896 prazas de Escala Masculina establecidas en 1977 pasaríase a 2.580 en 1982, mentres que a Escala Feminina incrementaría os seus número de 214 a 340.

baixo unhas discriminacións semellantes: ambas son invisibilizadas non só no número de artigos senón tamén no uso da linguaxe masculina xenérica. Existe ademais unha reprodución dos roles de coidado no caso das mulleres traballadoras en prisión posto que o funcionariado de vixilancia é maioritariamente masculino, a diferenza do de tratamento, con máis presenza de mulleres (Pareja et.al., 2021). Outro punto en común é a maior participación de mulleres traballadoras en accións formativas e a participación nescgada por sexo segundo a tipoloxía de actividade ou formación. Se ben no Informe Xeral da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias (2019) non se recolle información sobre o número de homes e mulleres que ocupan as prazas de recursos humanos, si que se pode observar a participación deles/as nas diferentes xornadas e cursos de formación. Así, se ben existen máis mulleres en prácticas, esta presenza está marcada tamén polos roles de xénero, posto que no caso de enfermeiros/as, elas (16 mulleres) son o dobre que eles (8 homes), sendo tamén maioría no Facultativo de Sanidade Penitenciaria. Porén, os homes seguen sendo a norma no Corpo Especial das Institucións Penitenciarias (72.8%).

É interesante tamén analizar os cursos de formación en Prevención e Resposta ante Situacións Conflitivas, dirixidos a persoal da Subdirección de Seguridade, Réxime e Departamento. O feito de que a maioría asistente é tamén salientable: dos cursos dirixidos á Subdirección de Seguridade, 82.7% eran homes e só 3.4% mulleres, aínda que no caso da Subdirección de Réxime os datos estivesen máis igualados (6.9% de homes fronte ao 5.2% de mulleres) e da Subdirección de Tratamento participase unha muller. Nos cursos de formación permanente, a participación tamén se atopa diferenciada por xénero: os homes tenden a ter máis presenza na área de seguridade, de mantemento e servizos e na área deportiva mentres que as mulleres seguen a ser maioría na área sanitaria.

Parece darse, polo tanto, non só unha exclusión das mulleres das equipas directivas, senón tamén daquelas labores máis relacionadas coa vixilancia e que permanecen aínda hoxe en día como traballos propiamente masculinos. As funcionarias de vixilancia son vistas tamén como axentes pasivos, e demasiado boas como para poder impoñerse pola forza (Cuaresma e Nicolás, 2013; Pareja et.al., 2021) estereotipos que como xa vimos comparten coas mulleres reclusas. Ambos grupos de mulleres atópanse ademais nun ambiente profundamente masculinizado.

Por último, debemos recordar que este tipo de exclusións e discriminacións que ambos grupos de mulleres comparten, son manifestacións das relacións de poder historicamente desiguais entre homes e mulleres, e isto é, en suma instancia, violencia contra as mulleres (Domínguez, 2015). Ademais, é de destacar que este tipo de violencia non pertence só ao ámbito privado:

Ao contrario, maniféstase como o símbolo máis brutal da desigualdade existente na nosa sociedade. Trátase dunha violencia que se dirixe sobre as mulleres polo feito mesmo de selo, por ser consideradas, polos seus agresores, carente dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión (Lei Orgánica, 1/2004, artigo 1).

Pode expresarse, polo tanto, en múltiples formas e niveis: violencia familiar (parella e prácticas tradicionais), violencia de comunidade (feminicidio, violencia sexual, trata de mulleres e acoso sexual e violencia no lugar de traballo, nas institucións educativas e nos deportes), violencia estatal (privación de liberdade e esterilización forzada), violencia como ferramenta nos conflitos armados, e violencia que conflúe con múltiples discriminación (raza, clase, idade, relixión...) (Núñez Domínguez, 2015). Ademais, estas formas de violencia son acompañadas de micromachismos, que en palabras de Bonino (2004, p.1) son unha serie de comportamentos e actitudes “de dominación suave ou baixísima intensidade, formas e modos larvados e negados de abuso e imposición na vida cotiá (...), hábiles

artes de dominio, comportamentos sutís ou insidiosos, reiterativos e case invisibles que os varóns executan permanentemente”. Estes micromachismos, poden clasificarse en: utilitarios (cando se relega e naturaliza á muller no seu rol de coidadora, delegando este tipo de traballos nela), encubertos (enganos, silencios e paternalismo), coercitivos (coaccións comunicativas e uso do espazo de maneira expansiva e abusiva) e de crise (evitar a crítica e a negociación). É importante enfatizar que estes micromachismos non se circunscriben só ao fogar ou ás relacións de parella, senón que se dan en diferentes contextos sociais (Bonino, 2004).

Como se poderá observar no apartado de resultados, varias destas formas de violencia e micromachismos son exercidas contra as mulleres en prisión, independentemente do seu rol nelas (usuarias ou profesionais).



### 3. METODOLOXÍA

Para levar a cabo esta investigación utilizarase unha metodoloxía cualitativa baseada nunha revisión e análise bibliográfica e documental de estudos realizados sobre a temática a abordar, complementada pola realización de entrevistas semiestruturadas en profundidade. Esta metodoloxía analiza a realidade dende o propio marco de referencia de quen es a protagonizan (neste caso as mulleres profesionais de institucións penitenciarias), asumindo un contexto de interacción e dinamismo (Cook e Reichardt, 1982) e onde adquiren protagonismo os discursos, accións e estruturas latentes do mesmo (Taylor e Bogdan, 1989). É fundamental para isto, e como xa se indicou, o uso de técnicas cualitativas como a análise bibliográfica e as entrevistas, que permitan unha recollida de datos de maneira máis flexible e interactiva.

Unha primeira mirada a esta bibliografía deixa entrever que os estudos levados a cabo sobre as traballadoras son moito menos numerosos que aqueles centrados nas internas, e os poucos existentes, proveñen de realidades penitenciarias que pouco teñen que ver coa española. Así, fíxose patente a necesidade de contar coa voz daquelas mulleres que exercen as súas funcións en prisión, como un elemento chave á hora de coñecer as discriminacións e violencias que estruturan o contexto de prisión.

### **3.1. Revisión e análise bibliográfica-documental**

Unha vez elixido o tema obxecto de estudo deste Traballo de Fin Grao (coa consecuente especificación dos obxectivos da investigación), fíxose precisa a revisión e análise da bibliografía e documentación relacionada cos dous ámbitos de interese: as mulleres privadas de liberdade e as mulleres que traballan en prisión. Se ben, nun primeiro momento, este proceso comezou polo achegamento a estudos relacionados co papel destas profesionais, pronto se fixo patente a escasa produción bibliográfica relacionada. Isto obrigou a mudar o punto de vista, centrando polo tanto as pesquisas de maneira inicial nos estudos relacionados coas mulleres privadas de liberdade, posto que contan cunha maior cantidade e calidade. Así, partindo dos datos e informes oficias da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, seguindo pola lexislación, e rematando coa literatura especializada dende diferentes campos de investigación (criminoloxía, pedagogía, educación social, antropoloxía e filosofía), recolléronse tódolos datos necesarios para presentar unha descrición tanto da realidade que estas viven, como dos seus perfís sociodemográficos e delituosos e dos programas nos que participan. Esta evolución do discurso institucional (informes e leis) amosada nos resultados das investigacións (artigos, libros e webinar), permite ofrecer unha visión ampla das influencias que o patriarcado exerce de maneira sistemática.

### **3.2. As entrevistas**

Como xa se mencionou, debido á practicamente inexistencia de investigacións sobre as mulleres que traballan en prisión, decidiuse levar a cabo unha serie de entrevistas en profundidade e semiestruturadas que teñen como obxectivo abordar non só os diferentes roles profesionais que as mulleres desenvolven en

prisión, senón tamén coñecer a súa valoración sobre as dinámicas e relacións de poder de xénero presentes. É dicir, interésanos indagar sobre a visión que teñen diferentes perfís de traballadoras en prisión respecto das mulleres privadas de liberdade e a súa situación de discriminación, e á vez, coñecer a súa propia vivencia como mulleres que desenvolven a súa labor profesional nun contexto masculinizado. Para isto, identificáronse 5 perfís diferentes: unha muller do equipo técnico de tratamento, unha funcionaria de vixilancia, unha educadora, unha muller con algún cargo, e unha muller que traballa en prisión desde unha entidade externa (asociación).

Táboa 4. *Perfil das persoas entrevistadas*

ENTREVISTA	POSTO	GRUPO	EXPERIENCIA
PS	Psicóloga	Equipo Técnico	12 anos
TS	Traballadora Social	Equipo de inclusión	13 anos
FP	Funcionaria	Vixilancia e oficinas	20 anos
AS	Técnica	Externo (asociación)	11 anos
SD	Subdirectora	Equipo de observación e tratamento	13 anos

Trala selección dos perfís, procedeuse a contactar coas entrevistadas, sempre insistindo na confidencialidade de datos e no uso que a estes se lle ía dar mediante un consentimento informado<sup>6</sup> elaborado con anterioridade (ver *Anexo II*). A continuación, leváronse a cabo as devanditas entrevistas, semiestruturadas e en profundidade, seguindo un guión previo (ver *Anexo III*) e maioritariamente a distancia, a través de plataformas como *Teams* e *Zoom* (agás no caso da traballadora dunha asociación externa, cuxo encontro tivo lugar en persoa). Só houbo unha entrevista na que a situación obrigase a replantexar a maneira de realizala: no caso da subdirectora, e por mor de incompatibilidade horaria,

6 Documento fundamental neste tipo de investigacións, e máis aínda se cabe dentro do ámbito penitenciario.

foi ela quen enviou as respostas redactadas tras ter tido acceso ao guiión<sup>7</sup>. Por último, e trala transcripción das entrevistas realizadas (*Anexos III, IV, V, VI e VII*) procedeuse á análise de resultados, utilizando un proceso deductivo-inductivo que facilitou a estruturación e categorización da información en catro grandes bloques: perfil laboral, prisión como contexto masculinizado, discriminación das mulleres privadas de liberdade e avances e propostas de mellora (ver *Anexo VIII*).

---

7 Vese reflectido no apartado de resultados, xa que as súas citas aparecen marcadas cun número e unha letra, que fan referencia á estruturación que a propia entrevistada deseñou para dar resposta ás preguntas (ver *Anexo VII*)

## 4. RESULTADOS

Como última fase deste proceso de investigación, expóñense neste apartado os resultados obtidos das entrevistas, mediante unha triangulación da información que permite identificar os diferentes tipos de discriminacións presentes no ámbito penitenciario e as súas consecuencias, seguindo a estrutura xa establecida polas categorías de análise anteriormente mencionadas.

### 4.1. O perfil laboral: acceso, funcións e experiencia

É preciso indicar, nun primeiro lugar, a **forma de acceso** ao posto das mulleres entrevistadas. A importancia desta información non só radica na diferenciación de escalas masculina e feminina do funcionariado, anteriormente mencionada<sup>8</sup>, senón tamén nos diferentes niveis de “pertenza” ao propio centro penitenciario. Así, atopámonos que tanto a psicóloga como a funcionaria e a subdirectora, accederon de maneira directa, mediante oposición para os seus postos. Isto contraponse ao acceso da traballadora social, cuxo posto ven dado por un protocolo de colaboración entre a Consellería de Política Social do Consorcio Galego e Institucións Penitenciarias do Ministerio de Interior, o que implica destinar *un*

---

8 Ver apartado 2.4

*equipo de trabajo, presencialmente y de forma permanente, en una institución ajena como puede ser la penitenciaria (TS, parágrafo 1). É precisamente na palabra “allea” onde radica unha das primeiras discriminacións a analizar, se ben esta non ten un carácter de xénero, senón máis ben corporativista: a labor das persoas profesionais valórase e lexitímase de maneira diferenciada segundo pertencen (ou non) ás propias institucións, xa sexan estas de carácter privado (entidades externas) ou públicas (como no caso do Consorcio Galego):*

*A nosotras siempre se nos vio como “las de la calle”, no somos “de la casa” (...). Aunque (...) no tiene que ver con que seas hombre o mujer, pero es que son tan herméticos, y son tan de los suyos, y hay tanto corporativismo... que a veces se sienten un poquito como que estamos invadiendo su espacio (TS, parágrafo 14).*

Faise presente tamén, no sistema de acceso, a **exclusión laboral** feminina en prisión, mediante unha diferenciación de escalas onde a oferta de prazas para as mulleres é infinitamente menor: *a escala masculina tiña 500 prazas e nós 65 (...). Non había probas diferenciadas porque o exame era o mesmo, pero o corte era moito máis alto. Así que nós xa empezabamos especialmente mal (FP, parágrafo 1). Este acceso, xa de inicio tortuoso para as mulleres, é acompañado dun espazo laboral completamente masculinizado, onde elas só fan presenza nel de maneira anecdótica, posto que mentres se mantivo esta diferenciación de escalas, as mulleres non podían facer servizo en módulos de homes (SD).*

As consecuencias deste contexto afectaron tamén a aquelas mulleres que accederon a postos en prisión en anos posteriores, cando as escalas xa estaban unificadas (TS).

En canto ás **funcións**, a maior parte delas poden englobarse dentro da vertente máis tratamental e social de prisión, conformada

por aquelas actuacións encamiñadas a facilitar a inclusión social da poboación penitenciaria: avaliación de graos e permisos, diagnóstico social, intervención psicolóxica, deseño e implantación dos módulos de respecto e programas para a preparación da vida en liberdade, itinerarios personalizados de inserción sociolaboral, colaboración con entidades, control e coordinación dos equipos técnicos... (PS, TS, AS, SD). Por outra banda, atopámonos coa corrente máis tradicional e punitiva, centrada sobre todo na seguridade: *dende que non se fuguen ata que non haxa problemas entre eles* (FP, parágrafo 3). Estas dúas vertentes, que reflexan non só unha maneira de actuar senón tamén unha maneira de pensar e entender a propia prisión, seguen nunha loita constante a pesar dos avances nos últimos anos en materia de reinserción e reeducación (TS).

Estas funcións, exercidas durante máis de 10 anos polas profesionais entrevistadas (chegando incluso a 20 nalgún caso), estiveron sobre todo dirixidas á poboación penitenciaria masculina. Se comparamos esta ampla **experiencia** en prisión, o tempo de traballo con mulleres privadas de liberdade ocupa unha pequena parte. Así:

- PS: de 12 anos, só 3 son de experiencia con mulleres.
- TS: de 13 anos, só 4 con mulleres.
- FP: de 20 anos, unicamente 2 deles con mulleres.
- AS: único caso no que leva traballando con mulleres dende o inicio, fai 11 anos, pero sempre desde unha entidade externa á prisión.
- SD: contacto periódico coas persoas internas, debido ao seu posto, polo tanto a relación con mulleres privadas de liberdade tamén é esporádica.

Esta experiencia ven dada por programas ou actividades concretas, mixtas ou dirixidas especificamente a elas, dentro dun

ámbito onde os homes tenden a ser maioría. Só unha profesional exerceu a súa labor nun contexto onde as mulleres privadas de liberdade eran a “normalidade”, é dicir, nunha prisión exclusivamente feminina, a de Ávila. Porén, parece ser que a tendencia é de aumento de intervencións con mulleres internas, debido á crecente implementación de módulos mixtos de respecto en Centros Penitenciarios: *y ya se llevaba tiempo hablando de que el módulo fuera mixto (...), desde instituciones penitenciarias quieren promover el tema (...). De hecho a partir del lunes empieza el módulo mixto* (TS, parágrafo 28)

#### **4.2. Prisión como contexto masculinizado: a concreción do machismo a través de percepcións e experiencias**

Como xa se manifestou no apartado anterior, a oferta de prazas diferenciada por sexo, axudou a perpetuar a exclusión das mulleres no ámbito laboral penitenciario. O acceso a un contexto tan masculinizado ven acompañado ademais dunha serie de discriminacións e violencias que tódalas traballadoras, independentemente do seu cargo e función, sofren aínda a día de hoxe.

As cinco profesionais coinciden na **conceptualización do machismo e discriminación de xénero** como un conxunto de prácticas, pensamentos e condutas (visibles ou non) baseadas na posición de dominio do home, que teñen como consecuencia un trato desigual das mulleres en tódolos ámbitos, tanto públicos como privados, e a tódolos niveis: laboral, relacións persoais, linguaxe, medios de comunicación... (PS, TS, AS, SD).

*Es el trato desigual un poco que está en todo (...); en el lenguaje, en los medios, en la comunicación en el día a día, en las relaciones interpersonales... bueno esto que percibimos; a veces hay que prestarle mucha atención porque son cosas más*

*mínimas, que nos pasan desapercibidas y otras que son más palpables, más evidentes (PS, parágrafo 4).*

Estas definicións, seguen a liña daquelas recollidas en diversas leis e artigos con perspectiva feminista sobre a violencia de xénero (Núñez Domínguez, 2015). As entrevistadas son, polo tanto, mulleres sensibilizadas e concienciadas na realidade machista e patriarcal que as rodea, feito que facilita a identificación de aquelas violencias e discriminacións que experimentaron ao longo da súa carreira profesional en prisión. É máis, existe un consenso tamén sobre a existencia desta realidade en prisión: *el machismo es prisión (...) es un contexto absolutamente masculinizado (...) un centro hecho para hombres* (AS, parágrafo 4).

A pesar de existir apreciacións diferentes sobre a intensidade na que esta realidade se manifesta, varias das profesionais coinciden en que este machismo e discriminación vén dado por un contexto masculinizado en dúas vertentes: unha gran poboación penitenciaria amplamente masculina e unha porcentaxe tamén moi elevada de profesionais penitenciarios homes (PS, TS). Se ben a presenza de homes e mulleres no sector está tendendo a equipararse nos últimos anos dende a unificación de escalas (TS, FP). Porén, este aumento crecente do número de mulleres que traballan en prisión, non se traduce nunha equiparación das funcións realizadas, existindo certos postos, labores e profesións diferenciadas por xénero. Esta **segregación horizontal** atravesa as dúas maneiras de entender a prisión, xa mencionadas no apartado anterior: a parte máis tratamental segue en man das mulleres, debido ao seu rol de coidadoras, mentres que os homes seguen a ser maioría naqueles postos que implican exercer algún tipo de castigo e/ou control, como é no caso dos postos de funcionariado de vixilancia (Pareja et al., 2021).

*En el equipo de tratamiento suele haber más mujeres que hombres en los siguientes puestos: psicólogas y trabajadoras sociales. Educadores, al ser un puesto que se obtiene por concurso desde el cuerpo de ayudantes, suele haber más hombres que mujeres. En el área de vigilancia, por lo ya expuesto, hay más hombres que mujeres (SD, 2c).*

Constátase a inexistencia de postos de educación social específicos para as institucións penitenciarias. Isto tradúcese nunha evidente falta de preparación e formación daquelas persoas profesionais que pretenden traballar na inclusión e reinserción da poboación penitenciaria.

Atopámonos aquí unha das múltiples contradicións que alimentan o sistema patriarcal: por unha banda naturalízase o rol de cuidadora nas mulleres mediante a súa identificación con profesións como psicoloxía ou traballo social (PS, TS), ao mesmo tempo que se lles impide acceder a certos postos nos que poderían levar a cabo esta labor dunha maneira máis significativa e transformadora. Esta barreira de acceso para as mulleres, presente na profunda feminización que sofre o grao de Educación Social<sup>9</sup>, non ten lugar en asociacións externas aos centros penitenciarios, precisamente porque estas si teñen en conta a devandita titulación (AS). Esta inversión dos datos obsérvase tamén en casos como os do protocolo de colaboración entre o Consorcio Galego e o Ministerio de Interior, onde os equipos de inclusión están formados, na súa meirande parte, por mulleres: *yo soy trabajadora social y con el resto del equipo que son que somos profesionales del área del área social, son profesiones muy feminizadas. Yo creo que en los equipos de inclusión social la mayoría somos mujeres* (TS, parágrafo 2)

---

9 Xunto coas xa mencionadas de psicoloxía e traballo social.

A combinación destas tres realidades (ser unha profesional “externa”<sup>10</sup> ao centro penitenciario, pertencer á corrente máis tratamental dentro de prisión, e ser muller) dá lugar a unha serie de situacións nas que o traballo realizado por estas profesionais é desvalorizado:

*A los propios funcionarios pues a lo mejor les resultaba chocante que tuviera que venir alguien de fuera, mujeres, a contradecir de alguna manera, o cambiar lo que son las prioridades (TS, parágrafo 2).*

*(...) tienden a pensar que es caridad, no entienden el trabajo social porque no se ha metido del todo en prisión; pero yo pienso que también tiene un sesgo de género, porque siempre nos dicen que eres voluntaria, y yo sí que pienso que tiene que ver con ser mujer (...) (AS, parágrafo 16).*

As traballadoras mulleres son incluso vítimas de comentarios machistas e despectivos cara a labor que realizan, que contan, ademais, con certo carácter homófobo: *lo que hacéis son mariconadas que no valen para nada* (TS, parágrafo 15); e paternalista: *yo tengo 40 años y se refieren a nosotras con el rollo de “las niñas”, “las chicas”* (AS, parágrafo 16).

En prisión existe ademais, como en outros moitos outros ámbitos laborais, unha segregación vertical ou **teito de cristal**, presente no número de mulleres que conseguen acceder a postos de dirección ou subdirección: *de los 69 centros españoles, creo que 18 están dirigidos por mujeres, el resto, hombres* (SD, 2a). Desta maneira, canto máis se sube na pirámide de poder, a presenza de mulleres diminúe (AS). Isto é así incluso naquelas prisións exclusivamente femininas onde,

---

10 Como xa se afirmou no apartado 4.1, a existencia de certo corporativismo no ámbito penitenciario dota dun valor diferenciado á labor que certas profesionais realizan no mesmo.

a pesar de que existe unha maioría de mulleres tanto na poboación penitenciaria como no funcionariado, o equipo directivo segue a estar conformado exclusivamente por homes (FP). Se ben, algunha entrevistada destaca o feito de que no pasado había maioría de mulleres subdirectoras: *justo ahora cuadra que hay mayoría de hombres, desde hace 4 años, pero hubo mayoría de mujeres* (PS, parágrafo 7). Aínda así, a realidade das barreiras de ascenso profesional parece manterse. A maioría de postos de dirección son ocupados por homes, mentres que a presenza de mulleres é anecdótica (TS, AS, FP); presenza que ademais é ridiculizada: *houbo un momento no que si, puntualmente hubo mulleres, pero tamén eran un corrillo de risa e iso é algo que se sigue notando moitísimo* (FP, parágrafo 5). Ademais, ao ser o propio director quen elixe as persoas que conforman as diferentes equipas, o feito de contar con mulleres e rachar con este teito de cristal depende do “bo facer” e da perspectiva feminista do mesmo (PS, TS, SD).

A combinación entre esta segregación horizontal e vertical conforma unha complexa e discriminatoria realidade na que as mulleres que nela traballan se ven constantemente ridiculizadas. Isto obsérvase tamén á hora de levar a cabo as súas labores en certos espazos, onde se tende a reproducir de novo esa idea de que tanto homes como mulleres deben ter funcións diferenciadas, xa que elas son menos agresivas e máis bondadosas (Cuaresma e Nicolás, 2013; Pareja et.al., 2021). Apréciase tamén naquelas labores máis relacionadas coa vixilancia:

*Yo a hombres funcionarios les tengo oído decir: “pues si tanta igualdad y tanta igualdad... que metan a una funcionaria en aislamiento, a ver si quiere ir; porque claro, a las funcionarias mujeres las meten en los módulo de mujeres, módulos buenos... que pongan a una mujer en el módulo 4 que es el de los partes, que la pongan en aislamiento”* (TS, parágrafo 15).

Existe polo tanto unha significación en canto aos módulos e programas nos que está “ben visto” que traballe unha muller.

*Eu iso non o vivín pero sei que pasou, e non fai falla que cho diga o equipo directivo, iso xa o notas ti entre os teus propios compañeiros: “como vai ir unha muller a un módulo de illamento” (FP, parágrafo 7).*

Neste contexto de discriminación nas **relacións laborais co resto de profesionais** destacan anécdotas onde se reflicte unha clara confrontación coas mulleres que están a realizar labores en materias de xénero e igualdade en prisión:

*Nosotras tenemos empapelado allí nuestra oficina y las puertas con el “espacio libre de violencias machistas” y rollos feministas. Y nos quitaron los carteles de “no más violencia” (...). No sabemos quien fue pero sabemos que fueron compañeros de trabajo, porque los internos ahí no tienen acceso, y porque molesta.*

*Me acuerdo que una vez vino un funcionario a pedirme un papelito de esos que tenemos fuera que pone “espacio libre de violencias machistas” (...). Y bueno se lo llevé pero no estaba él, estaba otro compañero; y le dije “mira te vengo a traer esto que me lo pidió tu compañero” y me empezó a decir “sácame de aquí esto que es una mariconada y yo no lo quiero, no me andes con mariconadas” y no se lo puede dejar (TS, parágrafo 16).*

Esta continua desvalorización do traballo que as mulleres realizan en prisión, é unha constante no día a día (FP, TS). Acompáñanse ademais doutro tipo de comentarios baixo os cales subxace tamén un enorme machismo:

*Luego tiene los chistes estos asquerosos machistas babosos que te cuentan, ya con ánimo de molestar y de ofender y de que salgas (...) “las mujeres son más tal” o “que lo hagan ellas”. Pero que es el pan de cada (...). Y vamos ahí con la chapita de “non” para que no se te acerquen (TS, parágrafo 16).*

Existen tamén outras situacións, nas que as expresión e comportamentos, disfrazados baixo unha aparente “profesionalidade”, chegan incluso a rozar o acoso:

*Tú tienes que pasar por escáner para entrar en las instalaciones de la prisión y hay un funcionario que te dice que te tienes que quitar el sujetador para entrar (...). Y ya no es lo malo, se podría decir que su función es “si pitas no pasas”, pero el tema son los comentarios que hace, que a mí me dijo que me recomendaba venir a trabajar sin sujetador. Tenemos ahora un problema muy gore con una formadora porque le hace pasar por eso todos los días, por una situación que está también fuera de lugar (...) Fue una compañera que le dijo “es esto” tocando el sujetador y haciendo así (agárrase do suxeitador e estira o tirante). Lo de los aros lo tenemos que explicar todo el rato, de entrar y decir “mira que yo llevo un sujetador sin aros”. Creo que no son conversaciones que tenga que tener el ámbito profesional (AS, parágrafo 15).*

Todo isto contraponse aos espazos ocupados maioritariamente por mulleres: *yo no he sentido especialmente la discriminación (...) porque trabajo con psicólogas y somos mayoría, y el equipo de inclusión que son 2 mujeres (PS, parágrafo 5)*. O feito de que exista unha gran presenza de mulleres en ámbitos laborais permite crear pequenos espazos seguros para elas, caracterizados por unha maior proximidade, implicación e revalorización do traballo que as compañeiras realizan (TS).

Este machismo nas relacións profesionais, dáse tamén por parte dos **homes privados de liberdade**. Así, atopámonos con situacións nas que a labor realizada polas mulleres se ve obstaculizada e onde as accións deseñadas e implementadas para loitar contra a exclusión social deste colectivo, chocan de maneira directa co ideario machista e patriarcal do mesmo: dende un medo a ser xulgados polos seus delitos (como é no caso de agresións sexuais e violencia machista), pasando por unha confrontación directa cara certo tipo de talleres e actividades (PS, TS).

*Ellos firman un compromiso conforme se comprometen a cumplir con las actividades que hagamos las profesionales en su itinerario. Y bueno, igualdad yo se lo pongo a todos por defecto, siempre. Y lo ven como un ataque, porque se ven como agredidos, dicen “ay yo no soy maltratador” (...). Les cuesta mucho, lo ven como un ataque (TS, parágrafo 9)*

*La vez que puse yo en el mural de la revista una canción de Rayden, que es feminista (..) me hicieron un escrito y todo quejándose los internos de por qué había puesto yo aquella canción allí, porque “es que no todos los hombres somos violadores y maltratadores y es que parece que nos está llamando maltratadores a todos”. En el momento que tú intentas introducir la igualdad (bueno como nombres la palabra feminista ya le empiezan a salir ronchas a todos), el no a la violencia... pues siempre se sienten atacados, precisamente porque no son feministas (TS, parágrafo 18).*

*Cuando obligas a un interno porque tienen que cumplir con determinadas normas de limpieza; pues se niega a limpiar y dice “yo no soy la criada de nadie”, entonces ya tienes que trabajar con él, preguntando “¿por qué dices la criada?” (TS, parágrafo 11).*

Estes ataques por parte dos usuarios non só se realizan de cara as actividades, senón que teñen tamén como obxectivo ás propias profesionais: *ya te tachan de radical. De hecho algún interno maltratador me vino y me dijo “es que usted me tiene manía” (...). Como soy feminista entonces ya estoy en contra de los hombres* (TS, parágrafo 23). Ataques que ademais son acompañados por unha falta de autoridade en comparación aos homes que exercen as mesmas funcións (FP):

*Una vez estábamos hablando del acoso callejero (...) y no lo entendían. Ahora, coge un educador que estaba allí conmigo y les dijo exactamente lo mismo, y asientieron con la cabeza y me dicen “ahora sí que lo entendemos”. (...) Tócate las narices, le acaba de decir lo mismo que yo. ¿uál es la diferencia?, que es un hombre, que se lo está diciendo un hombre* (TS, parágrafo 17).

Ademais, os xa mencionados comportamentos patriarcais refléxanse na linguaxe utilizada polos propios internos para referirse ás traballadoras

*Por ejemplo, una pelea que tenemos con los internos es cuando dicen “¿cómo me dirijo a usted, como señora o señorita?” y una compañera mía siempre dice “yo no necesito ningún hombre que me haga señora”. Nosotras trabajamos con el lenguaje, porque ya el propio lenguaje o nos invisibiliza o nos coloca en una posición* (TS, parágrafo 11).

*A mí me dijeron “que si estás gorda”, “no me gusta lo que llevas”, “ay y ese peinado que te cortaste, pues te queda mal”* (TS, parágrafo 17).

A isto súmanselle aqueles insultos machistas que teñen como obxectivo humillar ao resto de internos, mediante a utilización de certos adxectivos en feminino como elemento degradatorio:

*Un insulto por exemplo muy típico entre internos, lo peor que te pueden llamar en la cárcel si eres un preso, es “perra chivata”, en femenino. Nosotras siempre decimos “¿pero por qué en femenino?” (TS, parágrafo 12).*

Porén, e como se pode observar nas entrevistas, todas estas situacións son aproveitadas polas propias profesionais para traballar a cuestión de xénero e igualdade. Ademais, outras traballadoras destacan que ser muller non lles supuxo un tratamento diferenciado (SD), e nos casos de que puidera habelo, esta diferenciación ten máis que ver máis coa idade que co xénero (SD, PS). Algunha afirmou incluso que ser muller pode supoñer unha vantaxe á hora de intervir:

*Pienso que un hombre lo tendría más difícil algunas veces, porque tienen los roles muy marcados (...) no sé si podrían entablar esta relación profesional que tienen conmigo, de hablar sus cosas, de hablar cosas íntimas... no sé si en este caso me ayuda el ser mujer para algunas cosas. Porque creo que un hombre en algunas ocasiones podría tenerlo más difícil por ese rol tan marcado (AS, parágrafo 13).*

Así é todo, o descrito ata agora ofrécenos un contexto profundamente masculinizado, onde ademais machismo e patriarcado fan presenza non só na estrutura laboral e nas relacións profesionais, senón que tamén se deixan entrever na maneira de vestir. Desta maneira, cando se lles pregunta ás entrevistadas sobre a existencia dun **código de vestimenta** en prisión, todas admiten a súa existencia (PS, TS, FP, AS, SD), se ben afirman que existe

unha diferenciación entre o corpo de funcionariado e o resto de profesionais:

*La verdad que en el interior se usa uniforme. Nosotros no, pero el cuerpo de funcionarios si que usa uniforme, y el de las mujeres es con falda, para que te hagas una idea. Las que quieren, las que no no. Que casi ninguna la usa, ya van todas con su pantalón (PS, parágrafo 13).*

Porén, a pesar de que estas traballadoras non utilicen un uniforme, iso non evita que haxa un código de vestimenta oculto, onde se intenta ocultar certas partes do corpo por medo a ser obxecto de comentarios:

*En el tema de la vestimenta, pues seguro que tengo mas cuidado (...) a lo mejor sí que lo he visto más en otras personas (...) que hay que decirles que el código de vestimenta hay que cuidarlo, porque van a recibir algún tipo de comentario (AS, parágrafo 14).*

Estes comentarios parecen vir, sobre todo, por parte dos internos, debido seguramente ao propio contexto social penitenciario:

*Que además ahora mismo hay una separación, hombres por un lado y mujeres por el otro, entonces hay una mezcla (...) entre necesidades, formas de ser, maneras de gestionar las emociones, interpretaciones de la realidad... que son una bomba de relojería. Entonces, a ver..., yo evidentemente siempre voy a entrar con cazadora aunque sea verano y aunque no quiera ir tapada, las psicólogas van así y mis compañeras de trabajo también (TS, parágrafo 20).*

E, se ben é certo que estas implícitas normas de vestimenta veñen xustificadas polo ámbito laboral onde traballan (PS, AS, SD), existen casos nos que os propios compañeiros de traballo son quen indican o “inapropiado” da súa roupa, reproducindo de novo o discurso patriarcal de culpabilización da muller:

*Yo te puedo decir funcionarios que dijeron “pero estas de prácticas, no saben a dónde van, ¿como puede venir una jovencita de 19 años aquí con unas mallas marcando todo, hombre?”. Y nosotras les decimos que ellas pueden venir como les de la gana. Porque porque yo me ponga una minifalda no estoy diciendo “viólame” o “acósame”. Y a mí, un compañero me dijo una vez, (y eso que yo no soy de llevar escote, pero llevaba una cosita así en pico, es que no se me veía ni el canalillo), y me dijo: “¿vas a entrar así al módulo?” (TS, parágrafo 21).*

Por outra banda, e ademais da vestimenta, apréciase tamén o uso dunha **linguaxe sexista 1**, tanto por parte dos homes privados de liberdade (SD) como por parte dos propios compañeiros de traballo (TS).

En definitiva, as mulleres que deciden acceder a este ámbito laboral, convértense en vítimas de numerosas violencias que, sen seren estas físicas, improntan unha tóxica pegada nas súas vidas. Atopámonos con situacións onde existe claramente unha diferenza de trato en base ao xénero, tanto por parte dos profesionais como por parte dos usuarios:

*Sí que hemos vivido violencia de género en el trabajo. Y eso pasa porque te consideran inferior, te consideran follable o que tu valía depende del código de la talla de tu sujetador, y no te*

---

11 Con linguaxe aquí non nos referimos só aos comentarios machistas xa indicados anteriormente, senón que ten máis que ver coa utilización (ou non) dunha linguaxe inclusiva, que evite o masculino xenérico e a invisibilización da muller como suxeito.

*respetan o no te valoran como profesional, es así. Y eso pasa en todos los ámbitos y en todos los niveles, y si que se nota (TS, parágrafo 16).*

*También hubo desprecios continuos por parte de compañeros, que nos tratan como si fuésemos monitoras, incluso discriminación por parte de educadores. Para que veas que no hai diferencia entre internos y trabajadores (TS, parágrafo 26).*

*Eu creo que os privados de liberdade son máis respectuosos, pero por medo... ou sexa máis respectuosos non, son máis prudentes porque saben o que pode pasar e non porque realmente o teñan interiorizado. Un compañeiro de traballo non ten nada que perder (FP, parágrafo 12).*

### **4.3. Discriminacións das mulleres privadas de liberdade**

O patriarcado presente no ámbito penitenciario ten como vítimas ás mulleres que nel traballan, pero tamén a aquelas que compren condena. Así, e dende a perspectiva das profesionais (que refrendan os estudos recentes, e que permite contar ademais cunha mirada transversal dende as propias mulleres que con elas traballan), unha das primeiras diferenciacións entre homes e mulleres privadas de liberdade reside no seu perfil, tanto delituoso como social.

Así, atopámonos con que os **delitos** polos que estas mulleres entran en prisión soen ser menos violentos e relacionados co consumo, tráfico de drogas e prostitución, así como delitos económicos, como a estafa ou contra a propiedade; ademais nelas non se presentan delitos de violencia machista ou contra a liberdade sexual. Este perfil, que aparece recollido xa na Táboa 3, é corroborado polas entrevistadas (PS, TS, SD):

*Los delitos violentos normalmente están en la población masculina. Encontrar delitos violentos en mujeres es difícil. En la problemática de las adicciones es la misma, es decir, de acabar delinquiendo por ser adicto o adicta, pues se aparece en ellos y en ellas igual medida. Y bueno, luego hay un porcentaje muy grande de delitos económicos (de estafa, contra la propiedad...). Quizá la gran diferencia son los delitos violentos, que son mucho más ocasionales en mujeres. Y los delitos sexuales claro, también es poco habitual que encuentres... creo que no conocí ningún caso (habiendo abusos de menores por parte de madres), que se diese un delito de estas características en las mujeres (PS, parágrafo 20).*

Tal e como describían Jimenez Bautista, Yagüe Olmos (2017) e Juliano (2011) estes delitos parecen ser resultado de contextos de **exclusión e pobreza**, tese coa que tamén están de acordo as entrevistadas, se ben elas enfatizan tamén un elemento máis relacional, familiar e de xénero posto que son elas quen cargan co castigo: *La mayor parte de las mujeres que entran, sus delitos están relacionados con delitos que realizan sus parejas* (TS, parágrafo 29); *non hai grandes narcotraficantes, non hai ninguna grandísima narcotraficante, hai delincuentes pequenas vinculadas á delincuencia familiar* (FP, parágrafo 16).

Son polo tanto mulleres cunha situación previa de **consumo e desestruturación familiar**, onde se normalizan ademais os comportamentos delituosos e criminais (Melendro Estefanía, 2017; FP) e cuxos membros contan cun baixo nivel educativo e formativo (CELS, 2011; TS). Esta vulnerabilidade no contexto familiar, se ben é compartida tanto por homes como por mulleres privadas de liberdade, nelas incorren ademais outros factores, como o de ser vítimas de violencia machista e sexual (Fontanil Gómez et al., 2013; Igareda, 2006; AS; SD):

*A ver desestructuración familiar y adicciones, yo creo que por igual, el tema es que tienen un añadido las mujeres que no tienen los hombres, que es ser víctimas de violencia de género (PS, parágrafo 22).*

A elas úneselles ademais unha empeorada **saúde mental**, cunha maior presenza de trastornos do estado de ánimo e ansiosos (SD), nun contexto que non ten en conta as particularidades relacionadas co xénero (Turbi Pinazo e Llopis Llácer, 2017), e que ademais non soen estar diagnosticada (AS). Isto conforma unha realidade na que: *las mujeres en prisión ya llegan a un nivel de vulnerabilidad y de exclusión mayor* (AS, parágrafo 19). Vulnerabilidade á que se lle suma tamén o feito de ser minoría en prisión:

*Yo creo que vivir en minoría ya te hace vulnerable. Claro vivir en una minoría aplastante, además (...) es todo tan antinatural en el medio (...) ahora igual hay 50 internas en una cárcel de 1.100, para que tengas una idea, (...) viven en un medio en el que hay 1000 hombres, cumpliendo pena y trabajando. Entonces claro, eso ya te hace... no sé si es vulnerable o si es anormal. Es anómalo esa realidad, se crean unas conductas (...) que pueden acabar resultando problemáticas. Es todo muy artificial... Son un grupito muy reducido y a veces la forma de adaptarse acaba siendo muy complicada para ellas y para los que las rodean (PS, parágrafo 22).*

A pesar da concorrencia de tantas vulnerabilidades e experiencias violentas, as mulleres privadas de liberdade son moito **menos conflictivas e perigosas** que os homes (PS, FP), pero son sobrecastigadas a pesar disto (Agilar Conde, 2020), xa que a propia estrutura de prisión e a distribución do espazos tenden a perpetuar os poucos conflitos existentes:

*La conflictividad pues... medirla dentro de prisión resulta complicado, porque al estar tan limitadas a un único módulo, el conflicto se perpetúa. Con hombres no nos pasa esto, porque aparece el conflicto y los separamos (...) Con ellas muchas veces se perpetúa el conflicto en el módulo, eso genera más tensión, peor ambiente (PS, parágrafo 23).*

*Imagínate que se pelean con una compañera; en el momento de la pelea las aislarán, pero después tienen que volver al módulo, tienen que volver a compartir con esa persona que la amenazó, que la agredió... Cuando los hombres tienen derecho a que se los cambie de módulo sin problema (TS, parágrafo 24).*

Esta **falta de espacio** está presente no número de módulos e prisións existentes para mulleres e homes, xa que, por exemplo en Texeiro, de 14 módulos só 1 é de mulleres (TS). Isto non repercute só na perpetuación dos conflitos, senón que tamén axuda a crear un contexto de discriminación dentro da propia prisión. Así, as mulleres privadas de liberdade, entran nunha estrutura onde os módulos aos que poden acceder son moito menores en número (FP, PS), o que se traduce nunha realidade na que conviven preventivas con penadas, feito que repercute tamén á hora de levar a cabo programas e actividades e que as excluía ata non fai moito, de iniciativas como as dos módulos de respecto:

*Ellos pueden elegir entre una serie de módulos que están clasificados dependiendo de la situación en la que lleguen. Mujeres, hasta hace muy muy poco, había solo uno, e iban, estuviesen mejor o peor, no había distinción de delitos, no había distinción de programas de los que ofertaba prisión; la única opción que tenían era primera planta conviviente, segunda no conviviente. Pero al final estaban todas juntas, entonces poco*

*puedes trabajar, no puedes trabajar de la misma manera ni mucho menos (AS, párrafo 5).*

*Los primeros grados de mujeres se cumplen en el propio módulo de mujeres, aislándolas en una celda (PS, párrafo 24).*

E, se ben é certo que actualmente o módulo de mulleres neste centro xa é de respecto, as condición nas que elas conviven non son nin de lonxe as mesmas cas dos homes:

*El módulo de mujeres ahora mismo es de respeto, pero tiene dos niveles (...). Qué pasa, que las de nivel 3 viven en una planta, las del 2 tienen otra, y las del 1 están todas juntas (las preventivas, las parteadas... todas). Entonces es bastante complicado hacer programas (TS, párrafo 24).*

Existen, ademais, outro tipo de módulos específicos como son a Unidade Terapéutica e o módulo de enfermidades mentais. Neles é aínda máis palpable a discriminación, posto que, se ben a UTE é mixta, a súa propia especificade (só poden acceder aquelas persoas que desexen abandonar as súas adiccións) provoca que non a tódalas mulleres lles interese ou poidan entrar (PS). Ademais, no caso do módulo de enfermidades mentais, só poden acceder os homes, o que empeora a xa depauperada saúde mental das mulleres en prisión, ao non ter acceso nin a internos de apoio, nin a programas, nin actividades específicas, nin tan sequera a unha posible diagnose (AS). Isto conleva tamén unha menor participación das mulleres en aqueles programas mixtos relacionados coa saúde mental:

*Aquí tenemos un programa, el programa PAIEM, que está todo el protocolo y todo el programa montado para que vengan aquí al CIS, y el acceso de las mujeres es mínimo. De hecho*

*yo no conozco una que haya venido con este programa (AS, párrafo 20)*

Ademais dos módulos, os centros penitenciarios están conformados por outros espazos (enfermaría, salón de actos, polideportivo, escola e campo de fútbol, entre outros) que aínda que son de carácter mixto (PS), o seu acceso está organizado por módulos, o que provoca por unha banda que o número de horas que as mulleres teñen dispoñible o seu uso é moito menor (precisamente polo baixo número de módulos de mulleres), ademais de que nin homes nin mulleres privados de liberdade soen coincidir nestes espazos (TS). Así mesmo, o feito de que existan espazos mixtos aos que cada vez máis mulleres poden acceder, non se está reflexando no número real de internas que fan uso deles:

*Se crea el CIS que es mixto, (...) un sitio en el que aparentemente no hay discriminación (...) y abres un gimnasio que puede acceder todo el mundo, ¿crees que las mujeres acceden al gimnasio? ¿por qué? (...) lo que falta es un trabajo previo. Los espacios los tienen (AS, párrafo 21).*

Como se pode observar, os espazos relacionados co deporte son os máis sensibles a esta realidade, posto que incluso a día de hoxe seguen a ser contextos profundamente masculinizados, como ocorre no conxunto da sociedade

*Se hizo hace nada un equipo de fútbol aquí, para que pudiesen salir, porque salen y juegan partidos con otros equipos, porque está federado; y a las mujeres no se les dio esa opción... Ni otra, porque tampoco nadie se plantea que se pueda proponer jugar al bádminton, siempre va a ser fútbol (AS, párrafo 21).*

*Los hombres al hacer fútbol tienen acceso al mejor espacio, que es un campo de fútbol muy grande, con hierba y tal... Y las mujeres yo solo recuerdo (...) que les pusieron a jugar al volleyball donde es “la isla”, que es un espacio más pequeño y que está destinado a otras cosas (AS, parágrafo 22)*

Outro dos ámbitos onde estas discriminacións se intensifican, é o **laboral**. Así, atopámonos con que, ata non fai tantos anos, os únicos postos aos que as mulleres podían acceder dentro de prisión, eran aqueles relacionados coa limpeza que, ademais de seren feminizados, contan cunha menor remuneración

*Eres consciente de que todas querían trabajar y solo teníamos como 6 puestos de trabajo para ofrecerles en toda la cárcel, porque no trabajaban ni en la cocina de la prisión (que es lo que ofrece más puestos de trabajo), ni en los talleres. Entonces, tienen este deseo, tienen las mismas ganas de trabajar que ellos, y tenemos un número limitadísimo de puestos de trabajo. Y encima que estaban orientados para la limpieza de espacios. Sientes esa discriminación total (PS, parágrafo 17).*

*Hasta hace poco había una diferenciación en el trabajo por sexos (...), los trabajos de lavandería y de limpieza los hacían las mujeres presas. Y los trabajos más remunerados como pueden ser los de cocina, o grafoplas, o de cuero, los hacían hombres. Y aún encima, esos trabajos, como en la calle, más feminizados y peor pagados (TS, parágrafo 29).*

*Antes os postos produtivos en talleres ou coziña eran de homes, e agora comezan elas, como anécdota, 2 mulleres nun grupo de 30 homes (FP, parágrafo 15).*

Esta exclusión do mercado laboral penitenciario non só repercute a nivel económico, senón que tamén dificulta a súa reinserción social posterior (AS).

Por outra banda, e en canto aos **programas e actividades** ofertadas, as entrevistadas coinciden na ampla variedade dos mesmos e na especificidade de moitas das actividades realizadas para as mulleres privadas de liberdade (PS, AS, SD). Porén, entre os programas específicos para elas só se atopa Ser Mujer (Secretaría General de Instituciones Penitenciarias, 2019) que traballa sobre todo *la prevención, (...) la autoestima, el empoderamiento, las relaciones de pareja* (TS, parágrafo 19)

*Y es sólo para ellas, con una serie de contenidos adaptados. Por ejemplo, se hace un módulo de prevención de la violencia de género, se entrenan en habilidades sociales (pero que esto lo hacemos también con internos). Son como varias unidades independientes; se desarrolla en un año y la adherencia fue buena, fue positiva (PS, parágrafo 25).*

Os homes tamén contan con programas só para eles, debido precisamente á caracterización do seu perfil, xa que certos delitos non son cometidos por mulleres

*Aunque claro, en violencia de género sólo tenemos hombres, en agresores sexuales sólo tenemos hombres, y en el programa que tenemos de comportamientos violentos que yo sepa no ha habido casos de mujeres que hayan participado (PS, parágrafo 25).*

*Y bueno como tenemos las plazas limitadas no todo el mundo puede acceder, pues priorizamos a los que tengan delitos de violencia de género, agresores sexuales... Y educación afectivo*

*sexual también, porque si que detectamos, pues, una forma de relacionarse que a mí me preocupa (TS, parágrafo 9).*

Aquí ocorre precisamente o mesmo que tiña lugar co acceso aos espazos en base aos módulos: o número de programas dirixidos para as mulleres é moito menor, precisamente porque as internas son minoría en prisión (TS).

Existe ademais, un acceso diferenciado das mulleres ás actividades formativas, que parece ter a súa orixe no rol de nai e coidadora que o sistema patriarcal lles impón:

*Y ahora estamos empezando a trabajar con Érguete, que trabaja en el tema de inserción sociolaboral y ofrece el curso de geriatría (de auxiliar de geriatría) y es sólo para mujeres porque está subvencionado sólo para ellas. Además es la oferta lo que hace que sea solo para mujeres (PS, parágrafo 25).*

*Nosotros usamos la formación también para tratar muchísimas cosas transversales. ¿Qué pasa?, que siempre piden ellas (...) la formación que quieren y se quedaba un poco anclado en ayuda a domicilio, auxiliar de geriatría (...) ellas no acceden como el resto de las personas de prisión a formación (AS, parágrafo 17).*

*Elas tamén teñen actividades... moito máis ocupacionais que produtivas realmente (FP, parágrafo 20).*

Pola contra, as actividades e programas específicos para mulleres que se levan a cabo dende asociacións externas, parecen ser máis numerosas, respondendo a necesidades detectadas na poboación penitenciaria feminina:

*Tenemos varios programas específicos de mujeres. El más específico es el programa Eva (...) con la Secretaría Xeral de Igualdade, y es una atención a mujeres privadas de libertad con itinerarios de inserción (...). Y ahora en junio vamos a dar un curso específico para mujeres de pinche en comedores (...) porque también yo creo que es una fórmula de inclusión (...) Y lo que le hemos pedido a prisión es que las metan en la bolsa de empleo y que tengan prioridad por tener un curso específico (...) Yo creo que desde inicios siempre hubo programas específicos para mujeres. Desde el inicio de la Fundación, o desde que entró la Fundación en prisión, siempre se diseñaron (financiados o no) pequeños programas para mujeres dentro de las posibilidades que había. Porque nos dábamos cuenta de la situación en la que estaban y es un colectivo muy vulnerable (AS, parágrafo 17).*

Tamén se recollen unha serie de programas e actividades nos que se destaca o seu carácter mixto e acceso igualitario, como poden ser os cursos formativos e talleres de competencias, entre outros (PS). Esta oferta mixta ven dada pola introdución das mulleres privadas de liberdade a actividades concretas do módulo 1 (módulo de respecto), como resposta á falta de recursos

*Y luego están las actividades que se hacen en el 1 que se hicieron mixtas también y habilidades en competencias sociales personales, escuela de padres, informática, Que bueno, las mujeres no viven en el módulo pero van allí. (PS, parágrafo 25).*

*Ahora por ejemplo estamos haciendo competencias clave, que es una alternativa a la ESO, para que puedan hacer cursos formativos que tengan una salida laboral y también es mixto (PS, parágrafo 26).*

*Las mujeres también comparten la escuela y los cursos que ofrece el centro penitenciario, pueden acudir hombres y mujeres (TS, parágrafo 25).*

*Y precisamente en estos talleres ellas se quejaban de que no tenían igualdad de condiciones, que por qué ellas no podían acceder al módulo. Y yo esto lo trasladé a mi coordinador y le insistí en esto (TS, parágrafo 28).*

Parecen existir ademais, certos desacordos sobre a igualación de acceso a certas actividades formativas, como pode ser a escola; xa que por unha banda se afirma que *á escola si que poden ir sen ningún tipo de problema, a escola si que é sagrada* (FP, parágrafo 19), mentres que por outra indícase que *hay muchísimas mujeres que no van a la escuela en la prisión que podrían ir* (AS, parágrafo 21).

Esta aparente contradición ten unha razón de ser: non existe unha verdadeira inclusión das mulleres privadas de liberdade nos programas e intervencións ofertadas, xa que aquí (ao igual que nos espazos físicos), tamén existe unha diferenza entre o acceso posible e o acceso real. Isto débese principalmente a dous factores: á propia estrutura penitenciaria, onde os espazos (como xa se indicou) son insuficientes, e unha falta de traballo previo que teña como obxectivo contrarrestar a reprodución dos roles de limpeza e coidado:

*Ya está todo dicho cuando no pueden acceder a todos los programas. Después si no tratas todo el tema de roles (...) es la excusa de “yo claro, les dejo ir al curso pero no quieren salir del módulo”. A lo mejor falta un trabajo previo importante (...) Hay tres puestos remunerados y normalmente cogen el de lavandería que es el no remunerado (AS, parágrafo 21).*

*Al final sin quererlo tú discriminas, ahora tenemos un programa súper chulo que están haciendo cositas para los coles, y las mujeres no van a acceder, pero por la propia estructura de prisión. Este año no había ninguna mujer porque era el módulo de personas con enfermedad mental. Me refiero, que tú misma, por la estructura de prisión, tienes que discriminar (AS, parágrafo 24).*

Polo tanto, cómpre recordar que as propias persoas que traballan en prisión *crean el continente pero no el contenido* (AS, parágrafo 21): continente, posto que cada vez existe máis espazo para as mulleres privadas de liberdade, e contido porque falta un traballo previo que as anime a participar nas accións xa deseñadas para elas. Debe terse presente, que nos espazos físicos e de intervención as mulleres privadas de liberdade son excluídas e discriminadas. Segue ademais reproducíndose nelas o **rol de coidadora**, cando un dos poucos espazos específicos para elas é o das Unidades Externas de Nais (TS), onde, se ben se dá resposta a unha necesidade real, segue presente un discurso machista e patriarcal, xa que se entende que os fillos e fillas son responsabilidade única das mulleres:

*También habría que hablar un poco (...) de las madres en prisión, porque todas son madres, ahora se van a Madrid con sus hijos; pero de los padres nunca se sabe, nunca hay un problema con los padres. En prisión, los hijos los tienen las mujeres, la vinculación del padre no se trabaja en absoluto. De hecho, se fomenta ahora mismo la no vinculación, porque (...) se va la madre. Yo no sé si se traslada siquiera...*

*si se plantea trasladar al padre. Y desde luego, un horario de visitas... vaya, yo no he oído hablar de él, a lo mejor puede pasar pero no está dentro del protocolo (AS, parágrafo 19).*

Por outra banda, e a pesar destes aspectos negativos, cómpre salientar a boa **motivación e participación** das mulleres privadas de liberdade nos programas e actividades recollidas, que se valora por parte das profesionais entrevistadas, como similar aos homes (PS), ou incluso mellor que á que eles presentan (SD):

*Ellas están más dispuestas a recibir ayuda, son más agradecidas, valoran más el hecho de que tú les prestes más ayuda... No sé si es por el hecho de ser mujer o porque ellas se encuentran de alguna manera separadas (TS, parágrafo 29).*

Porén, estes aspectos positivos contan con luces e sombras, xa que existe unha diferenciación de xénero en canto á participación, que ten que ver tamén co tipo de relación que entre elas establecen, sendo estás máis próximas, e polo tanto, máis dependentes as unhas das outras, tamén para a asistir ás actividades

*Tenemos unas poquitas porque bueno, a ellas les cuesta, se cuidan mucho más entre ellas, tienen una relación como más familiar; ellos son como más individualistas, cada uno mira más por lo suyo... Entonces, no va la una si no va la otra... y estás a la expectativa de que si viene una igual vienen cinco (TS, parágrafo 28).*

Ademais, en moitos casos, a motivación vese influída polo propio contexto de exclusión en prisión, que se traduce nun maior abandono das actividades, precisamente porque as propias profesionais non son conscientes desta realidade discriminatória:

*Es que todo es un círculo vicioso, porque después dicen que las mujeres no aguantan en las actividades, las mujeres no son constantes... y se habla de LAS mujeres, no se habla de que están encerradas todas en un mismo módulo. No es lo*

